



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 350
18 de marzo de 2026

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 53301 (12/MOC-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 20348, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.) [194733](#)

■ 53302 (12/MOC-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 51159, publicada no BOPG núm. 341f1, do 26 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.) [194737](#)

■ 53434 (12/MOC-000112)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 44628, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.) [194740](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 53202 - 53204 (12/PNP-003525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe trasladar ao Goberno central relacionadas co impacto no sector pesqueiro e nas súas actividades complementarias producido polo incremento dos custos enerxéticos asociado ao conflito de Oriente Medio [194744](#)

■ A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 53204. [194749](#)



I 53218 (12/PNP-003556)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 18 máis**

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o impacto no sector primario galego do incremento dos custos enerxéticos derivado do conflito que se está a producir en Oriente Medio

[194755](#)**I 53309 (12/PNP-003531)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 14 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a máxima transparencia no procedemento de revisión da normativa en materia de costas e xestión do litoral

[194761](#)**I 53417 (12/PNP-003541)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa da transferencia do Pazo de Meirás a Galicia e da garantía dos usos relacionados coa memoria histórica democrática

[194768](#)**I 53420 (12/PNP-003542)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 14 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que aprobe un plan extraordinario de apoio ao sector do transporte ante a suba dos custos enerxéticos provocada pola guerra en Irán

[194773](#)**Admisión a trámite e publicación****I 52795 (12/PNP-003502)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os puntos do 061 da Costa da Morte e de Bergantiños de ambulancias de soporte vital avanzado

[194777](#)**I 52906 (12/PNP-003503)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar a formación e a oferta formativa en lingua galega para obter os certificados Celga

[194781](#)**I 52911 (12/PNP-003504)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego para estimular o sector da mazá na Estrada

[194788](#)

I 52932 (12/PNP-003505)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero na planificación e aplicación das políticas sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia

[194793](#)**I 52947 (12/PNP-003506)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Suárez Fernández, Iago**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da apertura dun diálogo institucional co obxectivo de definir o alcance do proxecto do Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra

[194799](#)**I 52959 (12/PNP-003507)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a demanda ao Goberno galego dos informes técnicos que avalaron os cambios da Lei de patrimonio cultural de Galicia realizados a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

[194803](#)**I 52972 (12/PNP-003508)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación co proxecto de Altri, actualmente paralizado, e coa garantía da protección ambiental da zona afectada

[194807](#)**I 53054 (12/PNP-003513)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**

Sobre a demanda que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central referida á exención dos pagos das mariscadoras á Seguridade Social durante as suspensións temporais da actividade ordenadas por resolucións da Consellería do Mar

[194812](#)**I 53060 (12/PNP-003514)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central respecto da negociación da cota de sardiña entre España e Portugal para 2027

[194816](#)**I 53095 (12/PNP-003515)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha orientación da estratexia industrial galega cara aos sectores civís, aos sectores sustentables e de valor social e non ao sector da defensa

[194821](#)**I 53118 (12/PNP-003516)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de reforzar a política de protección do monte fronte aos incendios forestais [194826](#)

I 53124 (12/PNP-003517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre as medidas que o Goberno galego debe desenvolver no referido ao impulso da innovación empresarial [194833](#)

I 53131 (12/PNP-003518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o proceso de implantación dos proxectos de enerxía eólica mariña [194838](#)

I 53152 (12/PNP-003519)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore ao Proxecto de Interese Autonómico das Raposeiras, en Marín, unha parcela que posibilite construír unha futura residencia pública de maiores [194842](#)

I 53169 (12/PNP-003520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a demanda da defensa ante as institucións comunitarias do establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún para o período 2027-2029 [194847](#)

I 53174 (12/PNP-003521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co fin de amortecer o impacto da suba de prezos do combustible, dos fertilizantes e dos alimentos no sector agrogandeiro galego [194851](#)

I 53178 (12/PNP-003522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que adquira o mapa de Galicia de Domingo Fontán, actualmente ofertado nunha poxa pública [194855](#)

I 53184 (12/PNP-003523)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre determinadas accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de amortecer o impacto da suba dos carburantes no sector do transporte de mercadorías galego [194859](#)



I 53192 (12/PNP-003524)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relativas á transferencia de competencias en materia de seguridade de encoros e á localización dos centros de control das centrais hidroeléctricas

[194863](#)**I 53242 (12/PNP-003527)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo no río Ventoso á altura de Pardosa, en Forcarei, para reparar os danos ocasionados polos traballos de limpeza realizados no seu leito

[194870](#)**I 53270 (12/PNP-003528)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa transposición da normativa europea referida ao réxime especial de franquía do IVE para pequenas empresas e autónomos

[194875](#)**I 53300 (12/PNP-003529)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que incrementen os recursos humanos da oficina do INSS de Betanzos para mellorar a súa atención presencial e de proximidade

[194880](#)**I 53305 (12/PNP-003530)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co obxectivo de conseguir mellorar a calidade da subministración eléctrica no concello de Ordes

[194884](#)**I 53310 (12/PNP-003532)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a información que debe elaborar e remitir a Xunta de Galicia respecto do funcionamento actual dos denominados «espazos xoves», ou «casas da xuventude» dependentes da Dirección Xeral de Xuventude

[194891](#)**I 53317 (12/PNP-003533)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego en relación co funcionamento da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS

[194895](#)

I 53319 (12/PNP-003534)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación co nivel de recursos da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS e coa organización dos seus tratamentos [194900](#)

I 53339 (12/PNP-003535)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a dimensión que puiden acadar o impacto do conflito de Oriente Medio na economía galega [194905](#)

I 53357 (12/PNP-003536)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego con respecto ao servizo de atención pediátrica do Centro de Saúde das Pontes [194910](#)

I 53366 (12/PNP-003537)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que recupere o proxecto da autovía VG-47 co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o porto de Vilagarcía e a AP-9 [194914](#)

I 53371 (12/PNP-003538)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación co estado e o funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo [194918](#)

I 53383 (12/PNP-003539)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de desenvolver e fortalecer o sector hortícola de Galicia [194923](#)

I 53405 (12/PNP-003540)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de prestar unha atención integral, multidisciplinaria e de calidade ás persoas que padecen a enfermidade de Huntington [194929](#)

1.3.6.2. Propositions non de lei en Comisión**1.3.6.2.1. Propositions presentadas****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a Comisión e publicación****I 53209 (12/PNC-004191)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe trasladar ao Goberno central relacionadas co impacto no sector pesqueiro e nas súas actividades complementarias producido polo incremento dos custos enerxéticos asociado ao conflito de Oriente Medio

[194935](#)**I 53237 (12/PNC-004192)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o impacto no sector primario galego do incremento dos custos enerxéticos derivado do conflito que se está a producir en Oriente Medio

[194940](#)**I 53316 (12/PNC-004198)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a máxima transparencia no procedemento de revisión da normativa en materia de costas e xestión do litoral

[194945](#)**I 53375 (12/PNC-004204)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 5 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación co estado e o funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo

[194952](#)**I 53416 (12/PNC-004207)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa da transferencia do Pazo de Meirás a Galicia e da garantía dos usos relacionados coa memoria histórica democrática

[194957](#)**I 53422 (12/PNC-004208)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que aprobe un plan extraordinario de apoio ao sector do transporte ante a suba dos custos enerxéticos provocada pola guerra en Irán

[194962](#)**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 52794 (12/PNC-004163)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os puntos do 061 da Costa da Morte e de Bergantiños de ambulancias de soporte vital avanzado

[194966](#)**I 52905 (12/PNC-004164)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis



Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar a formación e a oferta formativa en lingua galega para obter os certificados Celga [194970](#)

I 52910 (12/PNC-004165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego para estimular o sector da mazá na Estrada [194977](#)

I 52931 (12/PNC-004166)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero na planificación e aplicación das políticas sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia [194982](#)

I 52936 (12/PNC-004167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que teña en conta as demandas da comunidade educativa do CEIP San Vincenzo, de Vimianzo, relativas ás melloras infraestruturais do centro [194987](#)

I 52948 (12/PNC-004168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Suárez Fernández, Iago

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da apertura dun diálogo institucional co obxectivo de definir o alcance do proxecto do Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra [194991](#)

I 52958 (12/PNC-004169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego dos informes técnicos que avalaron os cambios da Lei de patrimonio cultural de Galicia realizados a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025 [194995](#)

I 52973 (12/PNC-004170)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación co proxecto de Altri, actualmente paralizado, e coa garantía da protección ambiental da zona afectada [194999](#)

I 52981 (12/PNC-004171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar adiante para reforzar a seguridade peonil nos treitos da estrada PO-552 que transcorren por Mougás e Pedornes, no concello de Oia [195004](#)



I 53039 (12/PNC-004174)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha rectificación na súa política sanitaria para diminuír o número de concertos con entidades sanitarias privadas e aumentar a capacidade resolutiva do sistema público

[195009](#)**I 53049 (12/PNC-004176)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción das medidas pertinentes para determinar a autoría e as responsabilidades da alteración dunha pintada histórica da fachada do mosteiro de San Salvador de Celanova

[195013](#)**I 53053 (12/PNC-004177)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**

Sobre a demanda que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central referida á exención dos pagos das mariscadoras á Seguridade Social durante as suspensións temporais da actividade ordenadas por resolucións da Consellería do Mar

[195017](#)**I 53059 (12/PNC-004178)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central respecto da negociación da cota de sardiña entre España e Portugal para 2027

[195021](#)**I 53096 (12/PNC-004179)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha orientación da estratexia industrial galega cara aos sectores civís, aos sectores sustentables e de valor social e non ao sector da defensa

[195026](#)**I 53119 (12/PNC-004180)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de reforzar a política de protección do monte fronte aos incendios forestais

[195031](#)**I 53125 (12/PNC-004181)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe desenvolver no referido ao impulso da innovación empresarial

[195038](#)**I 53132 (12/PNC-004182)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o proceso de implantación dos proxectos de enerxía eólica mariña [195043](#)

I 53137 (12/PNC-004183)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre diversas demandas dirixidas á Xunta de Galicia co obxecto de que garanta a equiparación das infraestruturas hospitalarias da provincia de Ourense coas do resto da comunidade [195047](#)

I 53151 (12/PNC-004184)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore ao Proxecto de Interese Autonómico das Raposeiras, en Marín, unha parcela que posibilita construír unha futura residencia pública de maiores [195051](#)

I 53170 (12/PNC-004185)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a demanda da defensa ante as institucións comunitarias do establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún para o período 2027-2029 [195056](#)

I 53172 (12/PNC-004186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co fin de amortecer o impacto da suba de prezos do combustible, dos fertilizantes e dos alimentos no sector agrogandeiro galego [195060](#)

I 53177 (12/PNC-004187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que adquira o mapa de Galicia de Domingo Fontán, actualmente ofertado nunha poxa pública [195064](#)

I 53183 (12/PNC-004188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre determinadas accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de amortecer o impacto da suba dos carburantes no sector do transporte de mercadorías galego [195068](#)

I 53195 (12/PNC-004189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relativas á transferencia de competencias en materia de seguridade de encoros e á localización dos centros de control das centrais hidroeléctricas [195072](#)



I 53205 (12/PNC-004190)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que leve a cabo traballos de conservación nas ruínas do castelo de Corbeiroa, en Sada, e posibilite o acceso a este ben patrimonial [195079](#)

I 53241 (12/PNC-004193)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo no río Ventoso á altura de Pardesoa, en Forcarei, para reparar os danos ocasionados polos traballos de limpeza realizados no seu leito [195083](#)

I 53269 (12/PNC-004194)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa transposición da normativa europea referida ao réxime especial de franquía do IVE para pequenas empresas e autónomos [195088](#)

I 53303 (12/PNC-004195)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que incrementen os recursos humanos da oficina do INSS de Betanzos para mellorar a súa atención presencial e de proximidade [195094](#)

I 53304 (12/PNC-004196)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co obxectivo de conseguir mellorar a calidade da subministración eléctrica no concello de Ordes [195098](#)

I 53311 (12/PNC-004197)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a información que debe elaborar e remitir a Xunta de Galicia respecto do funcionamento actual dos denominados «espazos xoves», ou «casas da xuventude», dependentes da Dirección Xeral de Xuventude [195105](#)

I 53318 (12/PNC-004199)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego en relación co funcionamento da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS [195109](#)

I 53320 (12/PNC-004200)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación co nivel de recursos da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS e coa organización dos seus tratamentos [195114](#)

I 53340 (12/PNC-004201)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a dimensión que puiden acadar o impacto do conflito de Oriente Medio na economía galega [195119](#)

I 53358 (12/PNC-004202)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego con respecto ao servizo de atención pediátrica do Centro de Saúde das Pontes [195124](#)

I 53364 (12/PNC-004203)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que recupere o proxecto da autovía VG-47 co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o porto de Vilagarcía e a AP-9 [195128](#)

I 53384 (12/PNC-004205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 máis

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de desenvolver e fortalecer o sector hortícola de Galicia [195132](#)

I 53408 (12/PNC-004206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de prestar unha atención integral, multidisciplinaria e de calidade ás persoas que padecen a enfermidade de Huntington [195138](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 53488 (12/CPP-000091)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que vai impulsar o seu goberno ante o impacto económico en Galicia e nas maiorías sociais derivado da guerra de EE UU en Irán [195144](#)



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**I 53490 (12/CPP-000092)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a modernización do modelo de Formación Profesional de Galicia [195147](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de marzo de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 53301 (12/MOC-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 20348, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

- 53302 (12/MOC-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 51159, publicada no BOPG núm. 341f1, do 26 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

- 53434 (12/MOC-000112)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 44628, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 53202 - 53204 (12/PNP-003525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe trasladar ao Goberno central relacionadas co impacto no sector pesqueiro e nas súas actividades complementarias producido polo incremento dos custos enerxéticos asociado ao conflito de Oriente Medio

A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 53204.



- 53218 (12/PNP-003526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 18 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o impacto no sector primario galego do incremento dos custos enerxéticos derivado do conflito que se está a producir en Oriente Medio

- 53309 (12/PNP-003531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a máxima transparencia no procedemento de revisión da normativa en materia de costas e xestión do litoral

- 53417 (12/PNP-003541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa da transferencia do Pazo de Meirás a Galicia e da garantía dos usos relacionados coa memoria histórica democrática

- 53420 (12/PNP-003542)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que aprobe un plan extraordinario de apoio ao sector do transporte ante a suba dos custos enerxéticos provocada pola guerra en Irán

Admisión a trámite e publicación

- 52795 (12/PNP-003502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os puntos do 061 da Costa da Morte e de Bergantiños de ambulancias de soporte vital avanzado

- 52906 (12/PNP-003503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar a formación e a oferta formativa en lingua galega para obter os certificados Celga

- 52911 (12/PNP-003504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego para estimular o sector da mazá na Estrada



- 52932 (12/PNP-003505)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero na planificación e aplicación das políticas sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia

- 52947 (12/PNP-003506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Suárez Fernández, Iago

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da apertura dun diálogo institucional co obxectivo de definir o alcance do proxecto do Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra

- 52959 (12/PNP-003507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego dos informes técnicos que avalaron os cambios da Lei de patrimonio cultural de Galicia realizados a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

- 52972 (12/PNP-003508)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación co proxecto de Altri, actualmente paralizado, e coa garantía da protección ambiental da zona afectada

- 53054 (12/PNP-003513)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis

Sobre a demanda que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central referida á exención dos pagos das mariscadoras á Seguridade Social durante as suspensións temporais da actividade ordenadas por resolucións da Consellería do Mar

- 53060 (12/PNP-003514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central respecto da negociación da cota de sardiña entre España e Portugal para 2027

- 53095 (12/PNP-003515)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha orientación da estratexia industrial galega cara aos sectores civís, aos sectores sustentables e de valor social e non ao sector da defensa

- 53118 (12/PNP-003516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de reforzar a política de protección do monte fronte aos incendios forestais

- 53124 (12/PNP-003517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que o Goberno galego debe desenvolver no referido ao impulso da innovación empresarial

- 53131 (12/PNP-003518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o proceso de implantación dos proxectos de enerxía eólica mariña

- 53152 (12/PNP-003519)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore ao Proxecto de Interese Autonómico das Raposeiras, en Marín, unha parcela que posibilite construír unha futura residencia pública de maiores

- 53169 (12/PNP-003520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a demanda da defensa ante as institucións comunitarias do establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún para o período 2027-2029

- 53174 (12/PNP-003521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co fin de amortecer o impacto da suba de prezos do combustible, dos fertilizantes e dos alimentos no sector agrogandeiro galego

- 53178 (12/PNP-003522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que adquira o mapa de Galicia de Domingo Fontán, actualmente ofertado nunha poxa pública

- 53184 (12/PNP-003523)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre determinadas accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de amortecer o impacto da suba dos carburantes no sector do transporte de mercadorías galego



- 53192 (12/PNP-003524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relativas á transferencia de competencias en materia de seguridade de encoros e á localización dos centros de control das centrais hidroeléctricas

- 53242 (12/PNP-003527)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo no río Ventoso á altura de Pardosa, en Forcarei, para reparar os danos ocasionados polos traballos de limpeza realizados no seu leito

- 53270 (12/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa transposición da normativa europea referida ao réxime especial de franquía do IVE para pequenas empresas e autónomos

- 53300 (12/PNP-003529)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que incrementen os recursos humanos da oficina do INSS de Betanzos para mellorar a súa atención presencial e de proximidade

- 53305 (12/PNP-003530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co obxectivo de conseguir mellorar a calidade da subministración eléctrica no concello de Ordes

- 53310 (12/PNP-003532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre a información que debe elaborar e remitir a Xunta de Galicia respecto do funcionamento actual dos denominados «espazos xoves», ou «casas da xuventude» dependentes da Dirección Xeral de Xuventude

- 53317 (12/PNP-003533)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego en relación co funcionamento da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS



- 53319 (12/PNP-003534)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación co nivel de recursos da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS e coa organización dos seus tratamentos

- 53339 (12/PNP-003535)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a dimensión que puiden acadar o impacto do conflito de Oriente Medio na economía galega

- 53357 (12/PNP-003536)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego con respecto ao servizo de atención pediátrica do Centro de Saúde das Pontes

- 53366 (12/PNP-003537)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que recupere o proxecto da autovía VG-47 co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o porto de Vilagarcía e a AP-9

- 53371 (12/PNP-003538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación co estado e o funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo

- 53383 (12/PNP-003539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 máis

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de desenvolver e fortalecer o sector hortícola de Galicia

- 53405 (12/PNP-003540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de prestar unha atención integral, multidisciplinaria e de calidade ás persoas que padecen a enfermidade de Huntington

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a Comisión e publicación

- 53209 (12/PNC-004191)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe trasladar ao Goberno central relacionadas co impacto no sector pesqueiro e nas súas actividades complementarias producido polo incremento dos custos enerxéticos asociado ao conflito de Oriente Medio

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 53237 (12/PNC-004192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o impacto no sector primario galego do incremento dos custos enerxéticos derivado do conflito que se está a producir en Oriente Medio

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 53316 (12/PNC-004198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a máxima transparencia no procedemento de revisión da normativa en materia de costas e xestión do litoral

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53375 (12/PNC-004204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 5 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación co estado e o funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53416 (12/PNC-004207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa da transferencia do Pazo de Meirás a Galicia e da garantía dos usos relacionados coa memoria histórica democrática

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53422 (12/PNC-004208)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que aprobe un plan extraordinario de apoio ao sector do transporte ante a suba dos custos enerxéticos provocada pola guerra en Irán

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 52794 (12/PNC-004163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os puntos do 061 da Costa da Morte e de Bergantiños de ambulancias de soporte vital avanzado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 52905 (12/PNC-004164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar co obxectivo de mellorar a formación e a oferta formativa en lingua galega para obter os certificados Celga

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52910 (12/PNC-004165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego para estimular o sector da mazá na Estrada

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 52931 (12/PNC-004166)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero na planificación e aplicación das políticas sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 52936 (12/PNC-004167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que teña en conta as demandas da comunidade educativa do CEIP San Vincenzo, de Vimianzo, relativas ás melloras infraestruturais do centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52948 (12/PNC-004168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Suárez Fernández, Iago

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da apertura dun diálogo institucional co obxectivo de definir o alcance do proxecto do Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 52958 (12/PNC-004169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego dos informes técnicos que avalaron os cambios da Lei de patrimonio cultural de Galicia realizados a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 52973 (12/PNC-004170)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación co proxecto de Altri, actualmente paralizado, e coa garantía da protección ambiental da zona afectada

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 52981 (12/PNC-004171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar adiante para reforzar a seguridade peonil nos treitos da estrada PO-552 que transcorren por Mougás e Pedornes, no concello de Oia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53039 (12/PNC-004174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha rectificación na súa política sanitaria para diminuír o número de concertos con entidades sanitarias privadas e aumentar a capacidade resolutiva do sistema público

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53049 (12/PNC-004176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción das medidas pertinentes para determinar a autoría e as responsabilidades da alteración dunha pintada histórica da fachada do mosteiro de San Salvador de Celanova

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53053 (12/PNC-004177)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis

Sobre a demanda que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central referida á exención dos pagos das mariscadoras á Seguridade Social durante as suspensións temporais da actividade ordenadas por resolucións da Consellería do Mar

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 53059 (12/PNC-004178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central respecto da negociación da cota de sardiña entre España e Portugal para 2027

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 53096 (12/PNC-004179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha orientación da estratexia industrial galega cara aos sectores civís, aos sectores sustentables e de valor social e non ao sector da defensa
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53119 (12/PNC-004180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de reforzar a política de protección do monte fronte aos incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 53125 (12/PNC-004181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre as medidas que o Goberno galego debe desenvolver no referido ao impulso da innovación empresarial
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53132 (12/PNC-004182)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o proceso de implantación dos proxectos de enerxía eólica mariña
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53137 (12/PNC-004183)
Grupo Parlamentario Mixto
Ojea Bouzo, Armando
Sobre diversas demandas dirixidas á Xunta de Galicia co obxecto de que garanta a equiparación das infraestruturas hospitalarias da provincia de Ourense coas do resto da comunidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53151 (12/PNC-004184)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore ao Proxecto de Interese Autonómico das Raposeiras, en Marín, unha parcela que posibilita construír unha futura residencia pública de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53170 (12/PNC-004185)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a demanda da defensa ante as institucións comunitarias do establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún para o período 2027-2029
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 53172 (12/PNC-004186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co fin de amortecer o impacto da suba de prezos do combustible, dos fertilizantes e dos alimentos no sector agrogandeiro galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 53177 (12/PNC-004187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que adquira o mapa de Galicia de Domingo Fontán, actualmente ofertado nunha poxa pública

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53183 (12/PNC-004188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre determinadas accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de amortecer o impacto da suba dos carburantes no sector do transporte de mercadorías galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53195 (12/PNC-004189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relativas á transferencia de competencias en materia de seguridade de encoros e á localización dos centros de control das centrais hidroeléctricas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53205 (12/PNC-004190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que leve a cabo traballos de conservación nas ruínas do castelo de Corbeiroa, en Sada, e posibilita o acceso a este ben patrimonial

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53241 (12/PNC-004193)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo no río Ventoso á altura de Pardesoa, en Forcarei, para reparar os danos ocasionados polos traballos de limpeza realizados no seu leito

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53269 (12/PNC-004194)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa transposición da normativa europea referida ao réxime especial de franquía do IVE para pequenas empresas e autónomos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53303 (12/PNC-004195)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que incrementen os recursos humanos da oficina do INSS de Betanzos para mellorar a súa atención presencial e de proximidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53304 (12/PNC-004196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co obxectivo de conseguir mellorar a calidade da subministración eléctrica no concello de Ordes

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53311 (12/PNC-004197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre a información que debe elaborar e remitir a Xunta de Galicia respecto do funcionamento actual dos denominados «espazos xoves», ou «casas da xuventude», dependentes da Dirección Xeral de Xuventude

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53318 (12/PNC-004199)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego en relación co funcionamento da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53320 (12/PNC-004200)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación co nivel de recursos da Unidade de Reprodución Asistida do CHUS e coa organización dos seus tratamentos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53340 (12/PNC-004201)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena



Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a dimensión que puiden acadar o impacto do conflito de Oriente Medio na economía galega
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 53358 (12/PNC-004202)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre determinadas demandas dirixidas ao Goberno galego con respecto ao servizo de atención pediátrica do Centro de Saúde das Pontes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53364 (12/PNC-004203)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que recupere o proxecto da autovía VG-47 co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o porto de Vilagarcía e a AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53384 (12/PNC-004205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 máis

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de desenvolver e fortalecer o sector hortícola de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 53408 (12/PNC-004206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de prestar unha atención integral, multidisciplinaria e de calidade ás persoas que padecen a enfermidade de Huntington

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 53488 (12/PPP-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que vai impulsar o seu goberno ante o impacto económico en Galicia e nas maiorías sociais derivado da guerra de EE UU en Irán



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 53490 (12/CPP-000092)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a modernización do modelo de Formación Profesional de Galicia

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 11 de marzo, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón (doc. núm **20348**, [12/INT-000821]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Facer pública e enviar ao Parlamento, no prazo máximo de 10 días, a documentación que obra en poder da Xunta en relación coas modificacións da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas desde o documento sometido a información pública no ano 2022 até o aprobado definitivamente en 2025. Incluindo as alegacións presentadas, os informes e achegas dos diferentes departamentos da Xunta e a motivación técnica que xustifique a supresión no documento definitivo da “zona de amortecemento” situada ao sudeste da Serra do Careón.

2. Acatar e aplicar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que obriga a incluír na Estratexia da Infraestrutura Verde os terreos da zona de amortecemento situada ao sudeste da Serra do Careón. Neste sentido, procederase á revisión da Declaración de Impacto Ambiental favorábel á

Asinado o día 12/03/2026 ás
10:48
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

macrocelulosa de Altri (Proxecto Gama) e á denegación da Autorización Ambiental Integrada.

3. Aprobar no primeiro semestre de 2026 o plan de seguimento e implementación da infraestrutura verde de Galiza, no que se incluírá un cronograma, criterios e indicadores para o seguimento e avaliación, así como unha estimación de custos e fontes previsíbeis de financiamento.

4. Facer pública e enviar ao Parlamento, no prazo máximo de 10 días, toda a documentación que obra en poder da Xunta en relación cos temas aos que fai referencia a nota informativa de Altri sobre o Memorando de Entendemento asinado por esta empresa coa Sociedade Impulsa o 1 de outubro de 2021: concurso internacional do que resultou a escolla de Altri; desenvolvemento dun plano técnico, operativo e comercial no contexto do Proxecto de Xestión Sostible dos Bosques Galegos; e acordo definitivo asinado despois da verificación dun conxunto de condicións precedentes.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 12/03/2026 10:48:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:50:35
Nº Rexistro: 53301
Data envío: 12/03/2026 10:50:35.879

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 10:50:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:50:35
Nº Rexistro: 53301
Data envío: 12/03/2026 10:50:35.879

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 11 de marzo, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos (doc. núm **51159** [12/INT-001750]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Publicar de inmediato unha nova orde de axudas que contemple liñas de axuda para plans de mellora sen vinculación a incorporación de mozos e para novas persoas agricultoras entre 41-55 anos.
2. Elaborar no primeiro semestre do 2026 un “Plan específico” con dotación orzamentaria e plurianual de remuda xeracional e mellora e modernización das explotacións agrarias galegas, para evitar o seu peche e para promover e facilitar a incorporación de mozas e mozos e novas persoas ao sector agrario galego.
3. Someter o “Plan específico” a tramitación, información e aprobación no Parlamento.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Asinado o día 12/03/2026 ás
10:50
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 12/03/2026 ás 10:50
Por Secundino Fernández
Fernández



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 12/03/2026 10:50:17

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2026 10:50:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:50:56
Nº Rexistro: 53302
Data envío: 12/03/2026 10:50:56,517

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:50:56
Nº Rexistro: 53302
Data envío: 12/03/2026 10:50:56.517

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 10:50:57

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 10 de marzo de 2026, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia (doc. núm. 44628).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Convocar todas a prazas vacantes existentes, a día de hoxe, en Atención Primaria (centros de saúde e os PAC), para evitar atencións banais en urxencias.
2. Recuperar as xerencias de Atención Primaria, con capacidade de decisión e competencias de coordinación coa atención hospitalaria, para a mellora das unidades de primaria en todo a área sanitaria.
3. Convocar todas a prazas vacantes existentes, a día de hoxe, en urxencias hospitalarias.
4. Manter abertas todas as unidades de hospitalización durante o período estival, garantindo a plena operatividade de todos os recursos asistenciais —camas, quirófanos e servizos diagnósticos—, e realizar as contratacións e substitucións de persoal necesarias co obxecto de evitar a redución da actividade asistencial e ao mesmo tempo facilitar o ingreso de pacientes que entren por urxencias.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

Asinado o día 13/03/2026 ás
15:35
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 13/03/2026 ás
15:35
Por Elena Espinosa Mangana



5. Presentar no prazo dun mes, ante o Parlamento, un informe que recolla o incremento de persoal dos servizos de urxencias no último ano, por áreas sanitarias e hospitais. Indicando o número de prazas antes e despois do incremento por categorías profesionais.
6. Adoptar todas as medidas necesarias para garantir que non se produzan situacións de colapso nas urxencias hospitalarias, presentando un informe das ditas medidas no Parlamento nun prazo de 3 meses.
7. Abrir un proceso de negociación especial cos colectivos do persoal traballador, que permita acordar un marco de mellora das condicións laborais con proxección dos vindeiros anos e que habilite melloras para reconducir a situación na que se atopa o persoal do Sergas.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2026 15:35:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/03/2026 15:35:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53434
Data envío: 13/03/2026 15:36:04.165

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 15:36:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53434
Data envío: 13/03/2026 15:36:04.165

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno, polo trámite de urxencia**

Sobre a adopción de medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custes enerxéticos, derivado do conflito en Oriente Medio, que está a producirse no sector pesqueiro e nas súas actividades complementarias

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que minimicen o impacto da alza do prezos da enerxía e outros insumos na pesca

Exposición de Motivos

O sector primario constitúe un pilar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución á produción de alimentos como polo seu papel esencial na vertebración territorial, na fixación de poboación no medio rural e na costa e no mantemento de actividades económicas estratéxicas como son a pesca.

Nas últimas semanas, a escalada do conflito armado en Oriente Medio, particularmente tras o aumento da tensión internacional arredor de Irán, está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores produtivos, como é o caso da pesca e do marisqueo, incrementando de maneira notable os custos de produción.

De prolongarse a situación, existe un risco real de paralizacións de actividade no sector extractivo o que podería derivar en problemas na subministración de produtos pesqueiros no mercado no prazo de semanas. A situación presenta incluso unha maior gravidade que as crises de combustible rexistradas en 2008 e 2022, dado que moitas empresas pesqueiras con lograron recuperar a súa capacidade económica tras a última crise debida ao incremento sostido dos custes de explotacións.



A conxuntura é especialmente delicada porque os 55 céntimos por litro de media en 2025 xa supoñen un nivel de custe que comprometería seriamente a rendibilidade das empresas pesqueiras; superar o umbral do euro por litro fai prever que para un número crecente de buques a operativa pesqueira resulte economicamente inviable. Tamén as confrarías denuncian que as marxes de beneficio nun sector como o pesqueiro artesanal son moi pequenos e calquera varación nos custes fixos supón un duro golpe para os profesionais que ven mermar as xa de por si escasas ganancias logo de os durísimos meses de inverno e a sucesión de borracas, que pasamos en Galicia.

A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións pesqueiras, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de produción do sector primario.

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos sinalado a necesidade de adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da subida de prezos sobre os sectores produtivos. Entre elas expúxose a conveniencia de impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética, entre outras.

Ante unha crise externa, sobrevida e allea á actividade de pescadores, resulta imprescindible a adopción de medidas urxentes que permitan garantir a continuidade da produción de alimentos, protexer o tecido económico do medio do sector pesqueiro e evitar a perda de rendibilidade de milleiros de explotacións, embarcacións e empresas do sector primario.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

- a) Establecer un mecanismo de minoración do custo do combustible para a frota pesqueira
- b) Mobilizar o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para compensar aos operadores polo incremento extraordinarios dos custos



- c) Avaliar unha suspensión ou redución temporal do IVE aplicado aos produtos pesqueiros, co fin de aliviar a presión económica sobre o sector e a cadea de valor
- d) Habilitar mecanismos de apoio para os pescadores que deban cesar temporalmente a súa actividade
- e) Reforzar o apoio ás organizacións de produtores mediante unha nova activación do almacenamento temporal de produtos pesqueiros
- f) Incrementar límites de axudas estatais por buque, situándoos nun rango de 400.000 a 500.000 euros
- g) Aumentar a flexibilidade interanual das cotas pesqueiras desde o 10% ao 25%
- h) Estudar outras medidas adicionais coordinadas entre os Estados membros, como a redución de cotizacións á seguridade social ou a suspensión temporal de determinados gravámenes asociados á actividade pesqueira”.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 12:54:19
Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/03/2026 12:54:49
Patricia García González na data 11/03/2026 12:55:27
Paula Mouzo Mas na data 11/03/2026 12:55:57
María Nazaret Cendán Gayoso na data 11/03/2026 12:56:24
Jesús María Fernández Rosende na data 11/03/2026 12:56:54
Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/03/2026 12:57:17
Maria Magdalena Perez Millares na data 11/03/2026 12:57:30
Raúl Santamaría González na data 11/03/2026 12:57:51
Manuel Santos Costa na data 11/03/2026 12:58:32



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 12:59:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 12:59:14
Nº Rexistro: 53202
Data envío: 11/03/2026 12:59:14.205

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:20
Nº Rexistro: 53204
Data envío: 11/03/2026 13:21:20.392

Asinado o día 11/03/2026 ás 13:19
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz advertido un erro no documento co número de rexistro 53202 solicita se engadan as seguintes firmas en dito documento.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

Asinado o día 11/03/2026 ás 13:18
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 11/03/2026 ás 13:18
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 13:18:12

Paula Prado del Rio na data 11/03/2026 13:18:46

Julio García Comesaña na data 11/03/2026 13:19:08

Cristina Sanz Arias na data 11/03/2026 13:19:41

Elena Candia López na data 11/03/2026 13:20:08

Enrique Barreiro Sánchez na data 11/03/2026 13:20:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 13:21:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:20
Nº Rexistro: 53204
Data envío: 11/03/2026 13:21:20.392

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:20
Nº Rexistro: 53204
Data envío: 11/03/2026 13:21:20.392

Asinado o día 11/03/2026 ás 13:19
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz advertido un erro no documento co número de rexistro 53202 solicita se engadan as seguintes firmas en dito documento.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

Asinado o día 11/03/2026 ás 13:18
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 11/03/2026 ás 13:18
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 13:18:12
Paula Prado del Rio na data 11/03/2026 13:18:46
Julio García Comesaña na data 11/03/2026 13:19:08
Cristina Sanz Arias na data 11/03/2026 13:19:41
Elena Candia López na data 11/03/2026 13:20:08
Enrique Barreiro Sánchez na data 11/03/2026 13:20:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:20
Nº Rexistro: 53204
Data envío: 11/03/2026 13:21:20.392

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 13:21:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:20
Nº Rexistro: 53204
Data envío: 11/03/2026 13:21:20.392

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:53:14
Nº Rexistro: 53218
Data envío: 11/03/2026 13:53:14.395

Asinado o día 11/03/26
13:46
Por Miguel Fidalgo Igi

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Alberto Pazos Couñago, Miguel Ángel Viso Diéguez, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo **trámite de urxencia**

Sobre a adopción de medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custes enerxéticos, derivado do conflito en Oriente Medio, que está a producirse nas actividades do sector primario galego: agricultura, gandería e pesca

Asinado o día 11/03/2026 ás
13:45
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que minimicen o impacto da alza do prezos da enerxía e outros insumos nestes sectores

Exposición de Motivos

O sector primario constitúe un pilar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución á produción de alimentos como polo seu papel esencial na vertebración territorial, na fixación de poboación no medio rural e no mantemento de actividades económicas estratéxicas como son a agricultura, a gandería e a pesca.

A escalada do conflito armado en Oriente Medio, particularmente tras o aumento da tensión internacional arredor de Irán, está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores produtivos, incrementando de maneira notable os custos de produción.

Asinado o día 11/03/2026 ás
13:45
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



O sector primario está a ser un dos máis afectados por esta situación, debido á súa elevada dependencia da enerxía e polo incremento de custes. As organizacións profesionais destes sectores advertiron de que o encarecemento do combustible (especialmente do gasóleo agrícola e pesqueiro) está a disparar os custos de produción.

No caso do campo, segundo estimacións do sector, tanto o gasóleo agrícola como os fertilizantes supoñen xa, no conxunto de España, máis de 41 millóns de euros adicionais cada semana, o que equivale a preto de 6 millóns de euros diarios que deben asumir agricultores e gandeiros.

Este incremento prodúcese, ademais, en plena campaña de abonado e de cultivo, un dos momentos do ano nos que o consumo de fertilizantes é maior, o que multiplica o impacto económico sobre as explotacións agrarias.

Por outra banda, o sector pesqueiro tamén se ve gravemente afectado, xa que o incremento do gasóleo pesqueiro repercute directamente nos custos de explotación da frota, reducindo a rendibilidade dunha actividade esencial para comunidades como Galicia, onde a pesca constitúe un dos piares económicos e sociais do litoral.

A gravidade de ambas situacións prodúcese ademais nun contexto no que agricultores, gandeiros e pescadores teñen unha capacidade moi limitada para trasladar estes incrementos de custos ao prezo final dos alimentos, o que pon en risco a viabilidade de moitas explotacións.

A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións agrarias e pesqueiras, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de produción do sector primario.

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos sinalado a necesidade de adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da subida de prezos sobre os sectores produtivos. Entre outras medidas, expúxose a conveniencia de impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética.

Ante unha crise externa, sobrevida e allea á actividade de agricultores, gandeiros e pescadores, resulta imprescindible a adopción de medidas urxentes que permitan garantir a continuidade da produción de alimentos, protexer o tecido económico do medio rural e do sector pesqueiro e evitar a perda de rendibilidade de milleiros de explotacións, embarcacións e empresas do sector primario.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1. A dirixirse ao Goberno de España co obxecto de que aprobe, con carácter urgente, un plan extraordinario de apoio ao sector primario que compense o impacto do incremento dos custos enerxéticos provocado polo conflito internacional en Oriente Medio.

Que dito plan inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Axudas directas extraordinarias para agricultores, gandeiros e pescadores destinadas a compensar o incremento do gasóleo agrario e pesqueiro.
- b) Bonificacións ou reducións fiscais sobre o gasóleo agrícola e pesqueiro.
- c) Programas de apoio para compensar o incremento do custo dos fertilizantes e doutros insumos agrarios e pesqueiros.
- d) Liñas de financiamento preferente e avais públicos para explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras afectadas polo aumento de custos.
- e) Medidas de carácter fiscal orientadas a reducir a presión económica derivada da crise enerxética, incluída a rebaixa ao 10% da IVE da enerxía e suprimir o imposto de xeración eléctrica.
- f) Mecanismos de vixilancia e control para evitar posibles prácticas especulativas nos mercados de carburantes e insumos.
- g) Reforzar a imaxe dos produtos alimentarios nos mercados, poñendo en valor a calidade, a seguridade e o alto valor dos nosos alimentos e gastronomía.
- h) Garantir a produción de alimentos de proximidade para non incrementar a nosa dependencia de terceiros países, mantendo o tecido profesional e a rendibilidade dos nosos produtores.
- i) Revisar o Plan de seguros agrarios combinados para ampliar coberturas diante de problemas de mercados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- j) Renunciar a crear novos impostos e aplicar máis cargas adicionais a ningún dos axentes da cadea alimentaria.
- k) Rebaixar o IVE dos produtos esenciais, incluídos carne, peixe, conservas e de todos os produtos lácteos e os seus derivados.
2. Asemade, a Cámara galega insta á Xunta de Galicia a complementar, no ámbito das súas competencias, estas medidas mediante apoios específicos destinados a garantir a viabilidade das explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras do sector primario galego.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 13:45:14
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 11/03/2026 13:45:48
Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/03/2026 13:46:13
María Encarnación Amigo Díaz na data 11/03/2026 13:46:37
José Mato Díaz na data 11/03/2026 13:47:27
Enrique Barreiro Sánchez na data 11/03/2026 13:47:42
Cristina Campero Dorado na data 11/03/2026 13:48:10
Juan Manuel Casares Gándara na data 11/03/2026 13:48:27
Nicole Grueira Fernández na data 11/03/2026 13:48:53
Ángel Rodríguez Conde na data 11/03/2026 13:49:12
Cecilia Vázquez Suárez na data 11/03/2026 13:49:34
Patricia García González na data 11/03/2026 13:49:52
Paula Mouzo Mas na data 11/03/2026 13:50:18
María Nazaret Cendán Gayoso na data 11/03/2026 13:50:39
Jesús María Fernández Rosende na data 11/03/2026 13:51:14
Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/03/2026 13:51:31
Maria Magdalena Perez Millares na data 11/03/2026 13:51:43
Raúl Santamaría González na data 11/03/2026 13:52:04
Manuel Santos Costa na data 11/03/2026 13:52:42



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 13:53:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:53:14
Nº Rexistro: 53218
Data envío: 11/03/2026 13:53:14.395

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández, Paula Prado del Rio, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, Raúl Santamaría González, Paula Mouzo Más e Patricia García González** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno, polo trámite de urxencia**

Sobre as demandas que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno de España para garantir a máxima transparencia no procedemento de revisión ordenada e consensuada da normativa vixente en materia de costas e xestión do litoral

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que as modificacións da normativa estatal poden supoñer para comunidades autónomas costeiras como Galicia e para os sectores económicos directamente vinculados ao litoral.

Exposición de motivos

O Goberno de España iniciou unha nova consulta pública -previa- para modificar o Regulamento Xeral de Costas, co argumento de atender o procedemento de infracción incoado pola Comisión Europea por presunto incumprimento da Directiva relativa aos servizos no mercado interior.

Segundo a información facilitada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Comisión cuestionaría determinados aspectos do réxime xurídico das concesións no dominio público marítimo-terrestre no relativo á existencia de procedementos de selección abertos e transparentes e á duración das concesións.

Con todo, a documentación posta ao dispor na consulta pública resulta manifestamente insuficiente para coñecer con claridade o contido do ditame motivado, os preceptos concretos afectados, o alcance real das modificacións e o impacto económico, social e competencial que ditas reformas poden supoñer para comunidades autónomas costeiras como Galicia e para os sectores económicos directamente vinculados ao litoral.



Esta falta de transparencia e de información vulnera a práctica de cooperación institucional seguida noutros procedementos de infracción e apártase do previsto no Acordo que regula a intervención das Comunidades Autónomas nas actuacións do Estado diante da Comisión Europea, así como dos principios de lealdade institucional e cooperación. A Galicia, como tamén denunciaron outras comunidades autónomas, non se lles facilitou o expediente completo nin se articulou un leito de cogobernanza eficaz a pesar de ter competencias directas en ordenación e xestión do litoral, pesca, marisqueo, acuicultura, medio ambiente e ordenación do territorio.

Resulta especialmente preocupante que o Goberno optase por reabrir a modificación do Regulamento Xeral de Costas sen abordar de forma previa e ordenada a actualización da Lei 22/1988, de Costas, e das súas modificacións, á luz da doutrina constitucional e da propia Directiva de Servizos. A Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo declarou nulo o Real Decreto 668/2022, que modificaba o Regulamento Xeral de Costas, precisamente pola omisión do trámite de consulta pública e por exceder o marco de desenvolvemento regulamentario. Volver intervenir o Regulamento sen unha revisión serena e consensuada do marco legal básico expón dúbidas serias desde a perspectiva do principio de xerarquía normativa do artigo 9.3 da Constitución e da reserva de lei que rexe o réxime do dominio público no artigo 132.

Unha vez concluído o período de consulta previa pública, e sen que dese tempo material para resolver as alegacións efectuadas ao mesmo, o que demostra que esta consulta foi un mero instrumento baleiro de contido para cubrir o expediente, fixeron público o pasado 9 de marzo de 2026 o contido específico do anteproxecto, que non contribuíu a agravar a preocupación. Non en balde, a mesma exposición de motivos confesa que o regulamento non é suficiente e que é necesario abordar as modificacións legislativas a que fai referencia o Ditame motivado.

En particular, o novo artigo 172 do Regulamento exclúe da prórroga extraordinaria ás concesións que amparen actividades económicas. Cómpre lembrar que o réxime de duración, prórroga e extinción das concesións no Dominio Público Marítimo Terrestre é un elemento estrutural do sistema e afecta de forma directa a dereitos e intereses lexítimos consolidados, a investimentos produtivos realizados ao amparo da normativa vixente e a miles de empregos vinculados a actividades pesqueiras, marisqueiras, acuícolas, industriais, turísticas e de servizos que conforman o armazón económico do litoral español. A Lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral, fixou un marco de ata 75 anos para determinados títulos concesionais. Calquera intento de reducir de facto a duración máxima a 30 anos, restrinxir as prórrogas extraordinarias ou endurecer de maneira xeneralizada o réxime concesional sen un estudo serio de impacto económico e social supoñería un golpe de enorme calado para a seguridade xurídica e a competitividade das nosas zonas costeiras.



A iso engádesse a preocupación polo posible efecto retroactivo material das reformas sobre concesións xa outorgadas e sobre investimentos realizados conforme ao marco vixente, así como pola incerteza xerada ao redor das concesións compensatorias asociadas a procesos de expropiación en novos deslindes do dominio público marítimo-terrestre..

Así mesmo, desde territorios con forte peso litoral e particularmente Galicia, advertiuse do risco de ampliar de forma desproporcionada o dominio público mediante criterios de deslinde baseados en episodios extremos illados de temporais, en lugar de criterios contrastados e estables, o que pode xerar inseguridade xurídica, conflitos patrimoniais e tensión nas relacións entre a Administración Xeral do Estado e as CCAA.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º- Garantir a máxima transparencia no procedemento de adaptación da normativa de costas ao ditame motivado emitido pola Comisión Europea no procedemento de infracción INFR (2022) 4121, remitindo ás comunidades autónomas costeiras, en particular á nosa, Galicia, a documentación completa do expediente, incluídos os intercambios de comunicacións coas institucións europeas e os informes internos dispoñibles.

2º-Convocar con carácter urxente a Conferencia Sectorial correspondente para debater con todas as comunidades autónomas costeiras o alcance da reforma do Regulamento Xeral de Costas e, no seu caso, da Lei de Costas, asegurando un auténtico proceso de cogobernanza no que se teñan en conta as competencias e a realidade específica de cada territorio, e dando resposta expresa ás alegacións presentadas por Galicia, e non convertendo o período de consulta pública nun trámite do expediente baleiro de contido.

3º- Priorizar unha revisión ordenada e consensuada da Lei 22/1988, de Costas, e da Lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral, antes de adoptar modificacións regulamentarias de gran calado, de modo que calquera cambio no réxime de duración, prórroga e extinción das concesións no dominio público marítimo-terrestre realícese con pleno respecto ao principio de xerarquía normativa e á reserva de lei en materia de dominio público.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



4º- Realizar e facer público un estudo detallado de impacto económico, social e laboral das reformas que se proxecten sobre as concesións no Dominio Público Marítimo-Terrestre, incluíndo, polo menos:

- a) Número de concesións vixentes potencialmente afectadas por unha eventual redución da duración máxima.
- b) Desagregación por sectores (pesca, marisqueo, acuicultura, transformación de produtos do mar, turismo, hostalería, portos deportivos e outros servizos).
- c) Estimación do impacto en investimento, emprego e tecido empresarial nas comunidades autónomas costeiras.

5º- Asegurar de forma expresa a plena seguridade xurídica das concesións xa outorgadas e dos investimentos realizados ao amparo do marco normativo vixente, evitando calquera retroactividade material das modificacións regulamentarias e garantindo o respecto ás prórrogas ordinarias e extraordinarias legalmente previstas, particularmente no caso das concesións compensatorias vinculadas a procesos de expropiación derivados de novos deslindes do dominio público marítimo-terrestre.

6º- Definir, en diálogo coas comunidades autónomas e con base en criterios científicos contrastados, os criterios técnicos de deslinde do dominio público marítimo-terrestre, evitando interpretacións expansivas baseadas en episodios extremos illados de temporais e garantindo que calquera modificación compásese cos principios de xestión integrada do litoral e coa protección efectiva dos espazos naturais e das actividades tradicionais que se desenvolven neles, e establecendo, de común acordo coas comunidades autónomas, unha moratoria na aprobación de novos deslindes ou na revisión dos existentes mentres se redefinen os criterios técnicos e se clarifica o marco concesional, salvo en supostos de risco certo para as persoas ou os bens.

7º- Garantir que, nos núcleos tradicionais costeiros con valor etnográfico, quede salvagardado o dereito á propiedade privada dos titulares rexistrados de inmobles afectados por novos deslindes do dominio público marítimo terrestre, respectando, en todo caso, que calquera eventual alteración do devandito status leve unha indemnización íntegra dos dereitos demaniais dos mesmos que puidesen ser modificados.





8º- Garantir que calquera modificación do prazo ou das condicións das concesións xa outorgadas ao amparo da Lei 2/2013 leve unha indemnización íntegra conforme ao artigo 33.3 e ao artigo 106.2 da Constitución, que comprenda tanto o dano emerxente como o lucro cesante derivado da redución do período concesional.

9º- Suspender preventivamente a tramitación do anteproxecto de Real Decreto de modificación do Regulamento Xeral de Costas naqueles preceptos que incidan directamente no réxime de duración e prórroga das concesións que amparan actividades económicas.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/03/2026 11:31:19
Gonzalo Trenor López na data 12/03/2026 11:32:14
Roberto Rodríguez Martínez na data 12/03/2026 11:32:53
Carmen Pomar Tojo na data 12/03/2026 11:34:02
José Luis Ferro Iglesias na data 12/03/2026 11:35:12
María Nazaret Cendán Gayoso na data 12/03/2026 11:37:18
Dolores Hermelo Piñeiro na data 12/03/2026 11:37:51
Argimiro Marnotes Fernández na data 12/03/2026 11:38:44
Moisés Rodríguez Pérez na data 12/03/2026 11:39:38
Katherinie Varela Fernández na data 12/03/2026 11:40:13
Paula Prado del Río na data 12/03/2026 11:41:14
Cristina Sanz Arias na data 12/03/2026 11:42:30
Miguel Fidalgo Iglesias na data 12/03/2026 11:43:06
Raúl Santamaría González na data 12/03/2026 11:43:48
Paula Mouzo Mas na data 12/03/2026 11:44:39
Patricia García González na data 12/03/2026 11:45:22



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 11:46:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 11:46:30
Nº Rexistro: 53309
Data envío: 12/03/2026 11:46:30.236

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:19:53
Nº Rexistro: 53417
Data envío: 13/03/2026 13:19:53.110

Asinado o día 13/03/2026 ás 13:13
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a xestión e usos futuros do Pazo de Meirás.

Asinado o día 13/03/2026 ás 13:13
Por Luis Bará Torres

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A recente sentenza do Tribunal Supremo sobre o Pazo de Meirás fai necesario un pronunciamento inmediato do parlamento galego, no sentido de defender a transferencia deste ben a Galiza e garantir os usos centrais relacionados coa memoria histórica democrática.

Asinado o día 13/03/2026 ás 13:13
Por Ana Pontón Mondelo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 11 de marzo de 2026 fíxose pública a sentenza do Tribunal Supremo que confirma a sentenza da Audiencia da Coruña en relación coa propiedade pública do Pazo de Meirás e a devolución da posesión pola familia Franco. A Sala Primeira do Tribunal





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Supremo desestimou todos os recursos interpostos contra a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña e resolveu que os irmáns Martínez Bordiú tiñan dereito a ser indemnizados polos gastos realizados no Pazo no tempo da súa posesión.

Esta cuestión indemnizatoria merece o firme e rotundo rexeitamento do BNG, polo que supón de compensación económica a quen roubou, espoliou e gozou durante máis de 40 anos dun ben que debería ser público. Este beneficio que obtén a familia Franco forma parte de toda a trama de intereses e connivencias que o Estado, a comezar pola Casa Real, tivo coa familia do Ditador e deixa quedar en moi mal lugar a “Transición española”, caracterizada polo esquecemento e a impunidade.

Esta parte sombría non desmerece a importancia histórica que ten a sentenza, que é a parte final dun longo proceso de reclamación, investigación e loita do pobo galego, encabezado polas organizacións memorialistas que, durante moito tempo en silencio e en solitario, comezaron a reclamación da devolución do Pazo, unha reivindicación na que foron tamén parte activa a Deputación da Coruña e o concello de Sada. A este proceso tamén se sumaron na fase final o parlamento, a Xunta e o goberno central.

A confirmación definitiva da propiedade pública do Pazo de Meirás é unha conquista colectiva e un grande logro democrático. Despois de décadas, este ben que foi declarado BIC no ano 2008, deixou de ser un lugar de impunidade e apoloxía da Ditadura para converterse nun ben de titularidade e uso público.

Este feito histórico debe ser o punto de partida dunha nova fase, na que se determine o modelo de xestión e os contidos e usos do predio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento acorda como resolución:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Defender a transferencia a Galiza do Pazo de Meirás, baixo a fórmula de cesión modal. Esta cesión modal debe garantir a titularidade e uso público, asociado á centralidade dos contidos relacionados coa memoria histórica democrática e coa represión franquista e a complementariedade da vinculación coa vida e obra de Emilia Pardo Bazán.

2. Velar pola xestión compartida na que cando menos participen a Xunta, o goberno central e o concello de Sada, xestión que se vehiculizará mediante un convenio de colaboración no que se inclúan os compromisos de financiamento e as achegas de cada institución.

3. Garantir a participación da sociedade galega na definición dos usos e na xestión deste lugar de memoria, contando de maneira expresa e principal coa implicación das entidades memorialistas que foron decisivas no proceso de recuperación do Pazo de Meirás”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2026 13:13:15
Luis Bará Torres na data 13/03/2026 13:13:23
Daniel Castro García na data 13/03/2026 13:13:29
Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2026 13:13:35
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2026 13:13:42
Paulo Ríos Santomé na data 13/03/2026 13:13:49
Rosana Pérez Fernández na data 13/03/2026 13:13:56
Ariadna Fernández González na data 13/03/2026 13:14:05
Iria Carreira Pazos na data 13/03/2026 13:14:15
José Manuel Golpe Acuña na data 13/03/2026 13:14:24
Secundino Fernández Fernández na data 13/03/2026 13:14:33
Carmela González Iglesias na data 13/03/2026 13:14:40
Sonia Vidal Lamas na data 13/03/2026 13:14:49
Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/03/2026 13:14:59
Saleta Chao Rivas na data 13/03/2026 13:15:24
Óscar Insua Lema na data 13/03/2026 13:15:32
María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2026 13:15:47
Ramón Fernández Alfonso na data 13/03/2026 13:16:02
Alexandra Fernández Gómez na data 13/03/2026 13:16:17
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/03/2026 13:16:34
Mercedes Queixas Zas na data 13/03/2026 13:16:40
Cristina Fernández Davila na data 13/03/2026 13:16:46
Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2026 13:16:52
Iago Suárez Fernández na data 13/03/2026 13:16:58
Iria Taibo Corsanego na data 13/03/2026 13:17:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 13:19:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:19:53
Nº Rexistro: 53417
Data envío: 13/03/2026 13:19:53.110

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:33:40
Nº Rexistro: 53420
Data envío: 13/03/2026 13:33:40,070

Asinado o día 13/03/26
13:21
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, Jose Luís Ferro Iglesias, Elena Candia López e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno, polo trámite de urxencia**

Sobre a demanda que debe trasladar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que poña en marcha medidas en apoio do sector do transporte ante o impacto do incremento dos custos enerxéticos provocado polo conflito en Oriente Medio

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que minimicen o impacto da alza do prezos da enerxía e outros insumos nestes sectores

Exposición de motivos

O sector do transporte constitúe un pilar importante da economía galega, facilita o movemento de persoas e mercadorías, actividade esencial para o comercio, a produción e o desenvolvemento, impulsando o emprego e a conectividade. É unha actividade estratéxica que conecta lugares de produción con puntos de consumo, garantindo que os insumos, alimentos e mercadorías cheguen ao seu destino final.

Nas últimas semanas, a escalada do conflito armado en Oriente Medio, particularmente tras o aumento da tensión internacional arredor de Irán, está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores de servizos, afectando os custos de operación.

O sector do transporte está a ser un dos máis afectados por esta situación, debido á súa elevada dependencia da enerxía e polo incremento de custos. As organizacións profesionais destes sectores advertiron de que o encarecemento do combustible está a disparar os custos de mantemento. En apenas unha semana, produciuse un encarecemento do 20,5% no caso do diésel e do 9% na gasolina. A gran volatilidade do cru afecta directamente entre 40% e 50% da varianza no prezo final dos surtidores.

Asinado o día 13/03/2026 ás
13:20
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 13/03/2026 ás
13:19
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións transportistas, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de operación no sector terciario.

Desde o Grupo Popular temos sinalado a necesidade de adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da subida de prezos sobre os sectores de servizos. Entre elas expúxose a conveniencia de impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética.

Ante unha crise externa, sobrevida e allea á actividade de transportistas, resulta imprescindible a adopción de medidas urxentes que permitan garantir a continuidade da loxística e protexer o tecido económico do sector de servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e demandarlle que aprobe con carácter urxente un plan extraordinario de apoio ao sector do transporte que compense o impacto do incremento dos custos enerxéticos provocado polo conflito internacional en Oriente Medio.

Que dito plan inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Axudas directas extraordinarias para transportistas destinadas a compensar o incremento do custo do gasóleo.
- b) Bonificacións ou reducións fiscais sobre o gasóleo.
- c) Liñas de financiamento preferente e avais públicos para operacións de transporte.
- d) Medidas de carácter fiscal orientadas a reducir a presión económica derivada da crise enerxética, incluída a rebaixa ao 10% da IVE da enerxía e suprimir o imposto de xeración eléctrica.
- e) Mecanismos de vixilancia e control para evitar posibles prácticas especulativas no mercado de carburantes.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 13/03/2026 13:19:32
Paula Prado del Rio na data 13/03/2026 13:20:22
Julio García Comesaña na data 13/03/2026 13:21:05
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/03/2026 13:21:44
María Nazaret Cendán Gayoso na data 13/03/2026 13:24:43
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/03/2026 13:25:34
Paula Mouzo Mas na data 13/03/2026 13:26:21
Alberto Pazos Couñago na data 13/03/2026 13:27:03
María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/03/2026 13:28:16
Katherinie Varela Fernández na data 13/03/2026 13:28:51
Cristina Sanz Arias na data 13/03/2026 13:29:41
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/03/2026 13:30:21
José Luis Ferro Iglesias na data 13/03/2026 13:31:19
Elena Candia López na data 13/03/2026 13:31:54
Raúl Santamaría González na data 13/03/2026 13:32:43



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:33:40
Nº Rexistro: 53420
Data envío: 13/03/2026 13:33:40,070

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 13:33:41

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de dotar os puntos do 061 da Costa da Morte e de Bergantiños con ambulancias medicalizadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que a veciñanza das comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños veñen reclamando á Xunta de Galiza e ao servizo do 061 a necesidade de contar cunha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado (SVA), tamén coñecidas como ambulancias medicalizadas en cada unha das bisbarra. A diferenza das ambulancias convencionais, cuxo deseño está pensado principalmente para o transporte de doentes, as ambulancias medicalizadas están equipadas cun conxunto de recursos e profesionais que poden realizar procedementos médicos avanzados no lugar da emerxencia. Por este motivo, as ambulancias medicalizadas son empregadas en situacións onde o tempo é clave e requírese unha atención médica intensiva.

En Galiza, segundo as informacións da Consellería, existen 17 ambulancias medicalizadas, mais as nosas comarcas non contan con ningunha ambulancia deste tipo en ningún dos puntos do 061 polo que no caso dun accidente ou emerxencia tardarían ata unha hora en chegar ao lugar dos feitos, no caso de existir unha emerxencia na Costa da morte, ou máis de media hora en Bergantiños, se esta tivera que vir dende A Coruña. Foi o que ocorreu estes días atrás con ocasión de varios accidentes de coches no inicio da autovía AG-55 ou de episodios de emerxencias en Carballo.

Levamos recibindo queixas dende hai tempo por parte dos doentes que saen do hospital comarcal de Cee e que precisan este tipo de ambulancias medicalizadas. A realidade é que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sempre acode ao lugar dos feitos unha ambulancia básica, a mesma que sae do hospital de Cee cando é preciso trasladarse ao CHUAC en SVA, e ao mesmo tempo sae unha ambulancia SVA da Coruña, para facer o cambio de vehículo no aparcamento dun coñecido hotel de Carballo. Esta operación é habitual e ordinaria, a practicada polo SERGAS, mais é unha manobra irregular, pois a ambulancia básica, por moito que vaia un médico de urxencias nela, non ten o equipamento necesario para realizar manobras de soporte vital avanzado.

É necesario contar con dúas ambulancias SVA con médico as 24 horas, e os 365 días do ano, unha en Cee e outra en Carballo, porque investir en saúde e na sanidade significa salvar vidas, e iso non ten prezo. Non podemos esperar a que ocorran desgrazas con perdas de vida porque non dispoñemos dunha ambulancia SVA preto, pois é inxusto que só dispoñan delas as grandes cidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar de ambulancias medicalizadas (SVA) ás comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte, nos puntos do 061 de Carballo e de Cee”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 06/03/2026 9:24:05

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2026 9:26:05

Iria Carreira Pazos na data 06/03/2026 9:26:13

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2026 9:26:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52795
Data envío: 06/03/2026 09:27:59.836

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 9:28:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52795
Data envío: 06/03/2026 09:27:59.836

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación dos certificados CELGA e a formación en lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os certificados CELGA, os cursos asociados e os seus exames correspondentes teñen unha transcendencia importante, tanto polo seu uso por motivos laborais como polo que representan no que se refire á acollida lingüística para persoas chegadas doutros territorios, igual que o resto de oferta de formación en lingua galega.

Os certificados CELGA son o sistema para acreditar os coñecementos de lingua galega de acordo co Marco europeo común de referencia para as linguas. Polo tanto, son os certificados oficiais de lingua galega, e o sistema que os regula, tanto os exames como os cursos preparatorios, ten unha grande importancia para a pervivencia e futuro do noso idioma.

As persoas que precisan estes certificados por motivos laborais deben dispor, polo tanto, de cursos axeitados ás súas necesidades, mais tamén á súa realidade, que habitualmente non é coincidente co perfil das persoas que estudan nas Escolas Oficiais de Idiomas, tanto por urxencia, como por dispoñibilidade horaria. Outro perfil importante entre as persoas interesadas por estes cursos e certificados é das persoas procedentes doutros territorios, que tamén teñen unhas necesidades específicas, polo que é preciso adaptar a oferta a estas realidades.



Na actualidade, os únicos cursos oficiais que é posíbel facer para preparar os exames das certificacións CELGA son os cursos virtuais que oferta a Xunta de Galiza, e os presenciais das Escolas Oficiais de Idiomas, mais non están dispoñíbeis en todas as EOI do país. Os cursos das Escolas Oficiais de Idiomas son cursos ordinarios, de 120 horas cada un, que non se adaptan ás necesidades reais das persoas que os precisan.

Por outra banda, os cursos virtuais teñen unha calidade bastante cuestionábel. A modalidade semipresencial que se oferta para moitas linguas da oferta das EOI sería moi axeitada para a lingua galega, mais para a nosa lingua non existe esta oferta.

Existen tamén cursos preparatorios para a obtención dos certificados CELGA nalgun concello, mais non atopamos información sobre eles nas canles oficiais do goberno galego. Loxicamente, esta escasa oferta formativa tamén xera unha importante falta de seguridade.

Alén disto, a información sobre estes cursos que figura na sección CELGA do Portal da Lingua Galega da Secretaría Xeral da Lingua está, en moitos casos, desactualizada.

Os cursos que se imparten nos cursos das EOI, por estaren moi apegados á características e calendarios das ensinanzas xerais das Escolas Oficiais de Idiomas, están moi condicionados por ese feito e non serven para as necesidades das persoas destinatarias. Ademais, e isto é especialmente grave e limita e condiciona a súa utilidade, non permiten adaptarse ao calendario de exames (existen dúas convocatorias ao ano, unha en maio e outra en novembro, e esta segunda resulta especialmente pouco apropiada para o calendario das ensinanzas das EOI). Alén disto, non todas as EOI do país contan con oferta de lingua galega, algo que é preciso corrixir para facilitar o acceso á formación en lingua galega a todas as persoas que a precisen.

No que respecta á avaliación, o profesorado que está a facerse cargo dela procede dunha listaxe que ten máis de dez anos de antigüidade, nun procedemento pouco habitual, xa que non permite a incorporación de novas profesionais e mestura



persoas con diferentes perfís e situacións laborais, ademais de que non son persoas suficientes para cubrir as necesidades da avaliación dos certificados. Unha parte das persoas que compoñen esta listaxe, na actualidade, é profesorado funcionario que recibe o pagamento polos seus servizos en concepto de “dietas”, nunha práctica que non parece razoábel por parte dunha administración pública, ademais dos atrasos que acumulan no cobramento.

Por outra banda, os materiais están desactualizados: os libros Aula de Galego, que tamén están dispoñíbeis na web, son do ano 2008, e non foron actualizados acorde aos cambios no Marco Europeo de Referencia para as Linguas, tampouco de acordo cos cambios dos Decretos de Ensinanzas de EOI. Esta falta de actualización afecta tamén os contidos e a adaptación á realidade sociocultural do país, ademais de que non existen uns moi necesarios materiais para a autoformación en liña.

As necesidades da poboación en relación coa oferta formativa de lingua galega non poden compararse coas outras linguas que se ofertan nas Escolas Oficiais de Idiomas. Como moito, co español para estranxeiros, e nese caso é unha lingua que ten unhas condicións moito máis favorábeis para a poboación estranxeira. Concretamente, a matrícula para os cursos de español para estranxeiros está aberta até o mes de xaneiro e son de carácter gratuíto para aquelas persoas que contan coa condición de refuxiada. A matrícula para as ensinanzas xerais das EOI, entre elas as de Lingua Galega, está aberta de xuño a setembro. A matrícula dos cursos CELGA está xestionada directamente pola Secretaría Xeral da Lingua, por sorteo, cun sistema pouco flexíbel.

As persoas que demandan formación en lingua galega son galegos e galegas que precisan mellorar o seu galego formal porque non tiveron acceso a el durante os seus estudos (sexa por idade ou por outros motivos), mais que teñen uns coñecementos previos do idioma, e persoas procedentes doutros territorios, principalmente. O perfil deste último grupo de persoas é moi diverso: tanto persoas con estudos superiores que desexan acceder a postos na función pública como persoas que traballan en sectores máis precarizados, coa vontade de melloraren a súa situación laboral.



O deber da administración galega é facilitar a aprendizaxe de lingua galega a todas as persoas que queiran acceder a ela, e o formato da formación e da propia certificación dos CELGA non é útil para esta finalidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Estudar a demanda de formación destinada á obtención dos diferentes certificados CELGA.
2. Aumentar a oferta de formación destinada á obtención dos diferentes certificados CELGA.
3. Adaptar a oferta de formación destinada á obtención dos diferentes certificados CELGA ás necesidades da poboación.
4. Mellorar a calidade da formación virtual destinada á preparación para obtención dos certificados CELGA.
5. Informar sobre a situación do profesorado avaliador dos certificados CELGA.
6. Corrixir os atrasos no pagamento ao persoal avaliador dos certificados CELGA.
7. Ampliar o corpo de profesorado de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas.
8. Ampliar a oferta de lingua galega a todas as Escolas Oficiais de Idiomas do país, e ás súas seccións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:03:46
Nº Rexistro: 52906
Data envío: 06/03/2026 13:03:46,999

9. Estudar a posibilidade de incluír a modalidade semipresencial para a formación preparatoria para a obtención dos certificados CELGA.

10. Mellorar a oferta formativa en todas as modalidades de formación en lingua galega”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 06/03/2026 13:01:05

Mercedes Queixas Zas na data 06/03/2026 13:01:12

Daniel Castro García na data 06/03/2026 13:01:18

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2026 13:01:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:03:46
Nº Rexistro: 52906
Data envío: 06/03/2026 13:03:46,999

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 13:03:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:03:46
Nº Rexistro: 52906
Data envío: 06/03/2026 13:03:46,999

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O importante potencial produtivo do sector da mazá da Estrada vese comprometido historicamente polos baixos prezos que os agricultores reciben polo seu produto, maioritariamente ecolóxico. As eivas estruturais que se acumulan, cunha falla de capacidade de transformación evidente e onde a ausencia de relevo xeracional e man de obra son endémicos, coma no resto das explotacións agrogandeiras do país, ameazan un sector que tradicionalmente se asentou na comarca de Deza-Tabeirós, como complemento, ou coma actividade principal de moitas familias, con grande arraigo no territorio.

A falla de valor engadido mingua os beneficios obtidos cada ano na colleita da mazá, que remata case exclusivamente na súa venda en fresco, de forma que as perdas continuadas son un feito que nada sorprende na comercialización dun produto de calidade excepcional. Malia as melloras que se foron acadando coa profesionalización e mecanización, que resultan na recollida de máis de millón e medio de quilos de mazá anuais, o sector precisa de apoio para poder continuar a ofrecer o seu produto ao mercado sen vender a perdas. Son urxentes políticas públicas que fornezan de recursos aos titulares das explotacións de mazá da Estrada, que diversifiquen o territorio e eviten o despoboamento rural nunha comarca cunha grave crise demográfica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as posibles accións a levar a cabo está a que os agricultores solicitan dende hai varias tempadas e que sería de grande axuda para non perder, coma pasou na pasada colleita, miles de quilos de mazá. Dada a maduración acelerada da froita nesta zona, que acada o punto óptimo alomenos 20 días antes ca noutras, momento no que os lagares aínda non procederon á recolección, moita da mazá cae e pérdese. Falan os propios profesionais da orde de 300.000 quilos na tempada do 2025, que serían miles de euros que poderían ter rendemento e remataron no chan. A presenza de instalacións de almacenamento e transformación que deran servizo aos produtores de forma comunitaria, sería un grande avance que permitiría ser máis rendibles e minimizar ditas perdas, co que os ingresos aumentarían notoriamente. Estas instalacións, xa prometidas tanto polo goberno local coma pola Consellería de Medio Rural, non teñen previsión de ser postas en funcionamento, sen sequera unha parcela asignada para a súa construción anos despois de adquirido o compromiso. Nesa situación de desprotección por parte das distintas administracións é na que se atopan os propietarios dos pomares actualmente, sen colaboración para a continuidade deste sector nin para facerlle fronte á competencia que chega dende outras zonas de Europa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Elaborar no 2026 o proxecto do centro de transformación da mazá comunitario, que permita que todas as produtoras/es poidan usar unhas instalacións e maquinaria conxunta, cuxo financiamento se obteña a través da Xunta de Galiza e permita a transformación de produto na zona de orixe, coa clara intención de ser autosuficientes e ganar en valor engadido na comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar no 2026 un estudo de custes da produción de mazá, co obxecto de fornecer ao sector de datos para ser máis eficientes, achegando posibles proxectos de diversificación da produción que permitan xerar valor engadido.

3. Poñer en marcha un plan de acción de axuda ao sector onde unha das liñas principais se centre na rexeneración das árbores que están no límite da produción”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/03/2026 13:29:44

Sonia Vidal Lamas na data 06/03/2026 13:29:52

Secundino Fernández Fernández na data 06/03/2026 13:29:59

Luis Bará Torres na data 06/03/2026 13:30:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:32:10
Nº Rexistro: 52911
Data envío: 06/03/2026 13:32:10.894

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 13:32:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:32:10
Nº Rexistro: 52911
Data envío: 06/03/2026 13:32:10.894

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Exposición de motivos

As mulleres representan case a metade da poboación mundial. Porén, a saúde feminina apenas capta arredor do 6 % do investimento privado en saúde. Esta realidade pon de manifesto que a saúde das mulleres continúa estando claramente infradotada en relación coa súa importancia para o benestar da poboación e para o desenvolvemento económico e social.

A pesar de representar case a metade da poboación do planeta, moitas das enfermidades que afectan de maneira específica ás mulleres, ou que requiren enfoques diferenciados, seguen recibindo unha atención limitada no ámbito da investigación, da innovación e do investimento sanitario.

Durante décadas, a fragmentación dos datos, os sesgos históricos na investigación biomédica, a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade e toma de decisións, así como a falta de aliñamento nos incentivos dentro do sistema sanitario contribuíron a ocultar a verdadeira dimensión da saúde das mulleres.



Aínda que nos últimos tempos se produciron algúns avances no estudo diferenciado de homes e mulleres en medicina, en moitos ámbitos o progreso segue a ser insuficiente.

O modelo sanitario dominante continúa tomando como referencia o corpo masculino en todos os ámbitos: no diagnóstico, no terapéutico, na investigación. Con todo, está amplamente demostrado que moitas enfermidades afectan con maior frecuencia ás mulleres, que outras se manifestan nelas con síntomas diferentes e que, en determinados casos, tamén responden de maneira distinta aos tratamentos.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, as desigualdades en saúde son aquelas diferenzas que, ademais de existir, se consideran innecesarias, evitables e inxustas.

No ámbito sanitario existen diferenzas derivadas de factores biolóxicos e xenéticos que non poden considerarse inxustas. Porén, tamén existen outras nas que inflúen de maneira determinante factores culturais, estereotipos e roles de xénero marcados pola sociedade.

Estas desigualdades si son inxustas e, polo tanto, deben ser corrixidas desde as políticas públicas. Garantir o dereito das mulleres a unha atención sanitaria de calidade, eficaz e baseada na equidade require incorporar de maneira real e efectiva a perspectiva de xénero nas políticas de saúde pública.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



1. Incorporar de maneira transversal a perspectiva de xénero no deseño, planificación, avaliación e execución das políticas de saúde pública no Sistema Público de Saúde de Galicia.
2. Promover a recollida e análise sistemática de datos sanitarios desagregados por sexo, co obxectivo de identificar e reducir as desigualdades existentes na atención sanitaria.
3. Impulsar a investigación biomédica e sanitaria que teña en conta as diferenzas de sexo e xénero, favorecendo o estudo específico das enfermidades que afectan ás mulleres ou que presentan nelas características diferenciadas.
4. Desenvolver programas de formación dirixidos ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde para incorporar a perspectiva de xénero na práctica clínica, no diagnóstico e nos tratamentos.
5. Elaborar e poñer en marcha unha estratexia galega para a atención integral da saúde das mulleres, que permita abordar de maneira coordinada a prevención, diagnóstico, tratamento e investigación das enfermidades que as afectan, e nomeadamente no que se refire á:
 - a) Mellora do diagnóstico de enfermidades infradiagnosticadas en mulleres
 - b) Programa de saúde menstrual e climaterio
 - c) Saúde mental con enfoque de xénero.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 06/03/2026 14:31:50

Silvia Longueira Castro na data 06/03/2026 14:31:58

Paloma Castro Rey na data 06/03/2026 14:32:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/03/2026 14:32:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52932
Data envío: 06/03/2026 14:34:52.513



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 14:34:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52932
Data envío: 06/03/2026 14:34:52.513

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:35:36
Nº Rexistro: 52947
Data envío: 09/03/2026 09:35:36,904

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o proxecto de Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Xunta anunciou en 2024 a creación dun Centro de Alto Rendemento Deportivo en Pontevedra, na zona de Cernadiñas Novas (parroquia de Santo André de Xeve), en terreos con unha superficie de 120.000 euros de titularidade comunal. O investimento previsto é de 36,8 millóns de euros.

O goberno galego tramitou esta iniciativa mediante un Proxecto de Interese Autonómico e licitou a finais de 2025 o contrato de servizos de redacción do proxecto de interese autonómico (PIA), así como a redacción do proxecto de parcelamento para a obtención do solo destinado á construción do futuro Centro de Alto Rendemento. O prazo de execución do contrato é de 16 meses.

A iniciativa está aínda nunha fase inicial e sería de interese que se desenvolvese coa máxima colaboración con outras institucións, nomeadamente co concello de Pontevedra e co goberno central. Tamén resulta de interese coñecer a complementariedade deste Centro de Alto Rendemento e Tecnificación co actual CGTD con sede en Pontevedra.

Por último, cómpre coñecer as xestións realizadas polo goberno galego co CSD para conseguir o recoñecemento oficial deste novo CAR, á par dos que xa existen no Estado.

Asinado o día 09/03/2026 ás
09:34
Por Iago Suárez Fernández

Asinado o día 09/03/2026 ás
09:34
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:35:36
Nº Rexistro: 52947
Data envío: 09/03/2026 09:35:36,904

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a abrir un proceso de diálogo con outras institucións, nomeadamente co Concello de Pontevedra e co Consello Superior de Deportes, para definir o rango legal e o alcance do Centro de Alto Rendemento Deportivo proxectado en Pontevedra, así como a complementariedade desta proposta co actual Centro Galego de Tecnificación Deportiva.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/03/2026 9:34:09

Iago Suárez Fernández na data 09/03/2026 9:34:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:35:36
Nº Rexistro: 52947
Data envío: 09/03/2026 09:35:36.904

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 9:35:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:35:36
Nº Rexistro: 52947
Data envío: 09/03/2026 09:35:36,904

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a esixencia de a Xunta cumprir co Regulamento da Cámara e respectar os dereitos dos deputados e deputadas do BNG de acceso aos informes técnicos que avalaron as modificacións da Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de decembro de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta a unha pregunta ao goberno formulada no pleno de xaneiro polo grupo parlamentario do BNG, o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude respondeu que as modificacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza impulsadas a través da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estaban sustentadas en diferentes informes técnicos.

O pasado 30 de xaneiro desde o BNG rexistramos, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, acceso á “copia dos informes técnicos que avalaron os cambios feitos na Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas, citados polo Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude na pregunta oral formulada polo BNG no pleno do 28 de xaneiro”.

Superado o tempo regulamentado e sen que o goberno da Xunta nos teña respondido á devandita solicitude de documentación, confírmase a falta de transparencia coa que está a actuar o goberno da Xunta e que está a ser reforzada polo veto do grupo parlamentario á petición de comparecencia do Director Xeral de Patrimonio Cultural na

Asinado o día 09/03/2026 ás
10:59
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 09/03/2026 ás
10:59
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Comisión 4ª de Educación e Cultura para explicar as auténticas razóns das modificacións da Lei de patrimonio cultural.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a a remirtirlle ao Grupo Parlamentario do BNG a copia dos informes técnicos que avalaron os cambios feitos na Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas solicitadas ao abeiro do artigo 9”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2026 10:59:00

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2026 10:59:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:00:41
Nº Rexistro: 52959
Data envío: 09/03/2026 11:00:41.542

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 11:00:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:00:41
Nº Rexistro: 52959
Data envío: 09/03/2026 11:00:41.542

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O proxecto industrial promovido pola multinacional Altri para a instalación dunha macrocelulosa en Galicia xerou unha profunda contestación social, ambiental e económica polo seu impacto sobre o territorio, os recursos hídricos e o modelo produtivo galego.

O arquivo do procedemento anunciado pola Xunta non resolve a cuestión de fondo nin impide que o proxecto poida ser reformulado e volver a tramitarse no futuro. Galicia precisa unha decisión firme e definitiva, non unha paralización provisional.

A isto engádese un feito de especial gravidade institucional: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de declarar que a desprotección ambiental dunha zona afectada polo proxecto careceu da motivación suficiente, estimando o recurso presentado por un grupo ecoloxista e obrigando á Administración a conservar a protección ambiental da área afectada.

Esta sentenza cuestiona directamente as decisións adoptadas pola Xunta no ámbito da planificación territorial e ambiental vinculada ao proxecto, evidenciando unha actuación administrativa que reduciu a protección dunha zona sen xustificación técnica suficiente.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Resulta extremadamente grave que, mentres se tramitaba un proxecto industrial de gran impacto, se producise a desprotección ambiental dunha área afectada, xerando dúbidas sobre a neutralidade e obxectividade da actuación da Administración.

A todo isto súmase a existencia dun memorando de entendemento asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia —daquela conselleiro de Economía e Industria— e o CEO de Altri, cuxo contido segue sen facerse público, malia a súa evidente transcendencia.

Galicia non pode permitir nin opacidade nin retrocesos na protección ambiental para favorecer proxectos industriais que non acreditan o cumprimento do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Denegar en canto ao fondo o proxecto industrial promovido por Altri, impedindo a súa reapertura futura.
2. Denegar a concesión de augas pendente de autorización, por resultar incompatible coa protección sostible dos recursos hídricos.
3. Denegar a declaración ambiental estratéxica, ao non garantir o cumprimento do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente.
4. Garantir o mantemento da protección ambiental da zona afectada polo proxecto, dando cumprimento íntegro á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e revertendo calquera actuación administrativa que implicase unha desprotección inmotivada.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



5. Facer público de maneira inmediata o memorando de entendemento asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia e o CEO de Altri.

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](#)



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/03/2026 11:53:01

Lara Méndez López na data 09/03/2026 11:53:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/03/2026 11:53:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:55:55
Nº Rexistro: 52972
Data envío: 09/03/2026 11:55:55,935

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:55:55
Nº Rexistro: 52972
Data envío: 09/03/2026 11:55:55,935

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 11:55:57

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A actividade marítimo-pesqueira é esencial para a economía costeira de Galicia e para o sostemento de milleiros de familias. A actividade marisqueira, en particular, ven sendo desempeñada de forma maioritaria por mulleres, as cales desenvolven un labor especialmente duro, en condicións de dependencia do estado do medio mariño, así como dos factores climáticos e ambientais.

A protección social das profesionais do marisqueo está regulado na Lei 47/2015, de 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro. Este colectivo está integrado no Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar xestionado polo Instituto Social da Mariña, que forma parte da Seguridade Social e é dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións; e está obrigado ao abono mensual das cotas á Seguridade Social, con independencia de que poidan saír a realizar ou non a súa actividade.

Por outra banda, os plans de explotación aprobados pola Xunta de Galicia deben respectar a normativa sectorial vixente -Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia- e actuar conforme tanto ao réxime de explotación dos recursos marisqueiros como ás condicións incluídas nos plans de explotación correspondentes. Neste senso, a Xunta de Galicia pode suspender de forma temporal e ocasional a actividade extractiva cando se dean circunstancias que poñan en risco a sustentabilidade

Asinado o día 10/03/2026 ás
10:08
Por Alberto Pazos Couñago





biolóxica dos recursos marisqueiros, a seguridade xurídica do exercicio da actividade, o incumprimento das obrigas legais, así como por causas extraordinarias, como poderían ser os fenómenos meteorolóxicos adversos. Esta suspensión da actividade extractiva implica a ausencia de calquera tipo de ingreso para estas profesionais. Unha situación de inactividade forzosa que, pese a non ser imputable a elas, continúa a ser, salvo para as que cobren a prestación por cese de actividade do ISM, motivo de obriga do pago íntegro das cotas mensuais á Seguridade Social; o que, en consecuencia, agrava a súa posición económica e xera unha evidente desigualdade respecto a outros sectores que contan con mecanismos de protección ante causas de parálise de actividade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que solicite ao Instituto Social da Mariña a exención das cuotas á Seguridade Social das profesionais do marisqueo cuxos plans de explotación sexan suspendidos por resolución da Consellería do Mar e que non contén coa protección do cese de actividade, co fin de aliviar a carga económica que soportan durante os períodos de suspensión da actividade marisqueira, á vez que se lles garante a súa protección social.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/03/2026 10:08:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 10:09:06
Nº Rexistro: 53054
Data envío: 10/03/2026 10:09:06.893

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 10:09:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 10:09:06
Nº Rexistro: 53054
Data envío: 10/03/2026 10:09:06.893

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á negociación da cota da sardiña entre os estados español e portugués para 2027 e á súa distribución dentro do Estado español.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foron varias as ocasións ao longo dos últimos anos nas que este Grupo Parlamentario puxo de manifesto en sede parlamentaria as dificultades polas que vén atravesando a frota do cerco galego, sobre todo pola escaseza das principais especies peláxicas que son do seu interese, polas cada vez menores cotas asignadas e tamén polos prezos en orixe á baixa na maioría das ocasións.

Tanto foi así que a iniciativa do BNG, debatida o 15 de outubro de 2024 na Comisión de Pesca tivo o apoio unánime de todos os Grupos, que acordamos unha serie de propostas para tratar de minimizar a situación da frota do cerco e de artes menores.

Entre as medidas aprobadas daquela contemplabamos esixir ao Goberno do Estado español “a negociación dun reparto equitativo da cota da sardiña entre os Estados portugués e español, tendo en conta de cara ao novo acordo bilateral o número de buques e de tripulantes de cada un deles”.

O acordo entre os dous Estado reparte a cota total nunha porcentaxe do 33,5% para España e do 66,5% para Portugal. Deste xeito, no ano 2025 a cota total sumaba 51.738 toneladas autorizadas, das que 34.406 corresponderon a 132 embarcacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

portuguesas e 17.332 a España. Destas, 10.132 asignáronselle ao caladoiro do Cantábrico Noroeste (o 58,4% do total de España para arredor de 230 barcos, 140 deles galegos), 445 para as artes menores que empregan o xeito e 6.755 (o 39% do total de España para 59 barcos) ao cerco do Golfo de Cádiz.

Tradicionalmente, o cerco do Cantábrico e Noroeste ten necesidades de consumo superiores á cota que se lles asigna, mentres que o xeito e o Golfo de Cádiz, que non chegan a consumila, veñen aportando o seu sobranse ao mecanismo de optimización (ou “bolsa común”) mediante o que, finalmente, se reasignan as cotas non consumidas.

No caso da cota de sardiña asignada a Portugal, tamén o Estado español se vén vendo na obriga de chegar a acordos e conseguir transferencia de sardiña a cambio doutras especies de interese para a frota portuguesa.

Polo tanto, non só é totalmente inxusto o reparto e a distribución da cota dentro das distintas zonas do propio Estado español, senón tamén entre os dous Estados porque, nin nun caso nin no outro se ten en conta onde están a maioría das embarcacións e dos tripulantes e, polo tanto, a maioría das necesidades, e ademais propíciense as transmisións ou transferencias temporais que non son máis que a compra de cota por parte da frota do Cantábrico e Noroeste a outras zonas onde nunca se chega a consumir, podendo dar lugar á especulación pola súa parte.

En canto ao acordo con Portugal, que está vixente dende o 2021 e vence neste 2026, xa se fixo público que os dous Estados comezaron as negociacións de cara á renovación do acordo de xestión da sardiña coa constitución dun grupo de traballo no que o Ministerio de Pesca parece que ten a intención de impulsar unha revisión do reparto actual e, dependendo do resultado da negociación, segundo el, analizará tamén a posibilidade dun novo reparto dentro do Estado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, un novo reparto máis equilibrado da cota da sardiña entre os dous Estados sería lóxica, respondería ás vellas reivindicacións da frota maioritaria do cerco no Estado, a galega, e podería facer xustiza, se atendemos ao volume de embarcacións de cada un deles. Por outra, un novo reparto de cota dentro do propio Estado español non só sería máis xusto, senón que é absolutamente imprescindible para atender equitativamente á frota con máis necesidades e eliminar o perverso sistema de transferencia/transmisión/compra-venta do ben público que constitúen os recursos pesqueiros, independentemente do resultado da negociación con Portugal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a esixir ao Goberno do Estado:

. A negociación dun reparto da cota da sardiña con Portugal de cara ao novo acordo bilateral equilibrado e tendo en conta o número de buques e tripulantes de cada un dos dous Estados.

. Unha nova distribución da cota da sardiña entre as zonas 8c e 9a, independentemente do resultado da negociación entre España e Portugal, proporcionada e atendendo ao número de buques e de tripulantes de cada unha delas.

. Eliminar da normativa vixente a posibilidade de calquera tipo de compravenda (transferencia/transmisión) de cotas, de xeito que ninguén poida lucrase coa venda do ben público que constitúen os recursos pesqueiros, máxime cando existan necesidades noutras zonas e frotas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/03/2026 11:12:57

Carmela González Iglesias na data 10/03/2026 11:13:05

Óscar Insua Lema na data 10/03/2026 11:13:11

Daniel Castro García na data 10/03/2026 11:13:17

Paulo Ríos Santomé na data 10/03/2026 11:13:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 11:16:07
Nº Rexistro: 53060
Data envío: 10/03/2026 11:16:07,728

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 11:16:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 11:16:07
Nº Rexistro: 53060
Data envío: 10/03/2026 11:16:07.728

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a reorientación da estratexia industrial galega cara a sectores civís, sostíbeis e de valor social, fronte á deriva armamentista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe unha preocupación crecente pola orientación que está a tomar a política industrial do Goberno galego, tal e como se extrae do *Convenio 2025-1885* (coa Fundación EOI) para programas executivos en industria de defensa, da *Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030*, da *Guía de certificacións de seguridade, defensa e aeroespazo*, e da recente orde de axudas (código IN519G) para o *posicionamento de empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa*.

Estes instrumentos evidencian un esforzo institucional significativo —cun orzamento confirmado de 183 millóns de euros e unha mobilización prevista de case 900 millóns— para vincular o tecido industrial galego ás cadeas de subministración do sector da defensa.

Aínda que se reconece a importancia do sector aeroespacial, e o seu impacto consolidado na diferenciación e especialización da industria galega, o Goberno galego está a priorizar a súa conexión coa industria militar, en liña coas directrices da UE e da OTAN, asumidas tamén polo Estado español, e en detrimento doutras liñas estratéxicas con importante impacto social, tecnolóxico e de soberanía para Galiza.



A Galiza do presente e do futuro debe estar nunha posición antimilitarista e reafirmarse na súa oposición a unha economía que se nutre da guerra e da tensión xeopolítica. Porque non se pode pasar por alto que o que detrás desta deriva armamentista restán os recortes que se producirán nos servizos públicos e no detrimento doutras liñas industriais civís que consoliden o noso tecido produtivo cara o futuro.

O eixo da política industrial do Goberno galego debe priorizar o benestar da cidadanía, a cohesión territorial e o avance de xeración tecnolóxica propia e a aposta pola industria da defensa:

- 1.**Desvía recursos públicos** que poderían destinarse a sectores estratéxicos civís: enerxías renovables, economía circular, saúde, dependencia, agroecoloxía ou dixitalización con soberanía tecnolóxica.
- 2.**Vincula a Galiza a lóxicas bélicas** e a programas de armamento que contradín os valores de paz, cooperación e dereitos humanos.
- 3.**Concentra beneficios** en grandes corporacións e cadeas de subministración globais, sen garantir un retorno social, ambiental ou territorial equilibrado para o noso país.
- 4.**Expón ás pemes galegas** a requisitos de certificación complexos e custosos (PECAL, PERAM, NADCAP, etc.), que actúan como barreiras de entrada e poden xerar dependencias técnicas e financeiras.

A presenza de empresas galegas en sectores de alta tecnoloxía é un activo, mais o camiño non pode ser a súa subordinación a lóxicas militares. Galiza ten capacidades industriais, científicas e humanas para liderar transicións ecolóxicas, dixitais e sociais desde unha perspectiva civil, pacífica e de soberanía.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:



“O Parlamento da Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Promover, en coordinación coas administracións locais, as universidades galegas, os sindicatos e o tecido empresarial un *Programa de Reconversión Industrial Civil*, que facilite ás empresas do sector metal, naval e aeroespacial a transición cara a mercados civís, mediante:

- Asesoramento técnico e financeiro para a diversificación.
- Apoio á I+D+i en proxectos de aplicación social e ambiental.
- Formación profesional adaptada aos novos perfís demandados.
- Acceso a contratos públicos verdes e sociais.

2. Presentar no Parlamento, no presente período de sesións, un informe detallado sobre o impacto orzamentario, social e ambiental da Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2026-2030, incluíndo:

- Desglose do investimento público e privado mobilizado.
- Número e tipo de empregos creados e/ou proxectados, con desagregación por sector, xénero e territorio.
- Avaliación de riscos de dependencia tecnolóxica e de subcontratación en cadeas globais de armamento.
- Alternativas civís viables para os mesmos recursos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 12:33:26
Nº Rexistro: 53095
Data envío: 10/03/2026 12:33:26.755

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/03/2026 12:31:35,10/03/2026 12:31:42

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2026 12:31:49

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 12:33:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 12:33:26
Nº Rexistro: 53095
Data envío: 10/03/2026 12:33:26.755

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a política de prevención, restauración e defensa fronte aos grandes incendios forestais en Galiza, co papel das Comunidades de Montes e da comunidade científica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza viviu varias vagas de grandes incendios forestais que evidencian unha crise estrutural do modelo territorial e forestal, comparábel en intensidade ás de 2006, 2017, 2022 e 2025, cando se queimaron decenas de miles de hectáreas nun período moi curto de tempo. Só no ano 2025 arderon en Galiza 118.966 hectáreas, con 1.492 lumes rexistrados segundo datos recoñecidos pola propia conselleira do Medio Rural, aínda que as estimacións do sistema europeo EFFIS elevan a cifra por riba das 170.000 hectáreas. Estes episodios non son un accidente estatístico, senón o síntoma dunha vulnerabilidade estrutural fronte aos grandes incendios, caracterizados por velocidades e intensidades que superan a capacidade de extinción.

O marco normativo galego, en particular a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e os sucesivos PLADIGA, atribúe á Xunta a responsabilidade de planificar a prevención e a defensa contra os incendios. Pola súa parte, a Lei 13/1989 de montes veciñais en man común reconece ás Comunidades de Montes plena capacidade de xestión sobre centos de miles de hectáreas, moitas delas situadas en áreas de alto risco de incendios. Non obstante, as estatísticas da propia



administración confirman que a maior parte dos lumes e da superficie queimada se concentran precisamente en comarcas con forte presenza de montes veciñais, urbanización dispersa, masas continuas de especies pirófitas e abandono agrario, sen que exista unha reorientación a fondo do modelo territorial e forestal.

O sistema universitario galego e os centros de investigación forestal levan anos xerando coñecemento sobre dinámica da vexetación, combustibles, mosaicos agroforestais, zonas estratéxicas de xestión e restauración de áreas queimadas, así como ferramentas tecnolóxicas avanzadas de apoio á decisión (sistemas expertos, plataformas SIG, escaneado láser). Investigadores da Universidade de Vigo e da Universidade de Santiago demostraron que o que diferencia un lume devastador dun incendio menor é a estrutura e a xestión do territorio, e non só o número de medios de extinción, e desenvolveron proxectos e plataformas para identificar zonas clave de xestión, mapear riscos e planificar restauración hidrolóxico forestal. Porén, a Xunta non consolidou unha política estable de integración deste coñecemento científico na planificación oficial nin na avaliación independente dos PLADIGA e das políticas de prevención e restauración.

Esta desconexión entre discurso e realidade vese tamén na restauración dos montes queimados. Malia que en 2025 arderon preto de 119.000 hectáreas en Galiza e arredor de 42.000 corresponderon a montes públicos e de xestión pública, a Xunta exhibe como logro que interveu na restauración de pouco máis de 6.300 hectáreas, incluíndo actuacións moi puntuais como 110 hectáreas de acolchado de palla e 1.000 metros de albarradas. Isto significa que nin sequera unha de cada seis hectáreas queimadas baixo responsabilidade directa da administración autonómica recibe actuacións efectivas de restauración, malia que a comunidade científica e o CSIC veñen advertindo de que a restauración temperá e a grande escala é decisiva para evitar erosión, perda de solo, enchentes e lumes recorrentes.

As achegas das comunidades de montes, da comunidade científica, dos centros



forestais e dos propios servizos de extinción converxen nunha mesma diagnose: sen modificar o modelo territorial, sen empoderar as comunidades de montes e o medio rural para xestionar activamente o territorio e sen integrar sistematicamente o coñecemento xerado polas universidades e polos centros de investigación, Galiza seguirá expoñéndose a grandes incendios que poñen en risco vidas, bens, ecosistemas e economía. A Xunta ten a obriga legal e política de reorientar a súa estratexia, pasando dunha lóxica reactiva centrada na extinción e en actuacións testemuñais de restauración a unha política integral de prevención, xestión e recuperación que recoñeza o papel central das comunidades de montes, do medio rural vivo, da comunidade científica galega e dos concellos.

Desde unha perspectiva de país, cómpre avanzar cara a un monte multifuncional e un rural vivo, como leva defendendo o nacionalismo galego, no que o monte sexa ao tempo recurso económico, espazo de biodiversidade, garante de solo e auga e soporte de vida comunitaria. Iso implica deixar atrás o modelo de grandes masas de monocultivo de especies pirófitas, apostar por mosaicos agroforestais, pechar ciclos produtivos da madeira en Galiza e poñer o monte ao servizo da creación de emprego e de valor engadido no medio rural, tal e como recolle o plan ‘Da cinza á vida’ presentado polo BNG.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar a:

1. Elaborar, nun prazo máximo de doce meses, unha Estratexia Galega de Prevención e Restauración fronte aos Grandes Incendios Forestais, que complemente e reoriente o PLADIGA, incorporando obxectivos cuantificábeis de redución de vulnerabilidade (superficie en mosaico agroforestal, redución de continuidade de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

combustibles, diminución de superficie queimada en GIF, superficie restaurada anualmente) e garantindo a participación efectiva das comunidades de montes en man común, das organizacións agrarias, das entidades ambientais, dos centros forestais e da comunidade científica.

2. Reforzar o papel das comunidades de montes en man común na gobernanza dos incendios forestais, asegurando a súa presenza nos órganos de planificación forestal e de defensa contra incendios e creando estruturas estables de coordinación comarcal cos servizos de extinción e protección civil, recoñecendo formalmente o seu rol como axentes de prevención e restauración no ámbito da protección civil.

3. Establecer convenios plurianuais coas universidades galegas, cos centros públicos de investigación forestal e co CSIC para o desenvolvemento de ferramentas de apoio á decisión (modelos de risco, identificación de zonas estratéxicas de xestión, avaliación posincendio, planificación de restauración hidrolóxico forestal) e para a avaliación independente das políticas de prevención, do PLADIGA e dos programas de restauración de montes queimados.

4. Impulsar un modelo de monte multifuncional ao servizo dun rural vivo, promovendo mosaicos agroforestais, a diversificación de usos (madeira, produción alimentaria, silvopastoreo, cogomelos, castaña, ocio e educación ambiental) e o peche dos ciclos produtivos no propio país, co obxectivo de xerar emprego, fixar poboación e reducir a vulnerabilidade fronte aos grandes incendios.

5. Pór en marcha un programa específico, plurianual e dotado economicamente, de apoio técnico e financeiro a proxectos impulsados por Comunidades de montes orientados á creación de mosaicos agroforestais, á recuperación de superficie agraria útil e ao pastoreo extensivo como ferramenta de xestión de combustibles, con prioridade nas áreas identificadas como de alto risco de grandes incendios.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Revisar, no prazo máximo de seis meses, a normativa sobre faixas de xestión de biomasa e planificación urbanística en interfaces urbano forestais, co fin de mellorar a súa eficacia fronte aos grandes incendios, establecer criterios máis estritos para novas edificacións en zonas de alto risco e incorporar solucións baseadas na xestión activa do territorio e na creación de discontinuidades de combustibles.

7. Diseñar e executar un programa específico de restauración hidrolóxico forestal dos montes públicos e de xestión pública afectados polos incendios de 2025, cun horizonte de actuación sobre a totalidade da superficie queimada neste ámbito nun período máximo de catro anos, empregando como base a identificación de áreas prioritarias realizada polos centros de investigación e garantindo a participación das comunidades de montes e da veciñanza afectada.

8. Presentar anualmente no Parlamento de Galiza un informe monográfico sobre grandes incendios forestais e restauración de montes queimados, que inclúa datos detallados por distrito forestal, análise da efectividade das medidas de prevención estrutural, avaliación da participación das Comunidades de montes e da comunidade científica e proposta de melloras normativas derivadas das leccións aprendidas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/03/2026 15:35:10

Secundino Fernández Fernández na data 10/03/2026 15:35:22

Luis Bará Torres na data 10/03/2026 15:35:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53118
Data envío: 10/03/2026 15:37:34.963

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 15:37:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53118
Data envío: 10/03/2026 15:37:34.963

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe desenvolver o Goberno galego no que ten haber co investimento en innovación empresarial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe "Ardán Galicia 2025", elaborado pola Cátedra Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo, ofrece unha radiografía esclarecedora e preocupante sobre o estado da innovación empresarial no noso país. Neste documento constátase que, malia os discursos institucionais sobre a transformación dixital e ecolóxica, Galiza segue a arrastrar debilidades estruturais que comprometen a nosa soberanía económica e a capacidade de crear emprego de calidade.

Os datos son contundentes: o esforzo en I+D interna das empresas galegas sitúase no 0,40% da cifra de negocio en 2024, unha cifra inferior á media histórica galega (0,54%) e moi lonxe dos estándares europeos de países líderes, que superan o 3%. Esta falta de investimento propio condénanos a unha dependencia tecnolóxica externa, onde a innovación é maioritariamente imitativa ou incremental (43,1% en procesos), e apenas un 2,3% das innovacións poden considerarse disruptivas ou auténticas.

Ademais, detéctase unha tripla deficiencia estrutural percibida polo conxunto empresarial que frea o potencial do noso tecido produtivo:



- **Barreiras financeiras:** O 16,6% das empresas considera o custo da innovación unha barreira elevada.
- **Fuga e escaseza de talento:** O 19,1% das empresas sinala a dificultade para atraer e reter persoal cualificado como un obstáculo maior.
- **Desconexión ciencia-empresa:** Só o 34,9% das empresas coopera en I+D+i, e a colaboración con universidades é residual (10%), malia o potencial do noso sistema público de investigación.

A isto súmase unha eficiencia decrecente do investimento: o retorno económico baixou a 4,9€ por cada 1€ investido en 2024, fronte aos 7€ de 2023. Igualmente grave é a desigualdade territorial que evidencia que as políticas actuais non están a combater o despoboamento nin a fenda rural-urbana.

Así mesmo, e recoñecendo que aumentou o esforzo, no que ten haber cos recursos que se destinan a innovación e á I+D+i en xeral este investimento está moi lonxe do que marcan tódolos estándares. Os últimos datos, como o informe de converxencia do Consello Económico e Social (CES) do 2024 que indicaba como o investimento en I+D+i foi do 1,06%, moi lonxe do 2,5% ao que se debe tender.

O Goberno galego debería entender que a innovación non pode ser un luxo para unhas poucas empresas nin un elemento concentrado no arco atlántico. A innovación debe ser unha ferramenta de soberanía nacional, que garanta que o coñecemento xerado en Galiza reverta en Galiza, e que contribúa a fixar poboación en todo o territorio. As políticas actuais do Goberno galego, baseadas en incentivos dispersos e sen unha estratexia de país, demostraron ser insuficientes para cambiar esta tendencia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:



“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Elaborar un Plan Estratéxico de Soberanía Tecnolóxica 2027-2032 que eleve o esforzo en I+D+i interna ata o obxectivo mínimo do 2,5% da cifra de negocio e do PIB, dotado de fondos suficientes e recollido nos sucesivos orzamentos, co obxectivo de multiplicar a captación de fondos comunitarios, aumentar o investimento nas empresas e garantir que a propiedade intelectual e as sedes sociais e fiscais das empresas beneficiarias permanezan en Galiza.
2. Comprometer un reforzo orzamentario para os Centros Tecnolóxicos, de interese público, orientando liñas específicas á transferencia de innovación aplicada para PEMES e sectores tradicionais.
3. Establecer criterios obrigatorios de creación e mantemento de emprego, sostibilidade e impacto social en todas as liñas de subvención á innovación, aliñando o modelo cunha transición tecnolóxica socialmente xusta.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/03/2026 16:12:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/03/2026 16:12:37

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2026 16:12:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53124
Data envío: 10/03/2026 16:14:03,257

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 16:14:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53124
Data envío: 10/03/2026 16:14:03,257

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as achegas feitas pola Xunta de Galiza aos proxectos de desenvolvemento da enerxía eólica mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2009, este Parlamento rexistrou un rexeitamento unánime á eólica mariña mediante iniciativa do PPdeG, unindo PP, PSdeG e BNG na defensa da pesca e marisqueo fronte á invasión competencial do Estado. O 26 de maio de 2021, aprobouse con votos de PP e PSdeG (en contra do BNG) unha PNL do Grupo Popular para promover a eólica mariña "sen dano ás actividades pesqueiras nin á preservación do ecosistema mariño".

Os POEM aprobados polo Real Decreto 150/2023 sitúan 4 dos 8 polígonos da Zona Noratlántica fronte ás costas galegas (2.114 km², 43% do total estatal), concentrando case o 47% da superficie apta en España. No segundo ciclo (consulta pública novembro 2025), o MITECO reconece que a "tecnoloxía flotante non está tan madura" e a información pesqueira é "inexistente ou incompleta", pese a iso, impulsou o borrador de orde de poxa (consulta previa 5 febreiro 2026).

Na pregunta oral do BNG no Senado o 3 de marzo de 2026, a senadora Carme da Silva interrogou ao Ministro Planas polos estudos sobre impacto da eólica nos caladoiros e ecosistemas. Planas defendeu a "compatibilidade" vía POEM, estudos conxuntos e diálogo, pero admitiu limitacións nos datos de pegada sobre a actividade pesqueira, por non dispor de datos en embarcacións de menos de 12 metros de eslora, criticou á Xunta





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

por non remitilos e anunciou xeolocalización obrigatoria en 2026-2028, sen responder directamente á ausencia de avaliacións completas. As ZAPER coinciden ao 100% con caladoiros tradicionais, afectando ás migracións de anguía e cetáceos, desoves de pescada; de feito o informe principal do CSIC/IEO sobre zonas de desove da pescada (*Merluccius merluccius*) no Atlántico reconece a coincidencia destas áreas coas ZAPE fronte á costa atlántica.

A Xunta, contradíse; reclama "garantías de coexistencia" pero a conselleira de Economía urxe poxas prioritarias, ignorando a Consellaría de Mar e o sector unánime agrupado na Plataforma en Defensa da Pesca. A Directiva 2014/89/UE e Pacto Verde esixen precaución e estudos previos para a seguridade alimentaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

1. Rexeitar calquera aceleración das poxas de eólica mariña ata que existan estudos científicos concluíntes sobre impactos ambientais, socioeconómicos.
2. Esixir ao Goberno central paralización das subastas e revisión das ZAPER nos POEM de segundo ciclo, excluindo vedas, zonas de desove e caladoiros prioritarios.
3. Apoiar as reivindicacións da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños a este respecto.
4. Voltar ao consenso do ano 2009 namentres non existan garantías técnicas, ambientais e sociais sobre a tecnoloxía eólica mariña.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 10/03/2026 16:39:41

Rosana Pérez Fernández na data 10/03/2026 16:39:48

Luis Bará Torres na data 10/03/2026 16:39:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:41:42
Nº Rexistro: 53131
Data envío: 10/03/2026 16:41:42.361

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:41:42
Nº Rexistro: 53131
Data envío: 10/03/2026 16:41:42.361

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 16:41:43

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Exposición de motivos

A ausencia de residencias públicas na comarca do Morrazo é unha evidencia a pesar de existir unha necesidade cada vez máis urxente.

No mes de maio de 2022 o Grupo Municipal Socialista do PSdeG-PSOE presentaba unha moción ao pleno do Concello de Marín para tratar de buscar solución a esta situación. Esa moción foi aprobada por unanimidade e nela acordábase:

- o “Iniciar os trámites administrativos e urbanísticos necesarios para a consecución dos terreos necesarios para a radicación dunha nova residencia da terceira idade nun dos nosos dous núcleos urbanos.
- o Iniciar as conversas e negociacións coa Xunta de Galicia para planificar nos vindeiros anos a posta a disposición dos terreos obtidos polo Concello de Marín para que efectúen a construción dunha moderna e ampla residencia de maiores no noso concello.”



Argumentábase nese momento que “Sen embargo, en Marín existe a día de hoxe unha única residencia de maiores construída hai xa moitos anos e que conta con 78 prazas para persoas válidas”.

Unha cifra claramente insuficiente para dar servizo aos preto de 1.000 veciños que teñen máis de 85 anos e ás súas familias.

Expoñíase así mesmo que “Todos coñecemos a terrible problemática de atopar prazas en residencias de maiores: os prezos nas residencias privadas son absolutamente inalcanzables para a maioría da poboación, acadando as veces os 3.000€ ao mes por unha praza nunha residencia privada.

Así mesmo a escasísima dotación de prazas públicas fai que as listas de espera sexan de moitos anos e que as veces as residencias que se lle asignan están en residencias noutros territorios.”

Con todo, o certo é que case catro anos despois, a situación é exactamente a mesma. Nada se fixo ao respecto.

Hai oito meses a Xunta de Galicia anunciaba “que o Goberno galego segue avanzando na atención ás persoas maiores e, tal e como anunciou o presidente Rueda no Debate de Política Xeral, hai previsto construír 24 novas residencias públicas, o que permitirá habilitar 1.800 prazas en concellos de menos de 50.000 habitantes”.

Ao tempo, a Xunta de Galicia ben de anunciar un Proxecto de Interese Autonómico co que desenvolver vivenda solo para a construción de vivenda pública na zona de Raposeiras.



Para o dito proxecto desenvolverase un proceso de valoración de parcelas, de expropiación, de aperturas de viarios, de dotación de servizos... Aproveitar ese traballo para dotar o Morrazo dunha parcela pública para unha residencia de maiores é unha oportunidade óptima.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar unha superficie de 5.000 m2 que permita a construción futura dunha residencia pública para maiores ao Proxecto de Interese Autonómico que está a desenvolver na zona de Raposeiras (Concello de Marín).

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/03/2026 17:51:25

Elena Espinosa Mangana na data 10/03/2026 17:51:34

Silvia Longueira Castro na data 10/03/2026 17:51:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/03/2026 17:51:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 17:56:20
Nº Rexistro: 53152
Data envío: 10/03/2026 17:56:20.537

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 17:56:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 17:56:20
Nº Rexistro: 53152
Data envío: 10/03/2026 17:56:20.537

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

pola que se insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante as institucións comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún

Exposición de Motivos

O Galicia é a principal comunidade produtora de conservas de atún, segmento que representa o 70% do volume total da produción española de peixes e mariscos. Polo tanto, resulta de especial importancia garantir unha subministración axeitada de materia prima á industria de transformación que asegure a súa resiliencia e desenvolvemento sostible.

Na actualidade está en elaboración a proposta do novo regulamento comunitario que establecerá os continxentes arancelarios da Unión Europea para determinados produtos da pesca no período 2027-2029, entre eles o correspondente aos lombos de atún.

O establecemento dun continxente mal dimensionado poñería en perigo os 12.000 postos de traballo que a industria transformadora xera en Galicia e, en última instancia, dificultaría a oferta e dispoñibilidade no mercado de produtos nutritivos para os consumidores.

Para determinar o establecemento dunha cantidade concreta de lombos de atún, desde o sector tiveron en conta varios factores tales como: as tendencias pasadas e actuais, evolución e perspectivas de mercado e comercio -tanto a nivel da Unión Europea como mundial-, o valor engadido, a sustentabilidade, e as preferencias comerciais.

Así o sector apunta a que unha cifra axeitada estaría nun continxente arancelario de lombos de atún de 55.000 toneladas ao 0% de arancel, para o período de referencia, 2027-2029.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 10/03/2026 ás
18:47
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo iso, consideramos conveniente que o Parlamento de Galicia adopte unha posición en relación con este asunto, co obxectivo de apoiar ao sector conserveiro do atún, asegurar a competitividade empresarial e a xeración de emprego no territorio nacional e comunitario no que, cómpre insistir, destaca Galicia como principal comunidade autónoma produtora.

Como sempre defendemos, sobra insistir no importante que para Galicia é que a Unión Europea á hora de tomar decisións, teñan en conta todos os aspectos económicos e sociais, así como as consecuencias do que establece nos seus regulamentos, nun sector xa de por si sensibles

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante as institucións comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún de 55.000 toneladas ao 0% do arancel para o próximo período 2027-2029.
- 2.- Dirixirse aos deputados do Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego con representación no Parlamento europeo para que apoiem esta demanda, no marco do debate do novo regulamento europeo que establecerá os continxentes arancelarios da Unión Europea para determinados produtos da pesca”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/03/2026 18:47:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53169
Data envío: 10/03/2026 18:47:25.271

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 18:47:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53169
Data envío: 10/03/2026 18:47:25.271

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 10/03/26
19:01
Por Sonia Vidal Lamas

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas que ten pensado aplicar a Xunta de Galiza para mitigar o impacto da suba de prezos do combustible, fertilizantes e alimentos no sector agrogandeiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os custos de produción na gandería galega son resultado dunha serie de variables nas que pouco poden influír os titulares das explotacións, afectados finais das variacións. Así, o prezo dos alimentos, combustibles, enerxía ou fertilizantes, que son unha boa parte do investimento que se precisa para producir leite, carne, ovos e demais produtos de orixe animal derivados do gando galego, modifican substancialmente o rendemento das explotacións presentes no territorio.

Así, as marxes de beneficios dos gandeiros e gandeiras galegas dependen, na maior parte dos casos, de variacións na climatoloxía, oferta e demanda, conflitos internacionais, etc, en lugares do mundo que se atopan a milleiros de quilómetros de distancia. É o caso actual co conflito que EEUU e Israel comezou con Irán, que ven de afectarnos nestas últimas xornadas directamente no prezo do combustible en xeral e do adicado á maquinaria agrícola en particular. As fortes subas que se produciron ao longo desta semana, propias da especulación que se xera ao redor da inestabilidade global, afectan xa aos petos dos gandeiros e agricultoras galegas, con aumentos de prezo por litro que superan o 20% en apenas 48 horas, pasando de 0,90 euros/litro a 1,40.

Este clima de inestabilidade que lle afecta aos combustibles, ocasiona un aumento tanto dos prezos dos alimentos coma dos fertilizantes, ao igual que aos servizos externalizados que prestan cooperativas, autónomos ou empresas, xusto nun momento no que a época do ano os prexudica especialmente, xa que estes meses vindeiros se concentra grande parte das labores de

Asinado o día 10/03/2026 ás
19:00
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 10/03/2026 ás
18:59
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maquinaria agrícola no país. A tempada de abonar ven de comezar e o ensilado e sementeira está próximo, polo que a demanda de combustible e fertilizantes irá en aumento, e con esa demanda irase notando o efecto do encarecemento por mor da guerra e a especulación no noso rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear unha liña de axudas para mitigar o efecto da suba de combustible no sector agrogandeiro galego, que se estenda durante os 6 próximos meses, evitando que os custos de produción aumenten de xeito exponencial e polo tanto os prezos de mercado de produtos de primeira necesidade derivados da gandería e a agricultura sufran unha forte subida.
2. Facer un estudo de custos de produción no sector agrogandeiro galego, que permita valorar e analizar as distintas variables que afectan ás nosas marxes de produción e as medidas que se poden tomar para evitar que inflúan no noso sector primario.
3. Analizar o efecto da suba do combustible sobre os fertilizantes químicos usados nas nosas producións agrogandeiras, elaborando un estudo que permita coñecer e valorar as necesidades reais das terras que son obxecto dese abonado.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/03/2026 18:59:32

Luis Bará Torres na data 10/03/2026 19:00:50

Sonia Vidal Lamas na data 10/03/2026 19:01:38

Secundino Fernández Fernández na data 10/03/2026 19:02:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/03/2026 19:03:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53174
Data envío: 10/03/2026 19:05:02.064

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 19:05:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53174
Data envío: 10/03/2026 19:05:02.064

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 11/03/2026 ás 09:11
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á adquisición por parte da Xunta de Galiza do mapa de Fontán actualmente ofertado nunha poxa pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O valor histórico e patrimonial da identidade cultural galega a través da cartografía do mapa de Fontán é incuestionábel.

Apenas fican en Galiza algúns exemplares do mapa orixinal de Galiza, o primeiro que o matemático Fontán realizou con métodos científicos modernos.

A través de diferentes informacións xornalísticas acaba de se facer público o anuncio dunha casa de poxas madrileña da inminente poxa dun dos exemplares deste mapa cun prezo de saída de 2.500 euros.

Á vista do alto valor científico e patrimonial desta cartografía única, así como dos escasos exemplares que hoxe conservamos, desde o BNG entendemos que o goberno da Xunta debe implicarse para que esta reprodución permaneza no noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

Asinado o día 11/03/2026 ás 09:11
Por Daniel Castro García

Asinado o día 11/03/2026 ás 09:11
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a realizar as accións oportunas para mercar o mapa de Fontán actualmente ofertado nunha poxa pública co obxectivo de recuperalo para o patrimonio cultural de todos os galegos e galegas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/03/2026 9:11:02

Daniel Castro García na data 11/03/2026 9:11:09

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2026 9:11:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53178
Data envío: 11/03/2026 09:13:19.948

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 9:13:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53178
Data envío: 11/03/2026 09:13:19.948

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas para mitigar o impacto da suba dos carburantes no sector do transporte de mercadorías galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do transporte de mercadorías está a sufrir unha nova situación de emerxencia após o incremento do prezo dos carburantes por mor da guerra ilegal e criminal que os EEUU e Israel están a impoñer en Oriente Próximo cos ataques a Irán.

Esta situación de incremento do prezo dos carburantes non só afecta ao sector do transporte de mercadorías, xa que a afectación é xeneralizada en moitos sectores que dependen dos carburantes para levar a cabo a súa actividade.

Sendo isto certo, o sector do transporte de mercadorías é totalmente estratéxico e o eixo central no aumento xeneralizado dos prezos de todos os produtos que mercamos a todos os niveis ou das materias primas que se utilizan para a elaboración de calquera produto elaborado.

É por isto que o incremento do prezo dos carburantes ten unha afectación especialmente brutal desde o punto de vista social e de carestía da vida, após anos de incremento do custe da vida, dunha inflación que afoga ás clases populares e cuns salarios que cada vez valen menos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar dun contexto moi volátil, cunha escalada dos prezos do combustible que xa está a afectar ao conxunto do pobo galego e concretamente ao sector do transporte de mercadorías

É necesario, pois, que as administracións públicas mobilicen recursos para erguer un escudo social para que as consecuencias da cultura da guerra despiadada dos EEUU e Israel, non empeoren a vida das clases populares galegas e das pequenas e medianas empresas do noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao Goberno Galego a:

1. Demandar do goberno do Estado a aplicación de medidas sociais e económicas que mitiguen a suba do prezo dos carburantes no sector do transporte de mercadorías, en consonancia coas medidas postas en marcha no pasado recente.
2. Mobilizar recursos propios, en elementos da súa competencia, para axudar na mitigación dos efectos da guerra criminal levada adiante polos EEUU e Israel, como son a suba do prezo dos carburantes concretamente no sector galego de transporte de mercadorías”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 11/03/2026 9:29:42

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2026 9:29:47

Luis Bará Torres na data 11/03/2026 9:30:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:31:08
Nº Rexistro: 53184
Data envío: 11/03/2026 09:31:08,234

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 9:31:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:31:08
Nº Rexistro: 53184
Data envío: 11/03/2026 09:31:08,234

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a transferencia de competencias en materia de seguridade de presas e embalses e relocalización obrigatoria dos centros de control das centrais hidroeléctricas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha extensa rede de embalses e centrais hidroeléctricas que xestionan os principais cursos fluviais do país. Estes activos estratéxicos, alén da súa función enerxética, teñen un papel fundamental na prevención de riscos derivados de crecidas, na regulación hídrica e na resposta a emerxencias climáticas.

A seguridade na explotación destas infraestruturas esixe unha supervisión permanente e unha capacidade de resposta inmediata ante situacións de emerxencia. Non obstante, nos últimos anos asistimos a un proceso de deslocalización dos centros de control que supervisaban as infraestruturas galegas, trasladándose a outros territorios.

Un exemplo paradigmático deste proceso é o peche por parte de Iberdrola do Centro de Operación de Cuenca do Sil, situado na Rúa de Valdeorras (Ourense), en abril de 2025. Este centro controlaba as principais infraestruturas hidroeléctricas da conca do Sil e foi trasladado ao Centro de Operación Hidráulico (COHI) de Salamanca.

Este traslado supuxo perda de emprego cualificado no que se desmantelaron postos de traballo técnicos en Valdeorras.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tamén supón esta deslocalización riscos para a seguridade ao incrementarse a distancia entre os centros de decisión e as infraestruturas físicas, con tempos de resposta superiores en caso de emerxencia.

Outra das consecuencias é a perda de coñecemento do territorio. O persoal foráneo carece da experiencia e coñecemento detallado das bacías galegas que tiña o persoal local.

Pero sobre todo o que significa esta fuxida é unha subordinación económica e política; dado que consolida o control estratéxico das nosas infraestruturas fóra de Galiza, coa convivencia das administracións estatal e autonómica que fomentan a concentración do rendemento dos activos enerxéticos galegos fóra do país.

Este proceso foi denunciado por organizacións sindicais, concellos e deputacións, sen que a Xunta de Galiza nin o Goberno central tomaran medidas para impedi-lo.

A seguridade de presas e embalses no Estado español regúlase polo Real Decreto 264/2021, de 13 de abril, que aproba as Normas Técnicas de Seguridade (NTS) para a explotación, revisións de seguridade e posta fóra de servizo de grandes presas e embalses.

A Norma Técnica de Seguridade nº 2 (NTS-2) establece os requisitos para a explotación de presas, incluíndo:

- Plans de inspección e mantemento.
- Designación dun director de explotación.
- Sistemas de comunicación e equipos de emerxencia.
- Plans de emerxencia e sistemas de aviso.

Non obstante, esta normativa non establece requisitos sobre a localización xeográfica dos centros de control, nin sobre a presenza obrigatoria de persoal técnico no territorio onde se atopan as infraestruturas. Esta lagoa normativa permite que as empresas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

titulares deslocalicen os centros de control sen consecuencias legais, subordinando a seguridade e a xeración de emprego a criterios de optimización empresarial.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, anunciou recentemente que a Xunta de Galiza solicitará ao Goberno central a transferencia de competencias plenas sobre os ríos e encoros de Galiza, actualmente compartidas coas Confederacións Hidrográficas. Esta demanda responde á necesidade de mellorar os sistemas de aviso ante fenómenos meteorolóxicos extremos, tras episodios como o primeiro aviso vermello de MeteoGalicia en xaneiro de 2026.

Esta petición abre unha oportunidade histórica para ir máis alá da simple transferencia administrativa e esixir ao Goberno central:

Primeiro. A transferencia de competencias en materia de seguridade de presas e embalses situados integramente no territorio galego.

Segundo. A modificación da NTS-2 para incluír a obrigatoriedade de que os centros de control estean situados no territorio da comunidade autónoma onde se localizan as infraestruturas.

Terceiro. A recuperación dos centros de control deslocalizados, incluído o Centro de Operación de Cuenca do Sil en Valdeorras.

Esta proposta sustentase en tres piares fundamentais.

1. Seguridade e prevención de riscos

A presenza de centros de control no territorio garante tempos de resposta máis curtos en caso de emerxencia. Ao mesmo tempo empregar a persoal local que dispón de experiencia práctica sobre o comportamento das bacías, riscos específicos de cada infraestrutura e as dinámicas climáticas locais, favorecendo a coordinación eficaz con servizos de emerxencia autonómicos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Autonomía enerxética e soberanía estratéxica

As presas e centrais hidroeléctricas son activos estratéxicos que non poden estar supeditados a decisións empresariais nin controlados desde territorios alleos. A recuperación do control operativo destas infraestruturas reforza a capacidade de planificación enerxética autonómica ao tempo que asegura autonomía ante situacións de crise enerxética ou climática e a vertebración territorial e o control soberano dos recursos naturais propios.

3. Emprego cualificado e fixación de poboación

A relocalización dos centros de control supón a recuperación de emprego técnico cualificado en zonas rurais como Valdeorras, O Ribeiro, etc. O que achegaría fixación de poboación en áreas afectadas pola despoblación.

Ao mesmo tempo esta medida impulsaría a creación de ecosistemas tecnolóxicos locais vinculados á xestión enerxética e hídrica.

Este precedente demostra que as transferencias graduais son posibles mediante Comisións Mixtas de Transferencias cando existe vontade política.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar ao Goberno do Estado a transferencia plena de competencias en materia de xestión dos ríos e encoros situados integramente en Galiza.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Demandar ao Goberno do Estado a transferencia de competencias en materia de seguridade de presas e embalses situados integramente en Galiza, actualmente exercidas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

3. Solicitar ao Goberno do Estado a modificación da Norma Técnica de Seguridade nº 2 (NTS-2), aprobada polo Real Decreto 264/2021, para incluír a obrigatoriedade de que os centros de control operativo de presas e embalses estean situados no territorio da comunidade autónoma onde se localizan as infraestruturas, garantindo a presenza de persoal técnico permanente con coñecemento directo do territorio.

4. Lexislar para que ás empresas titulares de presas e centrais hidroeléctricas en Galiza, localicen os centros de control no territorio galego, en cumprimento dos principios de seguridade, prevención de riscos e coñecemento do territorio.

5. Establecer, no proceso de transferencia de competencias, un rexistro autonómico de presas e embalses que inclúa a localización dos centros de control, a identificación do persoal responsable e os protocolos de coordinación cos servizos de emerxencia.

6. Crear unha mesa técnica de coordinación entre a Xunta de Galiza, as empresas titulares de presas, os concellos afectados e as organizacións sindicais para garantir a implementación efectiva das medidas anteriores, con especial atención á recuperación de emprego cualificado nas zonas rurais afectadas pola deslocalización.

7. Impulsar na Comisión Mixta de Transferencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galiza a negociación dun acordo marco de transferencia de competencias en materia hídrica e de seguridade de presas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 11/03/2026 12:54:02

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/03/2026 12:54:10

Secundino Fernández Fernández na data 11/03/2026 12:54:53

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2026 12:55:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 12:57:45
Nº Rexistro: 53192
Data envío: 11/03/2026 12:57:45.134

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 12:57:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 12:57:45
Nº Rexistro: 53192
Data envío: 11/03/2026 12:57:45.134

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Exposición de motivos

Este inverno 2026 producíronse actuacións de limpeza e suposta conservación do leito do río Ventoso ao seu paso pola parroquia de Pardesoa, no concello de Forcarei, promovidas por Augas de Galicia e executadas por unha empresa contratada para tal fin.

Estas actuacións realizáronse mediante o uso de maquinaria pesada e tractores ao longo de máis dun quilómetro dun espazo natural de gran valor ambiental, provocando danos significativos nun camiño tradicional que discorre en paralelo ao río e que se atopaba en bo estado grazas ao coidado e mantemento realizado historicamente pola veciñanza.

Especial preocupación causa o impacto producido na contorna dunha ponte de pedra tradicional, elemento patrimonial de interese que forma parte da paisaxe cultural da zona e que debería ser preservado con especial cautela.

Este camiño forma parte, ademais, do itinerario cultural coñecido como “Roteiro do crime de Pardesoa”, inspirado na obra literaria *O crime de Pardesoa*, que contribúe á divulgación da historia local e ao desenvolvemento de iniciativas de turismo cultural no rural.



De feito, diversas iniciativas cidadás e culturais promoven a posta en valor deste percorrido, que combina patrimonio natural, memoria histórica e literatura, converténdose nun recurso de interese para o concello de Forcarei e para a comarca.

Non obstante, as actuacións realizadas recentemente provocaron un deterioro evidente da vereas tradicional e da súa contorna, xerando indignación entre a veciñanza e preocupación polo impacto que estas intervencións poden ter tanto no patrimonio como no potencial turístico e cultural da zona.

Por todo o anterior, resulta necesario aclarar as condicións nas que se realizaron estas actuacións, avaliar os danos ocasionados e impulsar medidas de restauración e protección do camiño e da súa contorna, xa que as feitas ata o de agora son insuficientes.

Por iso, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reparar os danos ocasionados polas actuacións de limpeza executadas no río Ventoso ao seu paso pola parroquia de Pardesoa, no concello de Forcarei, e proceder á restauración ambiental, paisaxística e patrimonial da vereas tradicional e da contorna do ponte de pedra afectado, recuperando o seu estado anterior e os elementos etnográficos deteriorados.
2. Garantir que futuras actuacións no dominio público hidráulico realizadas por Augas de Galicia se desenvolvan con criterios de conservación do patrimonio natural, cultural e paisaxístico, adoptando protocolos que eviten a deterioración

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



de camiños tradicionais, elementos etnográficos e espazos naturais de especial valor.

3. Colaborar co Concello de Forcarei, coas comunidades de montes e coa veciñanza para a posta en valor, sinalización e recoñecemento do itinerario cultural “Roteiro do crime de Pardesoa”, vinculado á obra *O crime de Pardesoa*, como recurso de promoción do patrimonio, da memoria local e do turismo cultural no medio rural. E nomeadamente, garantir a conservación, protección e posta en valor da ponte de pedra tradicional existente na zona, adoptando as medidas necesarias para evitar a súa deterioración.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/03/2026 16:40:04

Carlos López Font na data 11/03/2026 16:40:13

Aitor Bouza Manso na data 11/03/2026 16:40:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/03/2026 16:40:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 16:43:16
Nº Rexistro: 53242
Data envío: 11/03/2026 16:43:16.784

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 16:43:16
Nº Rexistro: 53242
Data envío: 11/03/2026 16:43:16.784

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 16:43:17

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Directiva (UE) 2020/285 do Consello, do 18 de febreiro de 2020, modifica o sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no relativo ao réxime especial das pequenas empresas, coa finalidade de simplificar as obrigas fiscais dos pequenos empresarios e das persoas traballadoras autónomas.

Esta normativa europea permite que os Estados membros establezan un réxime de franquía do IVE para aqueles operadores económicos cun volume reducido de facturación anual, posibilitando que queden exentos de repercutir, liquidar e declarar o imposto, reducindo cargas administrativas e facilitando o desenvolvemento da actividade económica.

A Directiva establecía como data límite de transposición o 31 de decembro de 2024, coa súa aplicación prevista a partir do 1 de xaneiro de 2025. Porén, España continúa sen completar dita transposición, situándose nunha posición excepcional dentro da Unión Europea e xerando unha clara desvantaxe competitiva para autónomos e pequenas empresas fronte aos seus homólogos europeos. Esta situación resulta especialmente relevante en Galicia, unha comunidade cun elevado peso do traballo autónomo e das microempresas en sectores como o comercio de proximidade, os servizos persoais, a construción, o turismo rural ou os oficios tradicionais.

A problemática adquire unha especial intensidade no espazo transfronteirizo galego-portugués.





Tal e como puxo de manifesto a Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) nun recente encontro institucional celebrado en Tui xunto a organizacións empresariais portuguesas, a inexistencia do IVE franquiciado en España provoca unha desigualdade directa na competencia económica diaria entre profesionais situados a ambos lados da fronteira.

Mentres Portugal xa aplica este sistema, permitindo que micronegocios con menor facturación queden exentos da liquidación periódica do imposto, os autónomos galegos continúan obrigados a repercutir e declarar o IVE desde o primeiro euro facturado, asumindo maiores custos administrativos e de xestión.

Segundo os datos analizados neste encontro empresarial, o tecido autónomo portugués conta con arredor de 720.000 profesionais por conta propia, dos cales entre 330.000 e 350.000 operan como empresarios individuais, moitos deles con ingresos axustados e sen persoal contratado. Unha parte significativa destes sitúase preto do limiar do réxime franquiciado portugués, establecido arredor dos 15.000 euros anuais, evidenciando que esta medida está dirixida ao segmento máis vulnerable do tecido produtivo e non ás grandes empresas.

Nun territorio como Galicia, onde a actividade económica cruza diariamente a fronteira en ámbitos como o comercio, os servizos técnicos ou os oficios tradicionais, esta diferenza normativa tradúcese nunha perda real de competitividade para autónomos de localidades como Verín, Tui, A Guarda ou O Rosal fronte aos profesionais establecidos en Chaves, Valença ou Caminha.

A implantación do réxime de franquía do IVE permitiría reducir trámites burocráticos, diminuír custos de xestión, mellorar a liquidez dos pequenos negocios e favorecer que os profesionais dediquen máis tempo á actividade produtiva e menos ás obrigas formais tributarias.

En consecuencia, e ante a relevancia económica e social do traballo autónomo en Galicia e no conxunto do Estado, resulta imprescindible instar ao Goberno de España a proceder á transposición íntegra e urxente da Directiva (UE) 2020/285, garantindo condicións de competencia equivalentes no mercado interior europeo.





En base ao anteriormente exposto, e seguindo o modelo recollido no borrador presentado , o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Transpoñer a Directiva (UE) 2020/285, cumprindo coas obrigas derivadas do Dereito da Unión Europea relativas ao réxime especial de franquía do IVE para pequenas empresas e persoas traballadoras autónomas.
- 2.- Aprobar un réxime estatal, voluntario, claro e sinxelo de franquía do IVE para pequenos negocios e autónomos, que permita reducir cargas administrativas, mellorar a liquidez e favorecer o emprendemento e a continuidade das actividades económicas de menor dimensión.
- 3.- Garantir a plena operatividade do réxime transfronteirizo previsto pola normativa europea, evitando situacións de desvantaxe competitiva para autónomos e pequenas empresas españolas, especialmente nos territorios fronteirizos con Portugal, asegurando condicións de competencia equilibradas no mercado interior europeo”.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 18:02:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 18:02:14
Nº Rexistro: 53270
Data envío: 11/03/2026 18:02:14.945

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 18:02:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 18:02:14
Nº Rexistro: 53270
Data envío: 11/03/2026 18:02:14.945

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González**, abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno galego en relación co reforzo do cadro de persoal da oficina do Instituto Nacional da Seguridade Social en Betanzos e garantir a atención presencial e de proximidade

Exposición de Motivos

Betanzos é cabeceira de partido xudicial e referencia administrativa que abrangue 16 concellos, o que lle confire un papel clave na prestación de servizos públicos á cidadanía da súa contorna.

Porén, a oficina do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) situada en Betanzos vén sufrindo desde hai tempo unha insuficiente dotación de persoal, o que provoca graves deficiencias na atención presencial. Esta situación tradúcese na imposibilidade de realizar trámites básicos sen cita previa, longas esperas, dificultades para a presentación presencial de documentación e unha atención claramente insuficiente para dar resposta á demanda existente.

Como consecuencia directa desta carencia de medios humanos, a veciñanza da área de influencia de Betanzos vese obrigada a realizar desprazamentos longos e custosos para poder acceder a un servizo público esencial, tendo que acudir a outras oficinas situadas a distancias moi considerables, entre elas:

- Melide, a aproximadamente 52 quilómetros.
- Ortigueira, a uns 87 quilómetros.
- Corcubión, a arredor de 116 quilómetros.
- A Pobra do Caramiñal, a preto de 95 quilómetros.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Estes desprazamentos supoñen un custo económico e de tempo dificilmente asumible, especialmente para as persoas maiores, aquelas con mobilidade reducida ou con menos recursos económicos, que dependen en maior medida da atención presencial.

Resulta especialmente chamativo que, en contraste con esta situación, outras oficinas do INSS situadas en municipios de menor tamaño e menor peso administrativo contan cunha maior dotación de persoal, o que xera un evidente agravio comparativo e unha quebra do principio de equidade territorial no acceso aos servizos públicos.

A Seguridade Social é un dos piares fundamentais do Estado do benestar, e a súa correcta prestación esixe garantir unha atención presencial suficiente, próxima e accesible, con independencia do lugar de residencia da cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1. Reforzar de maneira inmediata o cadro de persoal da oficina do Instituto Nacional da Seguridade Social en Betanzos, dotándoa dos efectivos necesarios para garantir unha atención presencial adecuada, continuada e de calidade.
2. Equiparar a dotación de recursos humanos da oficina do INSS de Betanzos á existente noutros centros de menor tamaño, evitando agravios comparativos e garantindo un trato equitativo á cidadanía da súa área de influencia.
3. Garantir a atención presencial sen barreiras innecesarias, facilitando a realización de trámites básicos sen depender exclusivamente do sistema de cita previa, con especial atención ás persoas maiores e aos colectivos máis vulnerables.
4. Adoptar as medidas necesarias para asegurar unha prestación do servizo baseada en criterios de proximidade, eficacia e cohesión territorial, evitando desprazamentos innecesarios que supoñen un custo económico e social para a cidadanía.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/03/2026 10:40:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:42:02
Nº Rexistro: 53300
Data envío: 12/03/2026 10:42:02.260

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 10:42:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:42:02
Nº Rexistro: 53300
Data envío: 12/03/2026 10:42:02.260

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á calidade do subministro eléctrico no concello de Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa sobre calidade do subministro eléctrico establece obrigas concretas para as empresas distribuidoras, co obxectivo de garantir a continuidade, fiabilidade e seguridade da electricidade que chega ás persoas usuarias, tanto no ámbito urbano como no rural. A súa inobservancia ten impactos graves na vida cotiá da poboación, na actividade económica e na seguridade das persoas, especialmente daquelas que dependen de equipamento sanitario eléctrico.

O subministro eléctrico está regulado pola Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, que fixa mecanismos de control e índices obxectivos de calidade do servizo, obrigando ás empresas distribuidoras a garantir que as interrupcións teñen límites máximos de duración e frecuencia, tanto a nivel individual como por zonas de distribución. Estes parámetros concrétanse en normativa estatal e europea, como a Norma UNE-EN 50160, e complétanse co deber de manter, mellorar e reparar as redes, así como informar de forma transparente ás administracións públicas sobre os niveis reais de calidade.

No concello de Ordes, lonxe de se garantir unha calidade acorde coa lexislación vixente e coas necesidades dun concello que é nó estratéxico de comunicacións e actividade económica, a veciñanza e o tecido produtivo levan anos padecendo cortes





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

reiterados de subministro eléctrico, tanto de curta como de longa duración. Resulta especialmente paradoxal que isto aconteza nun concello atravesado por diversas liñas de alta tensión e situado nas proximidades de subestacións como Meirama, Mesón do Vento, Sigüeiro ou Santiago, que deberían garantir unha situación privilexiada en termos de seguridade de subministro

A pesar de que no ano 2008 entrou en funcionamento a subestación de Sigüeiro, anunciada naquel momento como solución aos continuos apagóns que sufrían a veciñanza e as empresas de Ordes, a realidade é que a problemática se mantivo no tempo. Así o acreditan, entre outros feitos, a moción presentada polo BNG en 2016 esixindo solucións a UFD, a recollida de sinaturas impulsada por AECOR en marzo de 2021 tras múltiples apagóns en horario comercial, as denuncias públicas en 2023 sobre cortes repetidos durante varios días seguidos e as iniciativas formuladas no pleno municipal en novembro de 2024 ante novos episodios de falta de subministro.

No ano 2025 volveuse rexistrar a incidencia de cortes de subministro na vila, e o inicio de 2026 confirma que a situación non é un episodio illado senón un problema estrutural de calidade: entre o 9 e o 13 de xaneiro producíronse reiterados cortes en Beán; o 22 de xaneiro houbo interrupcións pola noite practicamente en todo o concello; o 26 de xaneiro, coincidindo cun temporal, produciuse un apagón prolongado; e o 27 de xaneiro a zona sur da vila (Parada, Leira, Mesón do Vento, entre outras) quedou sen subministro durante máis de dúas horas.

Os efectos destes cortes van máis alá das incomodidades puntuais: provocan perdas económicas en empresas e comercios, dificultan o funcionamento de servizos públicos e privados, comprometen a conservación de alimentos e o uso de equipamento doméstico básico, e incrementan a sensación de inseguridade na poboación. No caso de persoas que dependen de aparellos sanitarios alimentados electricamente, os apagóns poden implicar riscos directos para a saúde.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

As explicacións ofrecidas pola empresa distribuidora, centradas en aludir a situacións “puntuais”, ao “mal tempo” ou ao suposto cumprimento formal da normativa vixente, contrastan coa experiencia acumulada da veciñanza e co feito de que, ante episodios meteorolóxicos adversos recentes, concellos próximos como Sigüeiro ou Carral non sufriron nin un minuto de corte mentres Ordes permaneceu durante horas ás escuras. Todo isto apunta a deficiencias no mantemento e na configuración da rede de distribución que abastece o concello.

Neste sentido, son especialmente preocupantes as condicións dalgunhas infraestruturas de distribución no termo municipal, documentadas graficamente na contorna do polígono industrial e no centro de transformación de Folgoso (Pereira), que dificultan tanto a continuidade do servizo como a rápida intervención en caso de avaría. A falta de rozas adecuadas, a presenza de masa arbórea próxima ás liñas ou accesos deficientes poden agravar os riscos e prolongar as interrupcións, en contradición coas obrigas de mantemento que corresponden á distribuidora.

Diante deste panorama, resulta imprescindible que a administración competente en materia de industria e enerxía exerza de maneira efectiva as súas competencias de inspección, control e sanción, garantindo que as empresas distribuidoras cumpren cos estándares de calidade fixados polo ordenamento xurídico e acometen as inversións necesarias para corrixir as deficiencias estruturais da rede en Ordes. Ao mesmo tempo, cómpre velar por que as persoas e empresas afectadas poidan acceder de forma áxil ás compensacións previstas pola normativa, e por que se corrixan as desigualdades entre territorios en materia de calidade de subministro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

1. Demandar das empresas distribuidoras de electricidade, e en particular de UFD, o estrito cumprimento dos estándares de calidade do subministro eléctrico no concello de Ordes, levando a cabo inspeccións, recollendo datos das empresas subministradoras e demandando que se realicen auditorías en campo que permitan determinar os índices reais de duración e frecuencia das interrupcións no termo municipal, tanto a nivel global como por zonas de distribución

2. Esixir das empresas distribuidoras a elaboración e execución dun plan específico de mellora da calidade do subministro eléctrico en Ordes, con detalle das actuacións de reforzo e mantemento da rede (incluídas rozas, mellora de accesos a centros de transformación e renovación de elementos vulnerables) e dun cronograma de execución, garantindo a participación do concello e das asociacións veciñais e empresariais no seu seguimento.

3. Facer público, mediante remisión ao Concello de Ordes e información neste Parlamento, os datos de calidade do servizo eléctrico no concello correspondentes aos últimos cinco anos, incluíndo os principais indicadores regulados de continuidade do subministro, así como, de ser o caso, os expedientes informativos ou sancionadores incoados fronte ás empresas distribuidoras polo incumprimento dos devanditos estándares.

4. Garantir que as persoas consumidoras e as empresas de Ordes reciben de forma efectiva e áxil as indemnizacións e compensacións previstas pola lexislación en caso de falta de calidade do servizo eléctrico, impulsando campañas de información específicas no concello sobre os seus dereitos e os procedementos para reclamar.

5. Impulsar as actuacións necesarias para asegurar unha equiparación real entre os concellos de interior como Ordes e outras zonas urbanas e periurbanas en materia de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

calidade do subministro eléctrico, de maneira que a transición enerxética e a electrificación de usos non profunden nas actuais desigualdades territoriais senón que contribúan a corrixilas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 12/03/2026 11:01:32

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/03/2026 11:01:38

Saleta Chao Rivas na data 12/03/2026 11:01:44

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 11:01:50

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2026 11:02:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 11:05:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 11:05:16
Nº Rexistro: 53305
Data envío: 12/03/2026 11:05:16.420

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación dos espazos xoves dependentes da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os denominados ‘Espazos Xoves’, tamén coñecidos como casas da xuventude, son espazos dependentes da Xunta de Galiza que, en teoría, serven para ofrecer servizos para a mocidade galega ou para a organización de eventos de diferente índole. En total son 12 os espazos xoves recollidos na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, espallados por diferentes partes do país.

Chega con visitar practicamente calquera destes espazos para presenciar algo que salta á vista; e é que son espazos cun grande potencial de seren ben xestionados mais que na actualidade non chegan á mocidade galega e que, na maioría de casos, están sempre baleiros ou sen actividade aparente. Nalgúns casos, estes espazos xoves sitúanse en edificios grandes que requiren un mantemento importante e que nestes momentos e coa actual Xunta de Galiza están totalmente infrautilizados. Para alén disto, as decisións do Executivo galego tomadas nos últimos tempos veñen a afondar nesta infrautilización dos espazos xoves. Hai un tempo, a Xunta decidiu eliminar as e os animadores socioculturais dos espazos xoves de Galiza, unha escolla do goberno galego que, como é evidente, xerou grandes queixas por parte das profesionais do sector.

Os espazos xoves poden ser puntos de referencia para a formación, dinamización e participación xuvenil, mais a deficiente xestión da actual Dirección Xeral de Xuventude





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

provoca que estes lugares con grande potencial, hoxe sexan unha sorte de espazos pantasma que non chegan á mocidade do noso país. Para o Grupo Parlamentar do BNG, o goberno galego debe traballar activamente en facer a mocidade partícipe do deseño das políticas xuvenís, algo que non está a acontecer.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un estudo sobre a situación actual dos espazos xoves dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e remitilo aos grupos parlamentares antes da fin do actual período de sesións.
2. Remitir, antes da fin do actual período de sesións, aos grupos parlamentares un informe coas actividades realizadas nestes espazos ao longo da anualidade de 2025 e o que vai de 2026.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 12/03/2026 12:09:08

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 12:09:17

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2026 12:09:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:10:51
Nº Rexistro: 53310
Data envío: 12/03/2026 12:10:51.780

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:10:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:10:51
Nº Rexistro: 53310
Data envío: 12/03/2026 12:10:51.780

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días a Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) fixo públicos testemuños de pacientes á espera de realización da proba de Diagnóstico Xenético Preimplantacional (DXP) na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS que denuncian demoras moi prolongadas para acceder a esta proba diagnóstica esencial dentro dos tratamentos de reprodución asistida.

Segundo a información trasladada pola asociación, existen pacientes que levan agardando entre 17 meses e ata catro anos desde a súa inclusión na lista de espera para a realización desta proba, con casos que se remontan ao ano 2022. As persoas afectadas denuncian ademais que a lista de espera estaría

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



actualmente paralizada sen horizonte temporal coñecido e sen información clara sobre a súa posición ou sobre os prazos previstos para iniciar o tratamento.

Esta situación resulta especialmente preocupante tendo en conta que o CHUS é centro de referencia para a realización desta proba e que, segundo os testemuños das pacientes, existiría unha insuficiente dotación de profesionais especializados, circunstancia que estaría provocando o bloqueo da actividade.

Cómpre lembrar que o diagnóstico xenético preimplantacional forma parte da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde e que estes tratamentos están sometidos a límites de idade, polo que as demoras prolongadas poden comprometer as posibilidades reais das pacientes de acceder a estes tratamentos dentro do sistema público. Ademais, a paralización deste servizo pode provocar que moitas persoas se vexan obrigadas a recorrer á sanidade privada, onde o custo destes procedementos pode superar os 19.000 euros.

Segundo a información trasladada polas persoas afectadas na rolda de prensa celebrada o 10 de marzo de 2026, o servizo estaría paralizado desde novembro de 2024 e varias parellas presentaron unha queixa colectiva ante a Valedora do Pobo denunciando a inactividade do Servizo Galego de Saúde e a falta de transparencia sobre a súa situación nas listas de espera. Así mesmo, sinalan que a paralización podería estar relacionada coa falta de profesionais especializados para realizar esta técnica, despois de que un proceso de selección aberto en 2025 quedase sen cubrir.

Ante a gravidade desta situación, resulta necesario que a Xunta de Galicia informe con claridade sobre o funcionamento da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a situación real das listas de espera para a realización desta proba e as medidas previstas para garantir o

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



acceso efectivo a este tratamento dentro do sistema sanitario público na área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe que emane da avaliación urxente da situación da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e en particular da realización da proba de diagnóstico xenético preimplantacional, que se presente no prazo dun mes perante o Parlamento galego.
2. Adoptar as medidas organizativas, de planificación e de reforzo de recursos humanos e materiais necesarias para garantir a realización dos procedementos de diagnóstico xenético preimplantacional no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago dentro de prazos compatibles cos criterios clínicos e cos dereitos das pacientes.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 12:06:28

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2026 12:06:35

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 12:06:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 12:06:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:19:52
Nº Rexistro: 53317
Data envío: 12/03/2026 12:19:52.652



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:19:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:19:52
Nº Rexistro: 53317
Data envío: 12/03/2026 12:19:52.652

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días a Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) fixo públicos testemuños de pacientes á espera de realización da proba de Diagnóstico Xenético Preimplantacional (DXP) na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS que denuncian demoras moi prolongadas para acceder a esta proba diagnóstica esencial dentro dos tratamentos de reprodución asistida.

Segundo a información trasladada pola asociación, existen pacientes que levan agardando entre 17 meses e ata catro anos desde a súa inclusión na lista de espera para a realización desta proba, con casos que se remontan ao ano 2022. As persoas afectadas denuncian ademais que a lista de espera estaría

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



actualmente paralizada sen horizonte temporal coñecido e sen información clara sobre a súa posición ou sobre os prazos previstos para iniciar o tratamento.

Esta situación resulta especialmente preocupante tendo en conta que o CHUS é centro de referencia para a realización desta proba e que, segundo os testemuños das pacientes, existiría unha insuficiente dotación de profesionais especializados, circunstancia que estaría provocando o bloqueo da actividade.

Cómpre lembrar que o diagnóstico xenético preimplantacional forma parte da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde e que estes tratamentos están sometidos a límites de idade, polo que as demoras prolongadas poden comprometer as posibilidades reais das pacientes de acceder a estes tratamentos dentro do sistema público. Ademais, a paralización deste servizo pode provocar que moitas persoas se vexan obrigadas a recorrer á sanidade privada, onde o custo destes procedementos pode superar os 19.000 euros.

Segundo a información trasladada polas persoas afectadas na rolda de prensa celebrada o 10 de marzo de 2026, o servizo estaría paralizado desde novembro de 2024 e varias parellas presentaron unha queixa colectiva ante a Valedora do Pobo denunciando a inactividade do Servizo Galego de Saúde e a falta de transparencia sobre a súa situación nas listas de espera. Así mesmo, sinalan que a paralización podería estar relacionada coa falta de profesionais especializados para realizar esta técnica, despois de que un proceso de selección aberto en 2025 quedase sen cubrir.

Ante a gravidade desta situación, resulta necesario que a Xunta de Galicia informe con claridade sobre o funcionamento da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a situación real das listas de espera para a realización desta proba e as medidas previstas para garantir o

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



acceso efectivo a este tratamento dentro do sistema sanitario público na área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar os recursos humanos e técnicos da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, garantindo a dispoñibilidade de profesionais especializados suficientes para evitar bloqueos asistenciais como os denunciados.
2. Garantir ás pacientes da área sanitaria de Santiago e Barbanza que se atopan en lista de espera para tratamentos de reprodución asistida ou para a realización do diagnóstico xenético preimplantacional información clara, accesible e actualizada sobre a súa situación nos rexistros de demanda asistencial e sobre os prazos estimados de realización dos procedementos clínicos.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 12:06:56

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2026 12:07:03

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 12:07:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 12:07:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:20:46
Nº Rexistro: 53319
Data envío: 12/03/2026 12:20:46,359

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:20:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:20:46
Nº Rexistro: 53319
Data envío: 12/03/2026 12:20:46,359

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A escalada do conflito no Oriente Medio e a crecente inestabilidade na rexión están a xerar unha forte incerteza económica internacional, con efectos potenciais sobre o comercio exterior, os custos enerxéticos, as cadeas de subministración e determinados sectores produtivos especialmente expostos aos mercados internacionais.

Galicia é unha economía fortemente aberta ao exterior. Centos de empresas galegas manteñen relacións comerciais con mercados internacionais que poden verse afectados pola evolución do conflito, polos eventuais peches de rutas comerciais, polos incrementos nos custos de transporte e enerxía ou polas posibles restricións comerciais que poidan derivarse da situación xeopolítica.

Nos últimos días, o Goberno galego realizou diversos anuncios públicos sobre o suposto seguimento da situación e sobre a afectación que podería ter para empresas galegas exportadoras.

Con todo, máis alá das declaracións e das mensaxes públicas, non se coñecen medidas concretas nin instrumentos específicos activados pola administración autonómica no marco das súas competencias.



Resulta especialmente preocupante que, fronte a un escenario internacional complexo e cambiante, o Goberno galego estea optando fundamentalmente por unha estratexia de comunicación baseada en trasladar toda a responsabilidade da resposta institucional ao Goberno de España, eludindo o exercicio das súas propias competencias exclusivas en materia de política industrial, apoio á internacionalización empresarial, promoción económica, comercio exterior ou seguimento sectorial.

O Goberno galego dispón de instrumentos propios —a través do Igape, das políticas de internacionalización, da planificación industrial ou dos mecanismos de diálogo cos sectores produtivos— que lle permitirían desenvolver unha estratexia activa de seguimento, avaliación de riscos e apoio ás empresas galegas potencialmente afectadas.

Nun contexto de incerteza internacional, as empresas e os sectores produtivos precisan información, coordinación institucional e medidas concretas de acompañamento. A propaganda e os anuncios sen contido real non substitúen a acción de goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e achegar ao Parlamento un informe específico de avaliación do impacto potencial do conflito no Oriente Medio sobre a economía galega, identificando os sectores e cadeas de valor máis expostos.
2. Mobilizar os instrumentos propios da Xunta de Galicia en materia de apoio á internacionalización, financiamento empresarial e promoción económica, co obxectivo de anticipar e mitigar os posibles efectos negativos da situación internacional.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



3. Activar un sistema de seguimento permanente da evolución da situación internacional e das súas consecuencias para as empresas galegas con actividade exportadora.
4. Establecer canles de diálogo e coordinación cos sectores produtivos e co tecido empresarial galego, especialmente cos máis dependentes do comercio exterior.
5. Colaborar co Goberno de España na adopción de medidas de resposta económica, sen eludir nin trasladar responsabilidades que corresponden ás competencias propias da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2026 13:17:59

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 13:18:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 13:18:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 13:19:39
Nº Rexistro: 53339
Data envío: 12/03/2026 13:19:39.714

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 13:19:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 13:19:39
Nº Rexistro: 53339
Data envío: 12/03/2026 13:19:39.714

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde das Pontes presta servizo a unha poboación significativa de nenos e nenas que requiren atención pediátrica continuada, preventiva e especializada. A planificación sanitaria debe garantir unha cobertura suficiente e estable deste servizo esencial, evitando situacións de interinidade ou carencias estruturais que comprometan a continuidade asistencial.

Na actualidade, a dotación de pediatría neste centro sanitario non responde ás necesidades reais da poboación, ao existir unha praza sen cubrir de maneira completa e non garantirse que a segunda praza dispoña de presenza diaria e permanente. Esta situación provoca dificultades no acceso á atención pediátrica,



sobrecarga asistencial e incerteza para as familias, ademais de vulnerar o principio de equidade territorial no acceso aos servizos sanitarios públicos.

A ausencia dunha planificación eficaz dos recursos humanos sanitarios por parte do Goberno galego está a xerar problemas reiterados en diferentes áreas sanitarias, especialmente no ámbito da atención primaria, onde a estabilidade dos equipos é clave para garantir unha atención de calidade e próxima á cidadanía. Resulta imprescindible adoptar medidas urxentes que aseguren a cobertura estrutural das dúas prazas de pediatría que corresponden ao Centro de Saúde das Pontes, garantindo a súa estabilidade e continuidade no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a cobertura inmediata, estable e permanente das dúas prazas estruturais de pediatría que corresponden ao Centro de Saúde das Pontes, asegurando que ambas contén con presenza diaria e continuada.
2. Adoptar as medidas organizativas e de planificación necesarias para evitar situacións de vacantes ou cobertura parcial no servizo de pediatría deste centro sanitario.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:06:10

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 17:06:16

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 17:06:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 17:06:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:07:06
Nº Rexistro: 53357
Data envío: 12/03/2026 17:07:06.269

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:07:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:07:06
Nº Rexistro: 53357
Data envío: 12/03/2026 17:07:06.269

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Na comarca do Salnés existe unha infraestrutura estratéxica para a mobilidade e para o desenvolvemento económico do territorio que depende directamente da Xunta de Galicia e que leva máis dunha década paralizada.

Trátase da autovía alternativa á PO-531, coñecida como VG-47. Este proxecto foi aprobado no ano 2008 e iniciou a súa execución no ano 2011. Porén, no ano 2012 o Goberno da Xunta presidido por Alberto Núñez Feijóo decidiu paralizar as obras, deixando a actuación sen continuidade.

Desde aquela, os proxectos redactados caducaron e non foron actualizados nin retomada a súa tramitación administrativa, polo que a infraestrutura segue sen avances e sen previsión de execución.

Cómpre lembrar que a VG-47 permitiría mellorar de maneira significativa a conectividade viaria da comarca e, en particular, facilitar unha conexión máis eficiente entre o Porto de Vilagarcía e a AP-9, sen necesidade de duplicar vías innecesarias. Ademais, a actuación permitiría recuperar o corredor Curro-Baión e garantir un acceso directo ao porto a través do concello de Meis.

A execución desta infraestrutura suporía importantes beneficios para o territorio, entre os que destacan a mellora da mobilidade, o reforzo da competitividade do



Porto de Vilagarcía e unha menor afección sobre o territorio en comparación con outras alternativas.

Por todo isto, resulta necesario que a Xunta de Galicia recupere este proxecto estratéxico, actualice a súa documentación técnica e retome a súa tramitación co obxectivo de facelo realidade, así, queremos propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recuperar o proxecto da autovía VG-47, alternativa á estrada PO-531 e proceder á actualización dos proxectos técnicos e da documentación administrativa necesaria para a súa execución, co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o Porto de Vilagarcía e a AP-9 a través do corredor Curro-Baión e cun acceso directo ao porto polo concello de Meis.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/03/2026 17:05:53

Carlos López Font na data 12/03/2026 17:06:06

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:06:15

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 17:06:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:09:40
Nº Rexistro: 53366
Data envío: 12/03/2026 17:09:40,593

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:09:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:09:40
Nº Rexistro: 53366
Data envío: 12/03/2026 17:09:40,593

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:28
Nº Rexistro: 53371
Data envío: 12/03/2026 17:10:28.926

Asinado o día 12/03/26
17:07
Por Saleta Chao Riva

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Saleta Chao Rivas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o Hospital Psiquiátrico de Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Psiquiátrico de Conxo ten sido albo de numerosas denuncias ao longo do tempo, que se manteñen e se reiteran. Neste senso, unha das denuncias máis demoledoras é que se produce após a visita do Mecanismo de Prevención da Tortura en 2017 da cal xorde un informe arrepiante.

Neste informe dáse conta de que o perfil da maioría de pacientes ingresadas neste centro non se corresponde coa concepción actual das unidades hospitalarias psiquiátricas, pois sucédense estancias de moi longa duración, con situacións claramente cronificadas, chegando a recoller o caso de persoas ingresadas durante máis de 50 anos neste centro. Estas valoracións sucédense en sucesivos informes, nos que tamén se salienta a falta de recursos para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria das pacientes ou a profunda fenda de xénero na atención que reciben.

Mais a situación da infraestrutura e o seu funcionamento tamén dista de ser a axeitada. O propio MNP recolle que o edificio se atopa “nun estado de deterioro significativo, con gran cantidade de humidades e fiestras moi deterioradas, ofrecendo condicións insalubres para a estancia de persoas”.

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:07
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:07
Por Iria Carreira Pazos



Após os sucesivos informes, en 2022 organizouse unha comisión multidisciplinar baixo a cal se comezaron a realizar certos cambios neste centro sanitario. Planificáronse algunhas obras, houbo certo incremento de persoal, realizáronse cambios no funcionamento interno,... mais todo isto ficou en suspenso despois dos cambios na Consellería e na Xerencia da área sanitaria tras as eleccións de 2024.

A día de hoxe, Conxo continúa sendo un cúmulo de despropósitos. Este mesmo mes, a CIG-Saúde denunciou a inundación dunha unidade de hospitalización, despois de numerosos avisos por goteiras que chegaron a provocar caídas de pacientes. Unha inundación que se produciu tras semanas nas que a Xerencia permitiu que pacientes e traballadoras estivesen en risco de electrocución e do posíbel derrube do falso teito, sen realizar ningunha acción preventiva.

O desleixo da Xunta de Galiza co Hospital Psiquiátrico de Conxo chega ata o punto de que incluso en zonas recentemente reformadas non se previu o paso de camas e padiolas, polo que no contexto dunha urxencia foi necesario ter que desmontar as portas para poder garantir a asistencia do paciente afecto.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar e presentar no Parlamento antes do fin do período de sesións un plan de rehabilitación do Hospital Psiquiátrico de Conxo no que se dea resposta ás graves eivas estruturais do centro (cubertas, humidades, fiestras, accesibilidade, etc),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garantindo a seguridade das instalacións para pacientes e profesionais e a falta de discriminación con respecto a outros centros sanitarios.

2º.- Deseñar e poñer en marcha antes do remate de 2026 un plan para incrementar os recursos extracomunitarios e sociosanitarios, de xeito que permita a desinstitucionalización das pacientes e garantindo a súa inclusión social.

3º.- Remitir ao Parlamento con carácter inmediato os datos, convenientemente anonimizados, sobre as contencións mecánicas realizadas neste centro durante os últimos 5 anos, recollendo cando menos, o lugar onde se realizan e a duración das mesmas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 17:07:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2026 17:07:23

Saleta Chao Rivas na data 12/03/2026 17:07:38

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2026 17:07:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:28
Nº Rexistro: 53371
Data envío: 12/03/2026 17:10:28.926

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:10:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:28
Nº Rexistro: 53371
Data envío: 12/03/2026 17:10:28.926

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:35:11
Nº Rexistro: 53383
Data envío: 12/03/2026 17:35:11.502

Asinado o día 12/03/2026
Por Secundino Fernández
Por Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Plan Estratéxico da Horta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A horta constitúe historicamente un dos piares da produción agraria de Galiza e un elemento esencial do noso sistema alimentario, da economía de moitas comarcas rurais e da conservación da biodiversidade agraria. A produción hortícola galega non só abastece mercados locais e comarcais, senón que representa tamén unha oportunidade estratéxica para avanzar cara a un modelo de soberanía alimentaria, xeración de emprego e fixación de poboación no medio rural.

Porén, a realidade do sector hortícola galego continúa marcada por importantes dificultades estruturais que levan décadas sen recibir unha resposta política á altura por parte da Xunta. O minifundismo, a dispersión da terra, a falta de planificación agraria, a escasa dimensión das explotacións, a dificultade para acceder á terra ou a posición de debilidade das produtoras e produtores fronte á gran distribución seguen condicionando gravemente o desenvolvemento do sector.

Neste contexto, a Xunta de Galiza presentou o denominado Plan Estratéxico da Horta de Galiza 2023-2030 como a folla de ruta para reforzar o sector. Con todo, unha análise detallada do documento evidencia que se trata máis dun exercicio de diagnóstico e

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:33
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:33
Por Sonia Vidal Lamas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

declaración de intencións que dun verdadeiro instrumento transformador para o agro galego.

O plan identifica correctamente moitos dos problemas históricos do sector, mais evita abordar as causas estruturais que os provocan e, sobre todo, non incorpora medidas ambiciosas nin compromisos claros de investimento público que permitan mudar a realidade produtiva da horta galega.

Resulta especialmente preocupante que, malia falar de reforzar o sector, o documento non contemple instrumentos efectivos para garantir prezos xustos ás produtoras e produtores nin para reequilibrar a cadea alimentaria fronte ao enorme poder da gran distribución. Sen medidas que permitan que o valor engadido da produción quede no territorio, o futuro da horta continuará condicionado por marxes insuficientes e pola perda progresiva de explotacións.

Do mesmo xeito, o plan fai referencia á mobilización de terras agrarias, mais non establece mecanismos eficaces para facer fronte ao abandono de terras nin á crecente forestación produtiva que continúa expulsando actividade agraria en amplas zonas do país. Mentres a Xunta mantén un modelo territorial baseado na expansión do eucalipto e nunha política agraria subordinada ás directrices da PAC, resulta difícil falar dunha verdadeira estratexia para fortalecer a produción alimentaria propia.

Tampouco se observa unha aposta decidida pola soberanía alimentaria nin polo reforzo dos circuítos curtos de comercialización, nin se establecen políticas claras de compra pública de produto galego para comedores escolares, hospitais ou centros públicos, medidas que poderían supoñer un impulso inmediato para o sector.

En definitiva, o denominado Plan Estratéxico da Horta de Galiza nace cunha evidente falta de ambición política e corre o risco de converterse nun documento máis que



diagnostica problemas coñecidos pero que non ofrece solucións reais nin recursos suficientes para transformar o sector.

Galiza ten condicións excepcionais para desenvolver unha horta potente, diversificada e capaz de abastecer boa parte do consumo interno do país. O que falta non é potencial nin coñecemento agronómico, senón vontade política para poñer a produción alimentaria no centro das políticas públicas e para defender con decisión o futuro do noso campo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galiza debe instar á Xunta a adoptar medidas urxentes que permitan dotar de contido real unha política pública para a horta galega, garantindo a viabilidade económica das explotacións e apostando por un modelo agrario que priorice a produción de alimentos, o aproveitamento da terra e o desenvolvemento do medio rural.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar, con carácter urxente, un plan operativo de desenvolvemento do Plan Estratéxico da Horta que inclúa calendario de execución, dotación orzamentaria específica e obxectivos cuantificables.

2. Impulsar medidas efectivas para garantir prezos xustos ás produtoras e produtores de horta, reforzando os mecanismos de control da cadea alimentaria e combatendo prácticas abusivas da gran distribución.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Desenvolver unha política activa de mobilización de terras agrarias que priorice o uso produtivo da terra fronte á forestación especulativa, facilitando o acceso á terra a novas explotacións hortícolas.

4. Promover programas de incorporación de xente nova á produción hortícola, con apoio técnico, acceso á terra e instrumentos de financiamento adaptados ás características do sector.

5. Establecer programas de compra pública de produtos hortícolas galegos para abastecer comedores escolares, hospitais e outros centros dependentes da administración pública.

6. Impulsar a transformación e comercialización de produtos hortícolas no propio territorio, reforzando o papel das cooperativas e das estruturas colectivas de comercialización.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 12/03/2026 17:33:00

Ariadna Fernández González na data 12/03/2026 17:33:11

Secundino Fernández Fernández na data 12/03/2026 17:33:18

Luis Bará Torres na data 12/03/2026 17:33:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:35:11
Nº Rexistro: 53383
Data envío: 12/03/2026 17:35:11.502

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:35:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:35:11
Nº Rexistro: 53383
Data envío: 12/03/2026 17:35:11.502

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para prestar unha atención de calidade ás persoas doentes da Enfermidade de Huntington.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enfermidade de Huntington é unha enfermidade que está determinada xeneticamente. A mutación que produce a enfermidade depende do tamaño da expansión dunha zona do xene e, se a expansión é moi grande, a enfermidade aparece antes e é máis grave; se está nun rango máis baixo, a enfermidade aparece máis tarde. A idade de inicio medio é de 40, 45 anos, sendo ese o pico de maior incidencia. Hai unha distribución que pode ir desde idade infantil ata persoas anciás.

A enfermidade afecta ao cerebro e produce síntomas motores con corea (movementos), distonía, posicións anormais, perda de coordinación, lentitude, rixidez, parkinsonismo, inestabilidade postural así como problemas cognitivos e psiquiátricos.

Non hai ningún fármaco a día de hoxe que modifique o prognóstico, só hai tratamentos sintomáticos. Aproximadamente a metade das persoas afectadas están con tratamentos antidopaminérxicos e, xa sexa para tratar a corea ou para tratar síntomas de conduta ou ámbalas dúas cousas, tamén están con fármacos antipsicóticos.

O grao de supervivencia pode ser variable, máis ou menos uns 20 anos. Polo xeral, a morte acostuma producirse por accidente, como unha caída ou unha pneumonía por aspiración. Os datos de prevalencia no Estado español, segundo o rexistro de enfermidades raras, son de 1.594 casos. Hai estudos de prevalencia por comunidades



pero probablemente os datos estean nesgados, porque ou ben non se contabilizan como tal as persoas doentes de Huntington ou a enfermidade non figura como tal no diagnóstico.

A Enfermidade de Huntington é unha enfermidade moi complexa, porque a cantidade de síntomas que aglutina é realmente extensa e, ademais, afecta áreas moi comprometedoras da calidade de vida das persoas afectadas: ten un impacto condutual, un impacto cognitivo e un impacto psíquico, polo que ven moi diminuídas as súas capacidades funcionais.

Esta é unha enfermidade hereditaria xenética e, ademais, neurodexenerativa. Isto supón que é moi raro que, nunha familia con Huntington, se atope só unha persoa afectada. É unha enfermidade de xeracións, de persoas que coidan pero tamén que xa coidaron a xeracións anteriores, ou están coidando ao seu home/muller, e quizais ao mesmo tempo a un fillo ou filla, sabendo que ao mellor hai netos ou netas coa posibilidade de herdar esta mesma enfermidade. Isto unido a unha esperanza de vida de entre 15/20 anos, fai que o panorama que teñen estas familias por diante é devastador, xa que convivir con todos estes síntomas é realmente un reto.

Neste momento non existe ningún tratamento que cure a enfermidade, pero tamén é certo que a calidade de vida das persoas con Huntington vese directamente influenciada polos coidados, atencións e servizos aos que poden optar. É unha enfermidade que, incluso se a día de hoxe estás san, condiciona a túa vida, porque vivir sabendo que tes un 50% de probabilidades de herdar esta patoloxía e estar vendo sufrir e deteriorarse á persoa ou unha das persoas que máis queres, condiciona profundamente a túa saúde emocional, mental e os teus plans de vida. Ese manexo da incerteza, someterse ou non a un test predictivo para saber se nun futuro vas desenvolver a enfermidade, sen saber cando nin de que maneira, planificar se vas ter descendentes ou non.... é extremadamente difícil.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe, existen probas xenéticas dispoñíbeis e fiábeis a nivel de diagnóstico e a nivel predictivo nas comunidades autónomas, incluída Galiza; tamén hai programas de asesoramento xenético para a Enfermidade de Huntington. Existe a posibilidade de acceder a técnicas de reprodución asistida con diagnóstico xenético pre-implantación en todo o Estado; coa incorporación da eutanasia ao sistema de saúde xa houbo pacientes con esta enfermidade que puideron exercer ese dereito.

Pero seguen quedando moitos cuestións sen atender, por exemplo, a nivel asistencial, esta enfermidade é unha das neurodexenerativas para a que un menor número de comunidades autónomas teñen implantados e operativos programas integrais de atención. Atopámonos tamén cos altos tempos de espera para a valoración dos graos de discapacidade e dependencia. Non hai plans individualizados de atención as persoas doentes, nin programas de rehabilitación específicos que axuden a minorar os problemas de desenvolvemento na súa vida cotián.

Ao igual que coa ELA se ten demostrado un forte compromiso e unha capacidade de acción que cambiou a abordaxe desta enfermidade, que tamén é minoritaria, as persoas e familias afectadas pola Enfermidade de Huntington fan un chamamento para que poidan recibir ese mesmo trato xusto, necesario e que supón un dereito asistencial.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a poñer en marcha todas as accións precisas para prestar unha atención integral, multidisciplinar e de calidade as persoas con Enfermidade de Huntington:

1. Creación dunha Rede de Atención Integral e Multidisciplinar:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

a) Establecer centros de referencia especializados en EH con equipos formados por neurólogos, psiquiatras, psicólogos, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais e traballadores sociais.

b) Garantir o acceso a tratamentos farmacolóxicos e rehabilitación motora, cognitiva e da fala en todas as fases da enfermidade.

2.- Formación Especializada para Profesionais Sanitarios e Sociais.

3.- Reforzo do Apoio Psicológico e Grupos de Axuda Mutua.

a) Incorporar psicólogos especializados en enfermidades neurodexenerativas no sistema público de saúde.

b) Financiar programas de apoio psicológico para doentes e familiares, así como grupos de axuda mutua.

4.- Promoción da autonomía e axudas técnicas, cadeiras de rodas, dispositivos de comunicación, adaptacións do fogar e terapias de rehabilitación.

5.- Coordinación Sociosanitaria e Atención a Fases Avanzadas.

6.- Creación dun Rexistro Galego da Enfermidade de Huntington, que permita coñecer a prevalencia real, planificar recursos e facilitar a investigación epidemiolóxica.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2026 18:06:47

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 18:07:14

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2026 18:07:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:08:56
Nº Rexistro: 53405
Data envío: 12/03/2026 18:08:56.261

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:08:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:08:56
Nº Rexistro: 53405
Data envío: 12/03/2026 18:08:56.261

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8º, Pesca e Marisqueo, polo trámite de urxencia**

Sobre a adopción de medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custes enerxéticos, derivado do conflito en Oriente Medio, que está a producirse no sector pesqueiro e nas súas actividades complementarias

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que minimicen o impacto da alza do prezos da enerxía e outros insumos na pesca

Exposición de Motivos

O sector primario constitúe un pilar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución á produción de alimentos como polo seu papel esencial na vertebración territorial, na fixación de poboación no medio rural e na costa e no mantemento de actividades económicas estratéxicas como son a pesca.

Nas últimas semanas, a escalada do conflito armado en Oriente Medio, particularmente tras o aumento da tensión internacional arredor de Irán, está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores produtivos, como é o caso da pesca e do marisqueo, incrementando de maneira notable os custos de produción.

De prolongarse a situación, existe un risco real de paralizacións de actividade no sector extractivo o que podería derivar en problemas na subministración de produtos pesqueiros no mercado no prazo de semanas. A situación presenta incluso unha maior gravidade que as crises de combustible rexistradas en 2008 e 2022, dado que moitas empresas pesqueiras con lograron recuperar a súa capacidade económica tras a última crise debida ao incremento sostido dos custes de explotacións.



A conxuntura é especialmente delicada porque os 55 céntimos por litro de media en 2025 xa supoñen un nivel de custe que comprometería seriamente a rendibilidade das empresas pesqueiras; superar o umbral do euro por litro fai prever que para un número crecente de buques a operativa pesqueira resulte economicamente inviable. Tamén as confrarías denuncian que as marxes de beneficio nun sector como o pesqueiro artesanal son moi pequenos e calquera varación nos custes fixos supón un duro golpe para os profesionais que ven mermar as xa de por si escasas ganancias logo de os durísimos meses de inverno e a sucesión de borracas, que pasamos en Galicia.

A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións pesqueiras, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de produción do sector primario.

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos sinalado a necesidade de adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da subida de prezos sobre os sectores produtivos. Entre elas expúxose a conveniencia de impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética, entre outras.

Ante unha crise externa, sobrevida e allea á actividade de pescadores, resulta imprescindible a adopción de medidas urxentes que permitan garantir a continuidade da produción de alimentos, protexer o tecido económico do medio do sector pesqueiro e evitar a perda de rendibilidade de milleiros de explotacións, embarcacións e empresas do sector primario.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

- a) Establecer un mecanismo de minoración do custo do combustible para a frota pesqueira
- b) Mobilizar o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para compensar aos operadores polo incremento extraordinarios dos custos



- c) Avaliar unha suspensión ou redución temporal do IVE aplicado aos produtos pesqueiros, co fin de aliviar a presión económica sobre o sector e a cadea de valor
- d) Habilitar mecanismos de apoio para os pescadores que deban cesar temporalmente a súa actividade
- e) Reforzar o apoio ás organizacións de produtores mediante unha nova activación do almacenamento temporal de produtos pesqueiros
- f) Incrementar limítelos de axudas estatais por buque, situándoos nun rango de 400.000 a 500.000 euros
- g) Aumentar a flexibilidade interanual das cotas pesqueiras desde o 10% ao 25%
- h) Estudar outras medidas adicionais coordinadas entre os Estados membros, como a redución de cotizacións á seguridade social ou a suspensión temporal de determinados gravámenes asociados á actividade pesqueira”.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 13:29:24
Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/03/2026 13:29:46
Patricia García González na data 11/03/2026 13:30:10
Paula Mouzo Mas na data 11/03/2026 13:30:37
María Nazaret Cendán Gayoso na data 11/03/2026 13:30:58
Jesús María Fernández Rosende na data 11/03/2026 13:31:24
Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/03/2026 13:31:39
Maria Magdalena Perez Millares na data 11/03/2026 13:31:56
Raúl Santamaría González na data 11/03/2026 13:32:21
Manuel Santos Costa na data 11/03/2026 13:33:45



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:34:12
Nº Rexistro: 53209
Data envío: 11/03/2026 13:34:12.418

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 13:34:14

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53237
Data envío: 11/03/2026 14:04:29.838

Asinado o día 11/03/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, polo trámite de urxencia**

Sobre a adopción de medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custes enerxéticos, derivado do conflito en Oriente Medio, que está a producirse no sector primario galego

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que minimicen o impacto da alza do prezos da enerxía e outros insumos do sector agrario e gandeiro

Exposición de Motivos

O sector primario constitúe un pilar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución á produción de alimentos como polo seu papel esencial na vertebración territorial, na fixación de poboación no medio rural e no mantemento de actividades económicas estratéxicas como son agricultura e gandería.

A escalada do conflito armado en Oriente Medio, particularmente tras o aumento da tensión internacional arredor de Irán, está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores produtivos, incrementando de maneira notable os custos de produción.

O sector primario está a ser un dos máis afectados por esta situación, debido á súa elevada dependencia da enerxía e polo incremento de insumos. As organizacións profesionais destes sectores advertiron de que o encarecemento do combustible (especialmente do gasóleo agrícola, con incrementos dun 35%, dos fertilizantes dun 25% e da urea dun 30%) está a disparar os custos de produción.

No campo, segundo estimacións do sector, tanto o gasóleo agrícola como os fertilizantes supoñen xa, no conxunto de España, máis de 41 millóns de euros

Asinado o día 11/03/2026 ás
14:00
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 11/03/2026 ás
14:00
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



adicionais cada semana, o que equivale a preto de 6 millóns de euros diarios que deben asumir agricultores e gandeiros.

Este incremento prodúcese, ademais, en plena campaña de abonado e de cultivo, un dos momentos do ano nos que o consumo de fertilizantes é maior, con sobrecustos de 22 millóns de euros semanais, o que multiplica o impacto económico sobre as explotacións agrarias, con incrementos trasladados á industria alimenticia.

A gravidade desta situación prodúcese ademais nun contexto no que agricultores e gandeiros teñen unha capacidade moi limitada para trasladar estes incrementos de custos ao prezo final dos alimentos, o que pon en risco a viabilidade de moitas explotacións.

A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións agrarias, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de produción do sector primario.

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos sinalado a necesidade de adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da subida de prezos sobre os sectores produtivos. Entre elas expúxose a conveniencia de impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética.

Ante unha crise externa, sobrevida e allea á actividade de agricultores e gandeiros, resulta imprescindible a adopción de medidas urxentes que permitan garantir a continuidade da produción de alimentos, protexer o tecido económico do medio rural e evitar a perda de rendibilidade de milleiros de explotacións, embarcacións e empresas do sector primario.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º- Dirixirse ao Goberno de España para que aprobe, con carácter urxente, un plan extraordinario de apoio ao sector primario que compense o impacto do incremento dos custos enerxéticos provocado polo conflito internacional en Oriente Medio.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Que dito plan inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Axudas directas extraordinarias para agricultores e gandeiros destinadas a compensar o incremento do gasóleo agrario.
- b) Bonificacións ou reducións fiscais sobre o gasóleo agrícola, tendo en conta que a gran parte do seu custe son impostos.
- c) Programas de apoio para compensar o incremento do custo dos fertilizantes e doutros custos agrarios.
- d) Liñas de financiamento preferente e avais públicos para explotacións agrarias e gandeiras afectadas polo aumento de custos.
- e) Medidas de carácter fiscal orientadas a reducir a presión económica derivada da crise enerxética, incluída a rebaixa ao 10% da IVE da enerxía e suprimir o imposto de xeración eléctrica.
- f) Mecanismos de vixilancia e control para evitar posibles prácticas especulativas nos mercados de carburantes e custos agrícolas.
- g) Reforzar a imaxe dos produtos alimentarios nos mercados, poñendo en valor a calidade, a seguridade e o alto valor dos nosos alimentos e gastronomía.
- h) Garantir a produción de alimentos de proximidade para non incrementar a nosa dependencia de terceiros países, mantendo o tecido agrario e a rendibilidade dos nosos produtores
- i) Revisar o Plan de seguros agrarios combinados para ampliar coberturas diante de problemas de mercados.
- j) Renunciar a crear novos impostos e aplicar máis cargas adicionais a ningún dos axentes da cadea alimentaria.
- k) Rebaixar o IVE dos produtos esenciais, incluídos carne, peixes e conservas e de todos os produtos lácteos e os seus derivados.

2º- Asemade, a Cámara galega insta á Xunta de Galicia a complementar, no ámbito das súas competencias, estas medidas mediante apoios específicos destinados a garantir a viabilidade das explotacións agrarias e gandeiras do sector primario galego.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 14:00:12
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 11/03/2026 14:00:45
María Encarnación Amigo Díaz na data 11/03/2026 14:01:15
José Mato Díaz na data 11/03/2026 14:01:59
Enrique Barreiro Sánchez na data 11/03/2026 14:02:13
Cristina Campero Dorado na data 11/03/2026 14:02:38
Juan Manuel Casares Gándara na data 11/03/2026 14:02:53
Nicole Grueira Fernández na data 11/03/2026 14:03:19
Ángel Rodríguez Conde na data 11/03/2026 14:03:39
Cecilia Vázquez Suárez na data 11/03/2026 14:04:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 14:04:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53237
Data envío: 11/03/2026 14:04:29.838

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández, Paula Prado del Rio, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, Raúl Santamaría González, Paula Mouzo Más e Patrícia García González** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**, polo trámite de urxencia

Sobre as demandas que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno de España para garantir a máxima transparencia no procedemento de revisión ordenada e consensuada da normativa vixente en materia de costas e xestión do litoral

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que as modificacións da normativa estatal poden supoñer para comunidades autónomas costeiras como Galicia e para os sectores económicos directamente vinculados ao litoral.

Exposición de motivos

O Goberno de España iniciou unha nova consulta pública -previa- para modificar o Regulamento Xeral de Costas, co argumento de atender o procedemento de infracción incoado pola Comisión Europea por presunto incumprimento da Directiva relativa aos servizos no mercado interior.

Segundo a información facilitada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Comisión cuestionaría determinados aspectos do réxime xurídico das concesións no dominio público marítimo-terrestre no relativo á existencia de procedementos de selección abertos e transparentes e á duración das concesións.

Con todo, a documentación posta ao dispor na consulta pública resulta manifestamente insuficiente para coñecer con claridade o contido do ditame motivado, os preceptos concretos afectados, o alcance real das modificacións e o impacto económico, social e competencial que ditas reformas poden supoñer para comunidades autónomas costeiras como Galicia e para os sectores económicos directamente vinculados ao litoral.



Esta falta de transparencia e de información vulnera a práctica de cooperación institucional seguida noutros procedementos de infracción e apártase do previsto no Acordo que regula a intervención das Comunidades Autónomas nas actuacións do Estado diante da Comisión Europea, así como dos principios de lealdade institucional e cooperación. A Galicia, como tamén denunciaron outras comunidades autónomas, non se lles facilitou o expediente completo nin se articulou un leito de cogobernanza eficaz a pesar de ter competencias directas en ordenación e xestión do litoral, pesca, marisqueo, acuicultura, medio ambiente e ordenación do territorio.

Resulta especialmente preocupante que o Goberno optase por reabrir a modificación do Regulamento Xeral de Costas sen abordar de forma previa e ordenada a actualización da Lei 22/1988, de Costas, e das súas modificacións, á luz da doutrina constitucional e da propia Directiva de Servizos. A Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo declarou nulo o Real Decreto 668/2022, que modificaba o Regulamento Xeral de Costas, precisamente pola omisión do trámite de consulta pública e por exceder o marco de desenvolvemento regulamentario. Volver intervenir o Regulamento sen unha revisión serena e consensuada do marco legal básico expón dúbidas serias desde a perspectiva do principio de xerarquía normativa do artigo 9.3 da Constitución e da reserva de lei que rexe o réxime do dominio público no artigo 132.

Unha vez concluído o período de consulta previa pública, e sen que dese tempo material para resolver as alegacións efectuadas ao mesmo, o que demostra que esta consulta foi un mero instrumento baleiro de contido para cubrir o expediente, fixeron público o pasado 9 de marzo de 2026 o contido específico do anteproxecto, que non contribuíu a agravar a preocupación. Non en balde, a mesma exposición de motivos confesa que o regulamento non é suficiente e que é necesario abordar as modificacións legislativas a que fai referencia o Ditame motivado.

En particular, o novo artigo 172 do Regulamento exclúe da prórroga extraordinaria ás concesións que amparen actividades económicas. Cómpre lembrar que o réxime de duración, prórroga e extinción das concesións no Dominio Público Marítimo Terrestre é un elemento estrutural do sistema e afecta de forma directa a dereitos e intereses lexítimos consolidados, a investimentos produtivos realizados ao amparo da normativa vixente e a miles de empregos vinculados a actividades pesqueiras, marisqueiras, acuícolas, industriais, turísticas e de servizos que conforman o armazón económico do litoral español. A Lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral, fixou un marco de ata 75 anos para determinados títulos concesionais. Calquera intento de reducir de facto a duración máxima a 30 anos, restrinxir as prórrogas extraordinarias ou endurecer de maneira xeneralizada o réxime concesional sen un estudo serio de impacto económico e social supoñería un golpe de enorme calado para a seguridade xurídica e a competitividade das nosas zonas costeiras.



A iso engádese a preocupación polo posible efecto retroactivo material das reformas sobre concesións xa outorgadas e sobre investimentos realizados conforme ao marco vixente, así como pola incerteza xerada ao redor das concesións compensatorias asociadas a procesos de expropiación en novos deslindes do dominio público marítimo-terrestre..

Así mesmo, desde territorios con forte peso litoral e particularmente Galicia, advertiuse do risco de ampliar de forma desproporcionada o dominio público mediante criterios de deslinde baseados en episodios extremos illados de temporais, en lugar de criterios contrastados e estables, o que pode xerar inseguridade xurídica, conflitos patrimoniais e tensión nas relacións entre a Administración Xeral do Estado e as CCAA.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º- Garantir a máxima transparencia no procedemento de adaptación da normativa de costas ao ditame motivado emitido pola Comisión Europea no procedemento de infracción INFR (2022) 4121, remitindo ás comunidades autónomas costeiras, en particular á nosa, Galicia, a documentación completa do expediente, incluídos os intercambios de comunicacións coas institucións europeas e os informes internos dispoñibles.

2º-Convocar con carácter urxente a Conferencia Sectorial correspondente para debater con todas as comunidades autónomas costeiras o alcance da reforma do Regulamento Xeral de Costas e, no seu caso, da Lei de Costas, asegurando un auténtico proceso de cogobernanza no que se teñan en conta as competencias e a realidade específica de cada territorio, e dando resposta expresa ás alegacións presentadas por Galicia, e non convertendo o período de consulta pública nun trámite do expediente baleiro de contido.

3º- Priorizar unha revisión ordenada e consensuada da Lei 22/1988, de Costas, e da Lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral, antes de adoptar modificacións regulamentarias de gran calado, de modo que calquera cambio no réxime de duración, prórroga e extinción das concesións no dominio público marítimo-terrestre realícese con pleno respecto ao principio de xerarquía normativa e á reserva de lei en materia de dominio público.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



4º- Realizar e facer público un estudo detallado de impacto económico, social e laboral das reformas que se proxecten sobre as concesións no Dominio Público Marítimo-Terrestre, incluíndo, polo menos:

- a) Número de concesións vixentes potencialmente afectadas por unha eventual redución da duración máxima.
- b) Desagregación por sectores (pesca, marisqueo, acuicultura, transformación de produtos do mar, turismo, hostalería, portos deportivos e outros servizos).
- c) Estimación do impacto en investimento, emprego e tecido empresarial nas comunidades autónomas costeiras.

5º- Asegurar de forma expresa a plena seguridade xurídica das concesións xa outorgadas e dos investimentos realizados ao amparo do marco normativo vixente, evitando calquera retroactividade material das modificacións regulamentarias e garantindo o respecto ás prórrogas ordinarias e extraordinarias legalmente previstas, particularmente no caso das concesións compensatorias vinculadas a procesos de expropiación derivados de novos deslindes do dominio público marítimo-terrestre.

6º- Definir, en diálogo coas comunidades autónomas e con base en criterios científicos contrastados, os criterios técnicos de deslinde do dominio público marítimo-terrestre, evitando interpretacións expansivas baseadas en episodios extremos illados de temporais e garantindo que calquera modificación compásese cos principios de xestión integrada do litoral e coa protección efectiva dos espazos naturais e das actividades tradicionais que se desenvolven neles, e establecendo, de común acordo coas comunidades autónomas, unha moratoria na aprobación de novos deslindes ou na revisión dos existentes mentres se redefinen os criterios técnicos e se clarifica o marco concesional, salvo en supostos de risco certo para as persoas ou os bens.

7º- Garantir que, nos núcleos tradicionais costeiros con valor etnográfico, quede salvagardado o dereito á propiedade privada dos titulares rexistrados de inmobles afectados por novos deslindes do dominio público marítimo terrestre, respectando, en todo caso, que calquera eventual alteración do devandito status leve unha indemnización íntegra dos dereitos demaniais dos mesmos que puidesen ser modificados.





8º- Garantir que calquera modificación do prazo ou das condicións das concesións xa outorgadas ao amparo da Lei 2/2013 leve unha indemnización íntegra conforme ao artigo 33.3 e ao artigo 106.2 da Constitución, que comprenda tanto o dano emerxente como o lucro cesante derivado da redución do período concesional.

9º- Suspende preventivamente a tramitación do anteproxecto de Real Decreto de modificación do Regulamento Xeral de Costas naqueles preceptos que incidan directamente no réxime de duración e prórroga das concesións que amparan actividades económicas.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/03/2026 11:58:40
Gonzalo Trenor López na data 12/03/2026 11:59:14
Roberto Rodríguez Martínez na data 12/03/2026 12:00:01
Carmen Pomar Tojo na data 12/03/2026 12:01:17
José Luis Ferro Iglesias na data 12/03/2026 12:02:16
María Nazaret Cendán Gayoso na data 12/03/2026 12:03:12
Dolores Hermelo Piñeiro na data 12/03/2026 12:03:51
Argimiro Marnotes Fernández na data 12/03/2026 12:04:39
Moisés Rodríguez Pérez na data 12/03/2026 12:05:29
Katherinie Varela Fernández na data 12/03/2026 12:06:18
Paula Prado del Río na data 12/03/2026 12:07:14
Cristina Sanz Arias na data 12/03/2026 12:08:15
Miguel Fidalgo Iglesias na data 12/03/2026 12:09:00
Raúl Santamaría González na data 12/03/2026 12:09:52
Paula Mouzo Mas na data 12/03/2026 12:10:45
Patricia García González na data 12/03/2026 12:11:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:12:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:12:31
Nº Rexistro: 53316
Data envío: 12/03/2026 12:12:31.653

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




 OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

 Asinado o día 12/03/26
 17:08
 Por Saleta Chao Riva

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Saleta Chao Rivas, Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopa o Hospital Psiquiátrico de Conxo.

 Asinado o día 12/03/2026 ás
 17:08
 Por María Montserrat Prado Cores

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o goberno galego se pronuncie canto antes sobre este tema após as últimas e graves incidencias neste centro sanitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Psiquiátrico de Conxo ten sido albo de numerosas denuncias ao longo do tempo, que se manteñen e se reiteran. Neste senso, unha das denuncias máis demoledoras é que se produce após a visita do Mecanismo de Prevención da Tortura en 2017 da cal xorde un informe arrepiante.

Neste informe dáse conta de que o perfil da maioría de pacientes ingresadas neste centro non se corresponde coa concepción actual das unidades hospitalarias psiquiátricas, pois sucédense estancias de moi longa duración, con situacións claramente cronificadas, chegando a recoller o caso de persoas ingresadas durante máis de 50 anos neste centro. Estas valoracións sucédense en sucesivos informes, nos que tamén se

 Asinado o día 12/03/2026 ás
 17:07
 Por Iria Carreira Pazos




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

salienta a falta de recursos para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria das pacientes ou a profunda fenda de xénero na atención que reciben.

Mais a situación da infraestrutura e o seu funcionamento tamén dista de ser a axeitada. O propio MNP recolle que o edificio se atopa “nun estado de deterioro significativo, con gran cantidade de humidades e fiestras moi deterioradas, ofrecendo condicións insalubres para a estancia de persoas”.

Após os sucesivos informes, en 2022 organizouse unha comisión multidisciplinar baixo a cal se comezaron a realizar certos cambios neste centro sanitario. Planificáronse algunhas obras, houbo certo incremento de persoal, realizáronse cambios no funcionamento interno,... mais todo isto ficou en suspenso despois dos cambios na Consellería e na Xerencia da área sanitaria tras as eleccións de 2024.

A día de hoxe, Conxo continúa sendo un cúmulo de despropósitos. Este mesmo mes, a CIG-Saúde denunciou a inundación dunha unidade de hospitalización, despois de numerosos avisos por goteiras que chegaron a provocar caídas de pacientes. Unha inundación que se produciu tras semanas nas que a Xerencia permitiu que pacientes e traballadoras estivesen en risco de electrocución e do posíbel derrube do falso teito, sen realizar ningunha acción preventiva.

O desleixo da Xunta de Galiza co Hospital Psiquiátrico de Conxo chega ata o punto de que incluso en zonas recentemente reformadas non se previu o paso de camas e padiolas, polo que no contexto dunha urxencia foi necesario ter que desmontar as portas para poder garantir a asistencia do paciente afecto.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar e presentar no Parlamento antes do fin do período de sesións un plan de rehabilitación do Hospital Psiquiátrico de Conxo no que se dea resposta ás graves eivas estruturais do centro (cubertas, humidades, fiestras, accesibilidade, etc), garantindo a seguridade das instalacións para pacientes e profesionais e a falta de discriminación con respecto a outros centros sanitarios.

2º.- Deseñar e poñer en marcha antes do remate de 2026 un plan para incrementar os recursos extracomunitarios e sociosanitarios, de xeito que permita a desinstitucionalización das pacientes e garantindo a súa inclusión social.

3º.- Remitir ao Parlamento con carácter inmediato os datos, convenientemente anonimizados, sobre as contencións mecánicas realizadas neste centro durante os últimos 5 anos, recollendo cando menos, o lugar onde se realizan e a duración das mesmas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 17:07:54

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2026 17:08:02

Saleta Chao Rivas na data 12/03/2026 17:08:09

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2026 17:08:32

Ariadna Fernández González na data 12/03/2026 17:08:40

Iago Suárez Fernández na data 12/03/2026 17:08:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:11:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:11:04
Nº Rexistro: 53375
Data envío: 12/03/2026 17:11:04.905

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:19:32
Nº Rexistro: 53416
Data envío: 13/03/2026 13:19:32.782

Asinado o día 13/03/26
13:18
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Oscar Insua Lema, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago Suárez Fernández**, e das deputadas **Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a xestión e usos futuros do Pazo de Meirás.

Asinado o día 13/03/2026 ás
13:18
Por Oscar Insua Lema

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A recente sentenza do Tribunal Supremo sobre o Pazo de Meirás fai necesario un pronunciamento inmediato do parlamento galego, no sentido de defender a transferencia deste ben a Galiza e garantir os usos centrais relacionados coa memoria histórica democrática.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 11 de marzo de 2026 fíxose pública a sentenza do Tribunal Supremo que confirma a sentenza da Audiencia da Coruña en relación coa propiedade pública do Pazo de Meirás e a devolución da posesión pola familia Franco. A Sala Primeira do Tribunal Supremo desestimou todos os recursos interpostos contra a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña e resolveu que os irmáns Martínez Bordiú tiñan dereito a ser indemnizados polos gastos realizados no Pazo no tempo da súa posesión.

Asinado o día 13/03/2026 ás
13:18
Por Luis Bará Torres

Esta cuestión indemnizatoria merece o firme e rotundo rexeitamento do BNG, polo que supón de compensación económica a quen roubou, espoliou e gozou durante





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

máis de 40 anos dun ben que debería ser público. Este beneficio que obtén a familia Franco forma parte de toda a trama de intereses e connivencias que o Estado, a comezar pola Casa Real, tivo coa familia do Ditador e deixa quedar en moi mal lugar a “Transición española”, caracterizada polo esquecemento e a impunidad.

Esta parte sombría non desmerece a importancia histórica que ten a sentenza, que é a parte final dun longo proceso de reclamación, investigación e loita do pobo galego, encabezado polas organizacións memorialistas que, durante moito tempo en silencio e en solitario, comezaron a reclamación da devolución do Pazo, unha reivindicación na que foron tamén parte activa a Deputación da Coruña e o concello de Sada. A este proceso tamén se sumaron na fase final o parlamento, a Xunta e o goberno central.

A confirmación definitiva da propiedade pública do Pazo de Meirás é unha conquista colectiva e un grande logro democrático. Despois de décadas, este ben que foi declarado BIC no ano 2008, deixou de ser un lugar de impunidad e apoloxía da Ditadura para converterse nun ben de titularidade e uso público.

Este feito histórico debe ser o punto de partida dunha nova fase, na que se determine o modelo de xestión e os contidos e usos do predio.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento acorda como resolución:

1. Defender a transferencia a Galiza do Pazo de Meirás, baixo a fórmula de cesión modal. Esta cesión modal debe garantir a titularidade e uso público, asociado á centralidade dos contidos relacionados coa memoria histórica democrática e coa represión franquista e a complementariedade da vinculación coa vida e obra de Emilia Pardo Bazán.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Velar pola xestión compartida na que cando menos participen a Xunta, o goberno central e o concello de Sada, xestión que se vehiculizará mediante un convenio de colaboración no que se inclúan os compromisos de financiamento e as achegas de cada institución.

3. Garantir a participación da sociedade galega na definición dos usos e na xestión deste lugar de memoria, contando de maneira expresa e principal coa implicación das entidades memorialistas que foron decisivas no proceso de recuperación do Pazo de Meirás”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 13/03/2026 13:18:19

Óscar Insua Lema na data 13/03/2026 13:18:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2026 13:18:38

Iago Suárez Fernández na data 13/03/2026 13:18:44

Cristina Fernández Davila na data 13/03/2026 13:18:55

Iria Taibo Corsanego na data 13/03/2026 13:19:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 13:19:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:19:32
Nº Rexistro: 53416
Data envío: 13/03/2026 13:19:32.782

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:54:13
Nº Rexistro: 53422
Data envío: 13/03/2026 13:54:13.558

Asinado o día 13/03/2026
13:47
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Comisión 1º, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, polo trámite de urxencia**

Sobre a demanda que debe trasladar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que poña en marcha medidas en apoio do sector do transporte ante o impacto do incremento dos custos enerxéticos provocado polo conflito en Oriente Medio

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que minimicen o impacto da alza do prezos da enerxía e outros insumos nestes sectores

Exposición de motivos

O sector do transporte constitúe un pilar importante da economía galega, facilita o movemento de persoas e mercadorías, actividade esencial para o comercio, a produción e o desenvolvemento, impulsando o emprego e a conectividade. É unha actividade estratéxica que conecta lugares de produción con puntos de consumo, garantindo que os insumos, alimentos e mercadorías cheguen ao seu destino final.

Nas últimas semanas, a escalada do conflito armado en Oriente Medio, particularmente tras o aumento da tensión internacional arredor de Irán, está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores de servizos, afectando os custos de operación.

O sector do transporte está a ser un dos máis afectados por esta situación, debido á súa elevada dependencia da enerxía e polo incremento de custos. As organizacións profesionais destes sectores advertiron de que o encarecemento do combustible está a disparar os custos de mantemento. En apenas unha semana, produciuse un encarecemento do 20,5% no caso do diésel e do 9% na gasolina. A gran volatilidade do cru afecta directamente entre 40% e 50% da varianza no prezo final dos surtidores.

Asinado o día 13/03/2026 ás
13:46
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 13/03/2026 ás
13:45
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións transportistas, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de operación no sector terciario.

Desde o Grupo Popular temos sinalado a necesidade de adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da subida de prezos sobre os sectores de servizos. Entre elas expúxose a conveniencia de impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética.

Ante unha crise externa, sobrevida e allea á actividade de transportistas, resulta imprescindible a adopción de medidas urxentes que permitan garantir a continuidade da loxística e protexer o tecido económico do sector de servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e demandarlle que aprobe con carácter urxente un plan extraordinario de apoio ao sector do transporte que compense o impacto do incremento dos custos enerxéticos provocado polo conflito internacional en Oriente Medio.

Que dito plan inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Axudas directas extraordinarias para transportistas destinadas a compensar o incremento do custo do gasóleo.
- b) Bonificacións ou reducións fiscais sobre o gasóleo.
- c) Liñas de financiamento preferente e avais públicos para operacións de transporte.
- d) Medidas de carácter fiscal orientadas a reducir a presión económica derivada da crise enerxética, incluída a rebaixa ao 10% da IVE da enerxía e suprimir o imposto de xeración eléctrica.
- e) Mecanismos de vixilancia e control para evitar posibles prácticas especulativas no mercado de carburantes.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 13/03/2026 13:45:32
Paula Prado del Rio na data 13/03/2026 13:46:21
Julio García Comesaña na data 13/03/2026 13:47:11
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/03/2026 13:47:40
María Nazaret Cendán Gayoso na data 13/03/2026 13:48:19
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/03/2026 13:49:09
Paula Mouzo Mas na data 13/03/2026 13:49:53
Alberto Pazos Couñago na data 13/03/2026 13:50:40
María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/03/2026 13:51:39
Katherinie Varela Fernández na data 13/03/2026 13:53:24



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 13:54:13
Nº Rexistro: 53422
Data envío: 13/03/2026 13:54:13,558

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 13:54:14

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de dotar os puntos do 061 da Costa da Morte e de Bergantiños con ambulancias medicalizadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que a veciñanza das comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños veñen reclamando á Xunta de Galiza e ao servizo do 061 a necesidade de contar cunha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado (SVA), tamén coñecidas como ambulancias medicalizadas en cada unha das bisbarra. A diferenza das ambulancias convencionais, cuxo deseño está pensado principalmente para o transporte de doentes, as ambulancias medicalizadas están equipadas cun conxunto de recursos e profesionais que poden realizar procedementos médicos avanzados no lugar da emerxencia. Por este motivo, as ambulancias medicalizadas son empregadas en situacións onde o tempo é clave e requírese unha atención médica intensiva.

En Galiza, segundo as informacións da Consellería, existen 17 ambulancias medicalizadas, mais as nosas comarcas non contan con ningunha ambulancia deste tipo en ningún dos puntos do 061 polo que no caso dun accidente ou emerxencia tardarían ata unha hora en chegar ao lugar dos feitos, no caso de existir unha emerxencia na Costa da morte, ou máis de media hora en Bergantiños, se esta tivera que vir dende A Coruña. Foi o que ocorreu estes días atrás con ocasión de varios accidentes de coches no inicio da autovía AG-55 ou de episodios de emerxencias en Carballo.

Levamos recibindo queixas dende hai tempo por parte dos doentes que saen do hospital comarcal de Cee e que precisan este tipo de ambulancias medicalizadas. A realidade é que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sempre acode ao lugar dos feitos unha ambulancia básica, a mesma que sae do hospital de Cee cando é preciso trasladarse ao CHUAC en SVA, e ao mesmo tempo sae unha ambulancia SVA da Coruña, para facer o cambio de vehículo no aparcamento dun coñecido hotel de Carballo. Esta operación é habitual e ordinaria, a practicada polo SERGAS, mais é unha manobra irregular, pois a ambulancia básica, por moito que vaia un médico de urxencias nela, non ten o equipamento necesario para realizar manobras de soporte vital avanzado.

É necesario contar con dúas ambulancias SVA con médico as 24 horas, e os 365 días do ano, unha en Cee e outra en Carballo, porque investir en saúde e na sanidade significa salvar vidas, e iso non ten prezo. Non podemos esperar a que ocorran desgrazas con perdas de vida porque non dispoñemos dunha ambulancia SVA preto, pois é inxusto que só dispoñan delas as grandes cidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar de ambulancias medicalizadas (SVA) ás comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte, nos puntos do 061 de Carballo e de Cee”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 06/03/2026 9:25:25

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2026 9:25:32

Iria Carreira Pazos na data 06/03/2026 9:25:42

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2026 9:25:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52794
Data envío: 06/03/2026 09:27:48,251

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 9:27:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52794
Data envío: 06/03/2026 09:27:48,251

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación dos certificados CELGA e a formación en lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os certificados CELGA, os cursos asociados e os seus exames correspondentes teñen unha transcendencia importante, tanto polo seu uso por motivos laborais como polo que representan no que se refire á acollida lingüística para persoas chegadas doutros territorios, igual que o resto de oferta de formación en lingua galega.

Os certificados CELGA son o sistema para acreditar os coñecementos de lingua galega de acordo co Marco europeo común de referencia para as linguas. Polo tanto, son os certificados oficiais de lingua galega, e o sistema que os regula, tanto os exames como os cursos preparatorios, ten unha grande importancia para a pervivencia e futuro do noso idioma.

As persoas que precisan estes certificados por motivos laborais deben dispor, polo tanto, de cursos axeitados ás súas necesidades, mais tamén á súa realidade, que habitualmente non é coincidente co perfil das persoas que estudan nas Escolas Oficiais de Idiomas, tanto por urxencia, como por dispoñibilidade horaria. Outro perfil importante entre as persoas interesadas por estes cursos e certificados é das persoas procedentes doutros territorios, que tamén teñen unhas necesidades específicas, polo que é preciso adaptar a oferta a estas realidades.



Na actualidade, os únicos cursos oficiais que é posíbel facer para preparar os exames das certificacións CELGA son os cursos virtuais que oferta a Xunta de Galiza, e os presenciais das Escolas Oficiais de Idiomas, mais non están dispoñíbeis en todas as EOI do país. Os cursos das Escolas Oficiais de Idiomas son cursos ordinarios, de 120 horas cada un, que non se adaptan ás necesidades reais das persoas que os precisan.

Por outra banda, os cursos virtuais teñen unha calidade bastante cuestionábel. A modalidade semipresencial que se oferta para moitas linguas da oferta das EOI sería moi axeitada para a lingua galega, mais para a nosa lingua non existe esta oferta.

Existen tamén cursos preparatorios para a obtención dos certificados CELGA nalgun concello, mais non atopamos información sobre eles nas canles oficiais do goberno galego. Loxicamente, esta escasa oferta formativa tamén xera unha importante falta de seguridade.

Alén disto, a información sobre estes cursos que figura na sección CELGA do Portal da Lingua Galega da Secretaría Xeral da Lingua está, en moitos casos, desactualizada.

Os cursos que se imparten nos cursos das EOI, por estaren moi apegados á características e calendarios das ensinanzas xerais das Escolas Oficiais de Idiomas, están moi condicionados por ese feito e non serven para as necesidades das persoas destinatarias. Ademais, e isto é especialmente grave e limita e condiciona a súa utilidade, non permiten adaptarse ao calendario de exames (existen dúas convocatorias ao ano, unha en maio e outra en novembro, e esta segunda resulta especialmente pouco apropiada para o calendario das ensinanzas das EOI). Alén disto, non todas as EOI do país contan con oferta de lingua galega, algo que é preciso corrixir para facilitar o acceso á formación en lingua galega a todas as persoas que a precisen.

No que respecta á avaliación, o profesorado que está a facerse cargo dela procede dunha listaxe que ten máis de dez anos de antigüidade, nun procedemento pouco habitual, xa que non permite a incorporación de novas profesionais e mestura



persoas con diferentes perfís e situacións laborais, ademais de que non son persoas suficientes para cubrir as necesidades da avaliación dos certificados. Unha parte das persoas que compoñen esta listaxe, na actualidade, é profesorado funcionario que recibe o pagamento polos seus servizos en concepto de “dietas”, nunha práctica que non parece razoábel por parte dunha administración pública, ademais dos atrasos que acumulan no cobramento.

Por outra banda, os materiais están desactualizados: os libros Aula de Galego, que tamén están dispoñíbeis na web, son do ano 2008, e non foron actualizados acorde aos cambios no Marco Europeo de Referencia para as Linguas, tampouco de acordo cos cambios dos Decretos de Ensinanzas de EOI. Esta falta de actualización afecta tamén os contidos e a adaptación á realidade sociocultural do país, ademais de que non existen uns moi necesarios materiais para a autoformación en liña.

As necesidades da poboación en relación coa oferta formativa de lingua galega non poden compararse coas outras linguas que se ofertan nas Escolas Oficiais de Idiomas. Como moito, co español para estranxeiros, e nese caso é unha lingua que ten unhas condicións moito máis favorábeis para a poboación estranxeira. Concretamente, a matrícula para os cursos de español para estranxeiros está aberta até o mes de xaneiro e son de carácter gratuíto para aquelas persoas que contan coa condición de refuxiada. A matrícula para as ensinanzas xerais das EOI, entre elas as de Lingua Galega, está aberta de xuño a setembro. A matrícula dos cursos CELGA está xestionada directamente pola Secretaría Xeral da Lingua, por sorteo, cun sistema pouco flexíbel.

As persoas que demandan formación en lingua galega son galegos e galegas que precisan mellorar o seu galego formal porque non tiveron acceso a el durante os seus estudos (sexa por idade ou por outros motivos), mais que teñen uns coñecementos previos do idioma, e persoas procedentes doutros territorios, principalmente. O perfil deste último grupo de persoas é moi diverso: tanto persoas con estudos superiores que desexan acceder a postos na función pública como persoas que traballan en sectores máis precarizados, coa vontade de melloraren a súa situación laboral.



O deber da administración galega é facilitar a aprendizaxe de lingua galega a todas as persoas que queiran acceder a ela, e o formato da formación e da propia certificación dos CELGA non é útil para esta finalidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Estudar a demanda de formación destinada á obtención dos diferentes certificados CELGA.
2. Aumentar a oferta de formación destinada á obtención dos diferentes certificados CELGA.
3. Adaptar a oferta de formación destinada á obtención dos diferentes certificados CELGA ás necesidades da poboación.
4. Mellorar a calidade da formación virtual destinada á preparación para obtención dos certificados CELGA.
5. Informar sobre a situación do profesorado avaliador dos certificados CELGA.
6. Corrixir os atrasos no pagamento ao persoal avaliador dos certificados CELGA.
7. Ampliar o corpo de profesorado de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas.
8. Ampliar a oferta de lingua galega a todas as Escolas Oficiais de Idiomas do país, e ás súas seccións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:03:33
Nº Rexistro: 52905
Data envío: 06/03/2026 13:03:33,850

9. Estudar a posibilidade de incluír a modalidade semipresencial para a formación preparatoria para a obtención dos certificados CELGA.

10. Mellorar a oferta formativa en todas as modalidades de formación en lingua galega”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 06/03/2026 13:00:36

Mercedes Queixas Zas na data 06/03/2026 13:00:44

Daniel Castro García na data 06/03/2026 13:00:49

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2026 13:00:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:03:33
Nº Rexistro: 52905
Data envío: 06/03/2026 13:03:33,850

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 13:03:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:03:33
Nº Rexistro: 52905
Data envío: 06/03/2026 13:03:33,850

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O importante potencial produtivo do sector da mazá da Estrada vese comprometido historicamente polos baixos prezos que os agricultores reciben polo seu produto, maioritariamente ecolóxico. As eivas estruturais que se acumulan, cunha falla de capacidade de transformación evidente e onde a ausencia de relevo xeracional e man de obra son endémicos, coma no resto das explotacións agrogandeiras do país, ameazan un sector que tradicionalmente se asentou na comarca de Deza-Tabeirós, como complemento, ou coma actividade principal de moitas familias, con grande arraigo no territorio.

A falla de valor engadido mingua os beneficios obtidos cada ano na colleita da mazá, que remata case exclusivamente na súa venda en fresco, de forma que as perdas continuadas son un feito que nada sorprende na comercialización dun produto de calidade excepcional. Malia as melloras que se foron acadando coa profesionalización e mecanización, que resultan na recollida de máis de millón e medio de quilos de mazá anuais, o sector precisa de apoio para poder continuar a ofrecer o seu produto ao mercado sen vender a perdas. Son urxentes políticas públicas que fornezan de recursos aos titulares das explotacións de mazá da Estrada, que diversifiquen o territorio e eviten o despoboamento rural nunha comarca cunha grave crise demográfica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as posibles accións a levar a cabo está a que os agricultores solicitan dende hai varias tempadas e que sería de grande axuda para non perder, coma pasou na pasada colleita, miles de quilos de mazá. Dada a maduración acelerada da froita nesta zona, que acada o punto óptimo alomenos 20 días antes ca noutras, momento no que os lagares aínda non procederon á recolección, moita da mazá cae e pérdese. Falan os propios profesionais da orde de 300.000 quilos na tempada do 2025, que serían miles de euros que poderían ter rendemento e remataron no chan. A presenza de instalacións de almacenamento e transformación que deran servizo aos produtores de forma comunitaria, sería un grande avance que permitiría ser máis rendibles e minimizar ditas perdas, co que os ingresos aumentarían notoriamente. Estas instalacións, xa prometidas tanto polo goberno local coma pola Consellería de Medio Rural, non teñen previsión de ser postas en funcionamento, sen sequera unha parcela asignada para a súa construción anos despois de adquirido o compromiso. Nesa situación de desprotección por parte das distintas administracións é na que se atopan os propietarios dos pomares actualmente, sen colaboración para a continuidade deste sector nin para facerlle fronte á competencia que chega dende outras zonas de Europa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Elaborar no 2026 o proxecto do centro de transformación da mazá comunitario, que permita que todas as produtoras/es poidan usar unhas instalacións e maquinaria conxunta, cuxo financiamento se obteña a través da Xunta de Galiza e permita a transformación de produto na zona de orixe, coa clara intención de ser autosuficientes e ganar en valor engadido na comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar no 2026 un estudo de custes da produción de mazá, co obxecto de fornecer ao sector de datos para ser máis eficientes, achegando posibles proxectos de diversificación da produción que permitan xerar valor engadido.

3. Poñer en marcha un plan de acción de axuda ao sector onde unha das liñas principais se centre na rexeneración das árbores que están no límite da produción”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/03/2026 13:29:03

Sonia Vidal Lamas na data 06/03/2026 13:29:11

Secundino Fernández Fernández na data 06/03/2026 13:29:20

Luis Bará Torres na data 06/03/2026 13:30:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:31:50
Nº Rexistro: 52910
Data envío: 06/03/2026 13:31:50.175

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 13:31:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 13:31:50
Nº Rexistro: 52910
Data envío: 06/03/2026 13:31:50.175

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Exposición de motivos

As mulleres representan case a metade da poboación mundial. Porén, a saúde feminina apenas capta arredor do 6 % do investimento privado en saúde. Esta realidade pon de manifesto que a saúde das mulleres continúa estando claramente infradotada en relación coa súa importancia para o benestar da poboación e para o desenvolvemento económico e social.

A pesar de representar case a metade da poboación do planeta, moitas das enfermidades que afectan de maneira específica ás mulleres, ou que requiren enfoques diferenciados, seguen recibindo unha atención limitada no ámbito da investigación, da innovación e do investimento sanitario.

Durante décadas, a fragmentación dos datos, os sesgos históricos na investigación biomédica, a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade e toma de decisións, así como a falta de aliñamento nos incentivos dentro do sistema sanitario contribuíron a ocultar a verdadeira dimensión da saúde das mulleres.



Aínda que nos últimos tempos se produciron algúns avances no estudo diferenciado de homes e mulleres en medicina, en moitos ámbitos o progreso segue a ser insuficiente.

O modelo sanitario dominante continúa tomando como referencia o corpo masculino en todos os ámbitos: no diagnóstico, no terapéutico, na investigación. Con todo, está amplamente demostrado que moitas enfermidades afectan con maior frecuencia ás mulleres, que outras se manifestan nelas con síntomas diferentes e que, en determinados casos, tamén responden de maneira distinta aos tratamentos.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, as desigualdades en saúde son aquelas diferenzas que, ademais de existir, se consideran innecesarias, evitables e inxustas.

No ámbito sanitario existen diferenzas derivadas de factores biolóxicos e xenéticos que non poden considerarse inxustas. Porén, tamén existen outras nas que inflúen de maneira determinante factores culturais, estereotipos e roles de xénero marcados pola sociedade.

Estas desigualdades si son inxustas e, polo tanto, deben ser corrixidas desde as políticas públicas. Garantir o dereito das mulleres a unha atención sanitaria de calidade, eficaz e baseada na equidade require incorporar de maneira real e efectiva a perspectiva de xénero nas políticas de saúde pública.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



1. Incorporar de maneira transversal a perspectiva de xénero no deseño, planificación, avaliación e execución das políticas de saúde pública no Sistema Público de Saúde de Galicia.
2. Promover a recollida e análise sistemática de datos sanitarios desagregados por sexo, co obxectivo de identificar e reducir as desigualdades existentes na atención sanitaria.
3. Impulsar a investigación biomédica e sanitaria que teña en conta as diferenzas de sexo e xénero, favorecendo o estudo específico das enfermidades que afectan ás mulleres ou que presentan nelas características diferenciadas.
4. Desenvolver programas de formación dirixidos ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde para incorporar a perspectiva de xénero na práctica clínica, no diagnóstico e nos tratamentos.
5. Elaborar e poñer en marcha unha estratexia galega para a atención integral da saúde das mulleres, que permita abordar de maneira coordinada a prevención, diagnóstico, tratamento e investigación das enfermidades que as afectan, e nomeadamente no que se refire á:
 - a) Mellora do diagnóstico de enfermidades infradiagnosticadas en mulleres
 - b) Programa de saúde menstrual e climaterio
 - c) Saúde mental con enfoque de xénero.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 06/03/2026 14:31:15

Silvia Longueira Castro na data 06/03/2026 14:31:22

Paloma Castro Rey na data 06/03/2026 14:31:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/03/2026 14:31:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52931
Data envío: 06/03/2026 14:34:31.413

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52931
Data envío: 06/03/2026 14:34:31.413

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 14:34:32

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 09/03/2026 ás 09:13
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de acometer obras no CEIP San Vincenzo de Vimianzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do CEIP San Vincenzo de Vimianzo acaba de facer público un comunicado no que pon de manifesto a necesidade de acometer reformas no centro de ensino, debido as numerosas deficiencias existentes. Destacan un episodio ocorrido no centro no que unha fiestra desmontouse e caeu ao patio do recreo, un feito grave que non tivo ningunha consecuencia de danos persoais, pero puido caerlle encima a calquera cativo. Tamén informan que pediron certificación do estado das instalacións e enviaron escritos poñendo de manifesto todas as deficiencias existentes no centro. Din que levan solicitado e pedido varias veces cita coa xefatura territorial pero que non reciben resposta, nin contestación aos escritos nin á petición dunha cita para ser escoitados.

A Consellería de Educación non está a atender debidamente os centros de ensino da costa da morte, xa que nos últimos meses vimos como numerosas ANPAS se levan queixando do estado e das deficiencias estruturais dos seus colexios. O caso de Vimianzo, non é un caso illado, son varios os centros de ensino que precisan de reformas completas porque as instalacións son vellas e teñen moitos anos, namentres a Consellería resolve os casos tarde e a contagotas e aproveita para sinalar aos concellos como os culpables de non facer os mantementos necesarios, como no caso dos colexios de Zas. A Consellería debe exercer as súas competencias e realizar un plan global para revisar o estado de todos os colexios da comarca e aumentar a partida orzamentaria para

Asinado o día 09/03/2026 ás 09:12
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 09/03/2026 ás 09:12
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acometer todas as reformas necesarias que garantan un ensino de calidade e sobre todo seguro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a ter en conta as demandas da comunidade educativa do CEIP San Vicenzo de Vimianzo, e realice os estudos e informes necesarios no centro de ensino sobre as deficiencias estruturais do centro, e se executen as obras necesarias de forma inmediata”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 09/03/2026 9:12:38

Cristina Fernández Davila na data 09/03/2026 9:12:43

Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2026 9:13:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52936
Data envío: 09/03/2026 09:13:43,734

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 9:13:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52936
Data envío: 09/03/2026 09:13:43,734

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:36:11
Nº Rexistro: 52948
Data envío: 09/03/2026 09:36:11.022

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o proxecto de Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Xunta anunciou en 2024 a creación dun Centro de Alto Rendemento Deportivo en Pontevedra, na zona de Cernadiñas Novas (parroquia de Santo André de Xeve), en terreos con unha superficie de 120.000 euros de titularidade comunal. O investimento previsto é de 36,8 millóns de euros.

O goberno galego tramitou esta iniciativa mediante un Proxecto de Interese Autonómico e licitou a finais de 2025 o contrato de servizos de redacción do proxecto de interese autonómico (PIA), así como a redacción do proxecto de parcelamento para a obtención do solo destinado á construción do futuro Centro de Alto Rendemento. O prazo de execución do contrato é de 16 meses.

A iniciativa está aínda nunha fase inicial e sería de interese que se desenvolvese coa máxima colaboración con outras institucións, nomeadamente co concello de Pontevedra e co goberno central. Tamén resulta de interese coñecer a complementariedade deste Centro de Alto Rendemento e Tecnificación co actual CGTD con sede en Pontevedra.

Por último, cómpre coñecer as xestións realizadas polo goberno galego co CSD para conseguir o recoñecemento oficial deste novo CAR, á par dos que xa existen no Estado.

Asinado o día 09/03/2026 ás
09:34
Por Iago Suárez Fernández

Asinado o día 09/03/2026 ás
09:34
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:36:11
Nº Rexistro: 52948
Data envío: 09/03/2026 09:36:11.022

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a abrir un proceso de diálogo con outras institucións, nomeadamente co Concello de Pontevedra e co Consello Superior de Deportes, para definir o rango legal e o alcance do Centro de Alto Rendemento Deportivo proxectado en Pontevedra, así como a complementariedade desta proposta co actual Centro Galego de Tecnificación Deportiva.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/03/2026 9:34:24

Iago Suárez Fernández na data 09/03/2026 9:34:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:36:11
Nº Rexistro: 52948
Data envío: 09/03/2026 09:36:11.022

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 9:36:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:36:11
Nº Rexistro: 52948
Data envío: 09/03/2026 09:36:11.022

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a esixencia de a Xunta cumprir co Regulamento da Cámara e respectar os dereitos dos deputados e deputadas do BNG de acceso aos informes técnicos que avalaron as modificacións da Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de decembro de 2025.

Asinado o día 09/03/2026 ás
10:58
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta a unha pregunta ao goberno formulada no pleno de xaneiro polo grupo parlamentario do BNG, o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude respondeu que as modificacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza impulsadas a través da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estaban sustentadas en diferentes informes técnicos.

O pasado 30 de xaneiro desde o BNG rexistramos, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, acceso á “copia dos informes técnicos que avalaron os cambios feitos na Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas, citados polo Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude na pregunta oral formulada polo BNG no pleno do 28 de xaneiro”.

Asinado o día 09/03/2026 ás
10:58
Por Mercedes Queixas Zas

Superado o tempo regulamentado e sen que o goberno da Xunta nos teña respondido á devandita solicitude de documentación, confírmase a falta de transparencia coa que está a actuar o goberno da Xunta e que está a ser reforzada polo veto do grupo parlamentario á petición de comparecencia do Director Xeral de Patrimonio Cultural na





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Comisión 4ª de Educación e Cultura para explicar as auténticas razóns das modificacións da Lei de patrimonio cultural.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a a remirtirlle ao Grupo Parlamentario do BNG a copia dos informes técnicos que avalaron os cambios feitos na Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas solicitadas ao abeiro do artigo 9”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2026 10:58:47

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2026 10:58:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:00:27
Nº Rexistro: 52958
Data envío: 09/03/2026 11:00:27.848

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 11:00:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:00:27
Nº Rexistro: 52958
Data envío: 09/03/2026 11:00:27.848

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O proxecto industrial promovido pola multinacional Altri para a instalación dunha macrocelulosa en Galicia xerou unha profunda contestación social, ambiental e económica polo seu impacto sobre o territorio, os recursos hídricos e o modelo produtivo galego.

O arquivo do procedemento anunciado pola Xunta non resolve a cuestión de fondo nin impide que o proxecto poida ser reformulado e volver a tramitarse no futuro. Galicia precisa unha decisión firme e definitiva, non unha paralización provisional.

A isto engádese un feito de especial gravidade institucional: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de declarar que a desprotección ambiental dunha zona afectada polo proxecto careceu da motivación suficiente, estimando o recurso presentado por un grupo ecoloxista e obrigando á Administración a conservar a protección ambiental da área afectada.

Esta sentenza cuestiona directamente as decisións adoptadas pola Xunta no ámbito da planificación territorial e ambiental vinculada ao proxecto,



evidenciando unha actuación administrativa que reduciu a protección dunha zona sen xustificación técnica suficiente.

Resulta extremadamente grave que, mentres se tramitaba un proxecto industrial de gran impacto, se producise a desprotección ambiental dunha área afectada, xerando dúbidas sobre a neutralidade e obxectividade da actuación da Administración.

A todo isto súmase a existencia dun memorando de entendemento asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia —daquela conselleiro de Economía e Industria— e o CEO de Altri, cuxo contido segue sen facerse público, malia a súa evidente transcendencia.

Galicia non pode permitir nin opacidade nin retrocesos na protección ambiental para favorecer proxectos industriais que non acreditan o cumprimento do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Denegar en canto ao fondo o proxecto industrial promovido por Altri, impedindo a súa reapertura futura.
2. Denegar a concesión de augas pendente de autorización, por resultar incompatible coa protección sostible dos recursos hídricos.
3. Denegar a declaración ambiental estratéxica, ao non garantir o cumprimento do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente.
4. Garantir o mantemento da protección ambiental da zona afectada polo proxecto, dando cumprimento íntegro á sentenza do Tribunal Superior de

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Xustiza de Galicia e revertendo calquera actuación administrativa que implicase unha desprotección inmotivada.

5. Facer público de maneira inmediata o memorando de entendemento asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia e o CEO de Altri.

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/03/2026 11:52:35

Lara Méndez López na data 09/03/2026 11:52:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/03/2026 11:52:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:56:26
Nº Rexistro: 52973
Data envío: 09/03/2026 11:56:26.705

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 11:56:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:56:26
Nº Rexistro: 52973
Data envío: 09/03/2026 11:56:26.705

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:28:52
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 09/03/2026 12:28:52.147

Asinado o día 09/03/26
12:27
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as melloras que debe realizar o Goberno galego na estrada PO-552 ao seu paso por Mougás e Pedornes, no concello de Oia.

Asinado o día 09/03/2026 ás
12:27
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-552, vía de competencia autonómica que vertebra o concello de Oia, soporta un tráfico diario estimado en 3.500 vehículos. Malia esta alta intensidade circulatoria, e malia ser unha vía esencial para a conectividade das parroquias costeiras, o Goberno galego mantén desde hai anos un desleixo institucional inaceptable cara Mougás e Pedornes.

A veciñanza destes dous lugares leva anos demandando unha mellora na mobilidade peonil na estrada. Xa no 2021, censurábase que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) investira case 1.000.000 de euros (concretamente 966.122,17€ segundo as contas da época) na substitución do lousado das beirarrúas existentes en Viladesuso e Santa María de Oia. Aquela obra, catalogada entón como un disparate económico, limitouse a unha mellora cosmética sen incluír saneamento, fibra óptica ou soterramento de cables, mentres se marxina as parroquias que carecían dunha infraestrutura básica de peonil.

Asinado o día 09/03/2026 ás
12:26
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2026, cinco anos despois, a situación segue a ser exactamente a mesma: discriminación territorial e falta de seguridade. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, hoxe baixo a dirección da Conselleira María Martínez Allegue, persiste no erro de priorizar o gasto suntuario onde xa hai servizos, en detrimento da construción de infraestrutura básica onde non existe.

A gravidade da situación agravouse co paso do tempo. A Asociación Veciñal de Mougás chegou a presentar unha solicitude formal ante o Concello, instando á Xunta de Galiza a avaliar os riscos específicos nos quilómetros 28 e 29 da PO-552. Neste tramo crítico, a falta de beirarrúas pon en perigo diario a usuarios vulnerables, especialmente nenos e nenas que utilizan o transporte escolar. A ausencia de sinalización horizontal e vertical adecuada, así como a inexistencia de paradas seguras e beirarrúas, converte este tramo nun foco de risco potencial para a integridade física dos veciños e veciñas.

Non é de recibo que a administración autonómica gaste millóns en "maquillar" beirarrúas que xa cumpren a súa función, mentres deixa ás parroquias de Mougás, Pedornes e o barrio do Porto sen dereito a camiñar seguras pola beira da estrada. A seguridade viaria non pode ser un privilexio dunhas parroquias fronte a outras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Dotar de beirarrúas os treitos da estrada PO-552 ao seu paso polas parroquias de Mougás e Pedornes, incluíndo o barrio do Porto, no concello de Oia, garantindo un itinerario peonil continuo, seguro e accesible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atender de forma urxente a solicitude da Asociación Veciñal de Mougás, procedendo á avaliación técnica dos riscos nos quilómetros 28 e 29 da PO-552, co obxectivo de instalar a sinalización horizontal e vertical necesaria, así como habilitar paradas de transporte escolar, beirarrúas seguras e pasos de peóns que protexan a usuarios e usuarias vulnerables”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/03/2026 12:26:21

Paulo Ríos Santomé na data 09/03/2026 12:27:35

Luis Bará Torres na data 09/03/2026 12:27:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:28:52
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 09/03/2026 12:28:52.147

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 12:28:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:28:52
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 09/03/2026 12:28:52.147

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ao aumento dos recursos destinados á sanidade privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente informe do Ministerio de Sanidade, “Avaliación da sanidade privada no sistema sanitario no Estado español” (decembro de 2025), ofrece unha análise detallada da evolución, dotación, actividade e financiamento dos sistemas sanitarios público e privado no conxunto do Estado. Os datos referidos a Galiza, extraídos deste informe, conclúen que na última década tense producido un incremento da penetración dos centros sanitarios privados baixo o paraugas da Sanidade Pública, así como que os procedementos de máis alto custe realízanse, case na totalidade, en centros sanitarios públicos.

En primeiro lugar, o informe constata que o medre dos seguros privados nos últimos anos, situándose no 24%, aumentando entre 2018 e 2024 un 166%

Pon tamén en evidencia o aumento do peso dos concertos coa sanidade privada dentro do propio Sistema Nacional de Saúde. O medre da sanidade privada, en gran medida, a costa do financiamento público. Galicia sitúase como unha das comunidades cunha maior proporción de equipamentos de alta tecnoloxía diagnóstica (como resonancias magnéticas ou TAC) en centros privados concertados, o que indica unha dependencia significativa destas fórmulas de colaboración para completar a oferta asistencial pública. Outro dato do informe é que o 40.1% das altas hospitalarias privadas son financiadas con fondos públicos ou que o 50.7% das cirurxías maiores ambulatorias





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

realizadas en centros privados fináncianse con fondos públicos ou o 10% da hospitalización de día.

O informe do Ministerio, baseándose en numerosos estudos científicos, advirte que non existe evidencia favorábel á privatización de servizos sanitarios en termos de eficiencia e calidade, e que, polo contrario, os modelos de xestión pública directa adoitan presentar mellores resultados en saúde desde unha perspectiva de equidade, así como un uso máis eficiente dos recursos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a rectificar a súa política de privatización da sanidade galega, e en consecuencia:

1.- Poñer en marcha de inmediato todas as medidas precisas para a reversión dos concertos sanitarios con entidades privadas, especialmente aqueles referidos a probas diagnósticas e procedementos cirúrxicos de baixa complexidade, para garantir que a súa contratación responde a estritas necesidades asistenciais sobrevidas e a criterios de eficiencia, e que non se perpetúan no tempo de maneira automática sen unha avaliación previa.

2.- Tomar todas as medidas para aumentar a capacidade resolutiva da sanidade pública e a dotación de recursos propios, co obxectivo de diminuír ao mínimo, e con motivación xustificada, a derivación de pacientes á sanidade privada”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2026 19:03:49

Iria Carreira Pazos na data 09/03/2026 19:03:59

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2026 19:04:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53039
Data envío: 09/03/2026 19:09:30.430

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 19:09:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53039
Data envío: 09/03/2026 19:09:30.430

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:31:58
Nº Rexistro: 53049
Data envío: 10/03/2026 09:31:58,053

Asinado o día 10/03/26
09:30
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a protección por parte da Xunta de Galiza do patrimonio histórico e memorial de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na fachada do Mosteiro de San Salvador de Celanova, no concello de Celanova, consérvase unha pintada histórica coa inscrición “*Adiante / Semanario*”, realizada nos primeiros anos da década de 1930 por membros das Mocidades Galeguistas.

Esta pintada estaba vinculada á difusión do xornal *Adiante*, órgano de expresión das Mocidades Galeguistas durante a Segunda República, e constitúe un dos poucos vestixios materiais conservados da actividade política e cultural do galeguismo daquela época no espazo público. Entre as persoas que participaron na súa realización figuran destacados referentes do galeguismo e da cultura galega como Pepe Velo e Celso Emilio Ferreiro, ambos moi vinculados á vila de Celanova.

O feito de que esta pintada sobrevivise durante máis de noventa anos, mesmo durante á ditadura franquista, converteuna nun símbolo singular da memoria democrática e do patrimonio histórico de Galiza. Trátase, ademais, dun elemento situado nun inmovble de extraordinario valor patrimonial como é o Mosteiro de Celanova, un dos conxuntos monumentais máis relevantes do país.

Nos últimos días diferentes medios de comunicación e redes sociais recolleron a realización de actuacións sobre a fachada que afectaron parcialmente á meritada,

Asinado o día 10/03/2026 ás
09:30
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 10/03/2026 ás
09:30
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

presuntamente realizadas con ocasión da rodaxe dunha produción audiovisual na contorna do mosteiro e coa finalidade de modificar o fondo escenográfico dunha escena.

De confirmarse estes feitos, estaríamos ante unha intervención que podería supoñer a alteración dun elemento de valor histórico e memorial que forma parte do patrimonio cultural de Galiza, o que suscita preocupación sobre as garantías efectivas de protección e conservación deste tipo de vestixios históricos.

Cómpre lembrar que a protección, conservación e defensa do patrimonio cultural galego constitúe unha responsabilidade pública que corresponde ás administracións competentes, en particular á Xunta de Galiza no exercicio das súas competencias en materia de patrimonio cultural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar e, no seu caso, adoptar as medidas necesarias para a determinación da autoría, alcance e responsabilidades da agresión ao patrimonio histórico de Celanova coa modificación da histórica pintada na fachada do mosteiro de San Salvador, así como a adopción das actuacións necesarias para a súa recuperación e restablecemento.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/03/2026 9:30:02

Mercedes Queixas Zas na data 10/03/2026 9:30:09

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2026 9:30:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:31:58
Nº Rexistro: 53049
Data envío: 10/03/2026 09:31:58,053

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 9:31:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:31:58
Nº Rexistro: 53049
Data envío: 10/03/2026 09:31:58,053

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A actividade marítimo-pesqueira é esencial para a economía costeira de Galicia e para o sostemento de milleiros de familias. A actividade marisqueira, en particular, ven sendo desempeñada de forma maioritaria por mulleres, as cales desenvolven un labor especialmente duro, en condicións de dependencia do estado do medio mariño, así como dos factores climáticos e ambientais.

A protección social das profesionais do marisqueo está regulado na Lei 47/2015, de 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro. Este colectivo está integrado no Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar xestionado polo Instituto Social da Mariña, que forma parte da Seguridade Social e é dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións; e está obrigado ao abono mensual das cotas á Seguridade Social, con independencia de que poidan saír a realizar ou non a súa actividade.

Por outra banda, os plans de explotación aprobados pola Xunta de Galicia deben respectar a normativa sectorial vixente -Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia- e actuar conforme tanto ao réxime de explotación dos recursos marisqueiros como ás condicións incluídas nos plans de explotación correspondentes.

Asinado o día 10/03/2026 ás
10:07
Por Alberto Pazos Couñago





Neste senso, a Xunta de Galicia pode suspender de forma temporal e ocasional a actividade extractiva cando se dean circunstancias que poñan en risco a sustentabilidade biolóxica dos recursos marisqueiros, a seguridade xurídica do exercicio da actividade, o incumprimento das obrigas legais, así como por causas extraordinarias, como poderían ser os fenómenos meteorolóxicos adversos.

Esta suspensión da actividade extractiva implica a ausencia de calquera tipo de ingreso para estas profesionais. Unha situación de inactividade forzosa que, pese a non ser imputable a elas, continúa a ser, salvo para as que cobren a prestación por cese de actividade do ISM, motivo de obriga do pago íntegro das cotas mensuais á Seguridade Social; o que, en consecuencia, agrava a súa posición económica e xera unha evidente desigualdade respecto a outros sectores que contan con mecanismos de protección ante causas de parálise de actividade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que solicite ao Instituto Social da Mariña a exención das cuotas á Seguridade Social das profesionais do marisqueo cuxos plans de explotación sexan suspendidos por resolución da Consellería do Mar e que non contén coa protección do cese de actividade, co fin de aliviar a carga económica que soportan durante os períodos de suspensión da actividade marisqueira, á vez que se lles garante a súa protección social.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/03/2026 10:07:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 10:07:59
Nº Rexistro: 53053
Data envío: 10/03/2026 10:07:59.142

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 10:08:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 10:07:59
Nº Rexistro: 53053
Data envío: 10/03/2026 10:07:59.142

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á negociación da cota da sardiña entre os estados español e portugués para 2027 e á súa distribución dentro do Estado español.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foron varias as ocasións ao longo dos últimos anos nas que este Grupo Parlamentario puxo de manifesto en sede parlamentaria as dificultades polas que vén atravesando a frota do cerco galego, sobre todo pola escaseza das principais especies peláxicas que son do seu interese, polas cada vez menores cotas asignadas e tamén polos prezos en orixe á baixa na maioría das ocasións.

Tanto foi así que a iniciativa do BNG, debatida o 15 de outubro de 2024 na Comisión de Pesca tivo o apoio unánime de todos os Grupos, que acordamos unha serie de propostas para tratar de minimizar a situación da frota do cerco e de artes menores.

Entre as medidas aprobadas daquela contemplabamos esixir ao Goberno do Estado español “a negociación dun reparto equitativo da cota da sardiña entre os Estados portugués e español, tendo en conta de cara ao novo acordo bilateral o número de buques e de tripulantes de cada un deles”.

O acordo entre os dous Estado reparte a cota total nunha porcentaxe do 33,5% para España e do 66,5% para Portugal. Deste xeito, no ano 2025 a cota total sumaba 51.738 toneladas autorizadas, das que 34.406 corresponderon a 132 embarcacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

portuguesas e 17.332 a España. Destas, 10.132 asignáronselle ao caladoiro do Cantábrico Noroeste (o 58,4% do total de España para arredor de 230 barcos, 140 deles galegos), 445 para as artes menores que empregan o xeito e 6.755 (o 39% do total de España para 59 barcos) ao cerco do Golfo de Cádiz.

Tradicionalmente, o cerco do Cantábrico e Noroeste ten necesidades de consumo superiores á cota que se lles asigna, mentres que o xeito e o Golfo de Cádiz, que non chegan a consumila, veñen aportando o seu sobranse ao mecanismo de optimización (ou “bolsa común”) mediante o que, finalmente, se reasignan as cotas non consumidas.

No caso da cota de sardiña asignada a Portugal, tamén o Estado español se vén vendo na obriga de chegar a acordos e conseguir transferencia de sardiña a cambio doutras especies de interese para a frota portuguesa.

Polo tanto, non só é totalmente inxusto o reparto e a distribución da cota dentro das distintas zonas do propio Estado español, senón tamén entre os dous Estados porque, nin nun caso nin no outro se ten en conta onde están a maioría das embarcacións e dos tripulantes e, polo tanto, a maioría das necesidades, e ademais propíciense as transmisións ou transferencias temporais que non son máis que a compra de cota por parte da frota do Cantábrico e Noroeste a outras zonas onde nunca se chega a consumir, podendo dar lugar á especulación pola súa parte.

En canto ao acordo con Portugal, que está vixente dende o 2021 e vence neste 2026, xa se fixo público que os dous Estados comezaron as negociacións de cara á renovación do acordo de xestión da sardiña coa constitución dun grupo de traballo no que o Ministerio de Pesca parece que ten a intención de impulsar unha revisión do reparto actual e, dependendo do resultado da negociación, segundo el, analizará tamén a posibilidade dun novo reparto dentro do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, un novo reparto máis equilibrado da cota da sardiña entre os dous Estados sería lóxica, respondería ás vellas reivindicacións da frota maioritaria do cerco no Estado, a galega, e podería facer xustiza, se atendemos ao volume de embarcacións de cada un deles. Por outra, un novo reparto de cota dentro do propio Estado español non só sería máis xusto, senón que é absolutamente imprescindible para atender equitativamente á frota con máis necesidades e eliminar o perverso sistema de transferencia/transmisión/compra-venta do ben público que constitúen os recursos pesqueiros, independentemente do resultado da negociación con Portugal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a esixir ao Goberno do Estado:

. A negociación dun reparto da cota da sardiña con Portugal de cara ao novo acordo bilateral equilibrado e tendo en conta o número de buques e tripulantes de cada un dos dous Estados.

. Unha nova distribución da cota da sardiña entre as zonas 8c e 9a, independentemente do resultado da negociación entre España e Portugal, proporcionada e atendendo ao número de buques e de tripulantes de cada unha delas.

. Eliminar da normativa vixente a posibilidade de calquera tipo de compravenda (transferencia/transmisión) de cotas, de xeito que ninguén poida lucrase coa venda do ben público que constitúen os recursos pesqueiros, máxime cando existan necesidades noutras zonas e frotas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/03/2026 11:12:22

Carmela González Iglesias na data 10/03/2026 11:12:29

Daniel Castro García na data 10/03/2026 11:12:35

Óscar Insua Lema na data 10/03/2026 11:12:42

Paulo Ríos Santomé na data 10/03/2026 11:12:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 11:15:55
Nº Rexistro: 53059
Data envío: 10/03/2026 11:15:55,469

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 11:15:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 11:15:55
Nº Rexistro: 53059
Data envío: 10/03/2026 11:15:55,469

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a reorientación da estratexia industrial galega cara a sectores civís, sostíbles e de valor social, fronte á deriva armamentista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe unha preocupación crecente pola orientación que está a tomar a política industrial do Goberno galego, tal e como se extrae do *Convenio 2025-1885* (coa Fundación EOI) para programas executivos en industria de defensa, da *Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030*, da *Guía de certificacións de seguridade, defensa e aeroespazo*, e da recente orde de axudas (código IN519G) para o *posicionamento de empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa*.

Estes instrumentos evidencian un esforzo institucional significativo —cun orzamento confirmado de 183 millóns de euros e unha mobilización prevista de case 900 millóns— para vincular o tecido industrial galego ás cadeas de subministración do sector da defensa.

Aínda que se reconece a importancia do sector aeroespacial, e o seu impacto consolidado na diferenciación e especialización da industria galega, o Goberno galego está a priorizar a súa conexión coa industria militar, en liña coas directrices da UE e da OTAN, asumidas tamén polo Estado español, e en detrimento doutras liñas estratéxicas con importante impacto social, tecnolóxico e de soberanía para Galiza.



A Galiza do presente e do futuro debe estar nunha posición antimilitarista e reafirmarse na súa oposición a unha economía que se nutre da guerra e da tensión xeopolítica. Porque non se pode pasar por alto que o que detrás desta deriva armamentista restán os recortes que se producirán nos servizos públicos e no detrimento doutras liñas industriais civís que consoliden o noso tecido produtivo cara o futuro.

O eixo da política industrial do Goberno galego debe priorizar o benestar da cidadanía, a cohesión territorial e o avance de xeración tecnolóxica propia e a aposta pola industria da defensa:

- 1.**Desvía recursos públicos** que poderían destinarse a sectores estratéxicos civís: enerxías renovables, economía circular, saúde, dependencia, agroecoloxía ou dixitalización con soberanía tecnolóxica.
- 2.**Vincula a Galiza a lóxicas bélicas** e a programas de armamento que contradín os valores de paz, cooperación e dereitos humanos.
- 3.**Concentra beneficios** en grandes corporacións e cadeas de subministración globais, sen garantir un retorno social, ambiental ou territorial equilibrado para o noso país.
- 4.**Expón ás pemes galegas** a requisitos de certificación complexos e custosos (PECAL, PERAM, NADCAP, etc.), que actúan como barreiras de entrada e poden xerar dependencias técnicas e financeiras.

A presenza de empresas galegas en sectores de alta tecnoloxía é un activo, mais o camiño non pode ser a súa subordinación a lóxicas militares. Galiza ten capacidades industriais, científicas e humanas para liderar transicións ecolóxicas, dixitais e sociais desde unha perspectiva civil, pacífica e de soberanía.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:



“O Parlamento da Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Promover, en coordinación coas administracións locais, as universidades galegas, os sindicatos e o tecido empresarial un *Programa de Reconversión Industrial Civil*, que facilite ás empresas do sector metal, naval e aeroespacial a transición cara a mercados civís, mediante:

- Asesoramento técnico e financeiro para a diversificación.
- Apoio á I+D+i en proxectos de aplicación social e ambiental.
- Formación profesional adaptada aos novos perfís demandados.
- Acceso a contratos públicos verdes e sociais.

2. Presentar no Parlamento, no presente período de sesións, un informe detallado sobre o impacto orzamentario, social e ambiental da Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2026-2030, incluíndo:

- Desglose do investimento público e privado mobilizado.
- Número e tipo de empregos creados e/ou proxectados, con desagregación por sector, xénero e territorio.
- Avaliación de riscos de dependencia tecnolóxica e de subcontratación en cadeas globais de armamento.
- Alternativas civís viables para os mesmos recursos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/03/2026 12:31:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/03/2026 12:32:06

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2026 12:32:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 12:34:07
Nº Rexistro: 53096
Data envío: 10/03/2026 12:34:07.008



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 12:34:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 12:34:07
Nº Rexistro: 53096
Data envío: 10/03/2026 12:34:07.008

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a política de prevención, restauración e defensa fronte aos grandes incendios forestais en Galiza, co papel das Comunidades de Montes e da comunidade científica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza viviu varias vagas de grandes incendios forestais que evidencian unha crise estrutural do modelo territorial e forestal, comparábel en intensidade ás de 2006, 2017, 2022 e 2025, cando se queimaron decenas de miles de hectáreas nun período moi curto de tempo. Só no ano 2025 arderon en Galiza 118.966 hectáreas, con 1.492 lumes rexistrados segundo datos recoñecidos pola propia conselleira do Medio Rural, aínda que as estimacións do sistema europeo EFFIS elevan a cifra por riba das 170.000 hectáreas. Estes episodios non son un accidente estatístico, senón o síntoma dunha vulnerabilidade estrutural fronte aos grandes incendios, caracterizados por velocidades e intensidades que superan a capacidade de extinción.

O marco normativo galego, en particular a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e os sucesivos PLADIGA, atribúe á Xunta a responsabilidade de planificar a prevención e a defensa contra os incendios. Pola súa parte, a Lei 13/1989 de montes veciñais en man común reconece ás Comunidades de Montes plena capacidade de xestión sobre centos de miles de hectáreas, moitas delas situadas en áreas de alto risco de incendios. Non obstante, as estatísticas da propia





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

administración confirman que a maior parte dos lumes e da superficie queimada se concentran precisamente en comarcas con forte presenza de montes veciñais, urbanización dispersa, masas continuas de especies pirófitas e abandono agrario, sen que exista unha reorientación a fondo do modelo territorial e forestal.

O sistema universitario galego e os centros de investigación forestal levan anos xerando coñecemento sobre dinámica da vexetación, combustibles, mosaicos agroforestais, zonas estratéxicas de xestión e restauración de áreas queimadas, así como ferramentas tecnolóxicas avanzadas de apoio á decisión (sistemas expertos, plataformas SIG, escaneado láser). Investigadores da Universidade de Vigo e da Universidade de Santiago demostraron que o que diferencia un lume devastador dun incendio menor é a estrutura e a xestión do territorio, e non só o número de medios de extinción, e desenvolveron proxectos e plataformas para identificar zonas clave de xestión, mapear riscos e planificar restauración hidrolóxico forestal. Porén, a Xunta non consolidou unha política estable de integración deste coñecemento científico na planificación oficial nin na avaliación independente dos PLADIGA e das políticas de prevención e restauración.

Esta desconexión entre discurso e realidade vese tamén na restauración dos montes queimados. Malia que en 2025 arderon preto de 119.000 hectáreas en Galiza e arredor de 42.000 corresponderon a montes públicos e de xestión pública, a Xunta exhibe como logro que interveu na restauración de pouco máis de 6.300 hectáreas, incluíndo actuacións moi puntuais como 110 hectáreas de acolchado de palla e 1.000 metros de albarradas. Isto significa que nin sequera unha de cada seis hectáreas queimadas baixo responsabilidade directa da administración autonómica recibe actuacións efectivas de restauración, malia que a comunidade científica e o CSIC veñen advertindo de que a restauración temperá e a grande escala é decisiva para evitar erosión, perda de solo, enchentes e lumes recorrentes.

As achegas das comunidades de montes, da comunidade científica, dos centros





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forestais e dos propios servizos de extinción converxen nunha mesma diagnose: sen modificar o modelo territorial, sen empoderar as comunidades de montes e o medio rural para xestionar activamente o territorio e sen integrar sistematicamente o coñecemento xerado polas universidades e polos centros de investigación, Galiza seguirá expoñéndose a grandes incendios que poñen en risco vidas, bens, ecosistemas e economía. A Xunta ten a obriga legal e política de reorientar a súa estratexia, pasando dunha lóxica reactiva centrada na extinción e en actuacións testemuñais de restauración a unha política integral de prevención, xestión e recuperación que recoñeza o papel central das comunidades de montes, do medio rural vivo, da comunidade científica galega e dos concellos.

Desde unha perspectiva de país, cómpre avanzar cara a un monte multifuncional e un rural vivo, como leva defendendo o nacionalismo galego, no que o monte sexa ao tempo recurso económico, espazo de biodiversidade, garante de solo e auga e soporte de vida comunitaria. Iso implica deixar atrás o modelo de grandes masas de monocultivo de especies pirófitas, apostar por mosaicos agroforestais, pechar ciclos produtivos da madeira en Galiza e poñer o monte ao servizo da creación de emprego e de valor engadido no medio rural, tal e como recolle o plan ‘Da cinza á vida’ presentado polo BNG.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar a:

1. Elaborar, nun prazo máximo de doce meses, unha Estratexia Galega de Prevención e Restauración fronte aos Grandes Incendios Forestais, que complemente e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

reoriente o PLADIGA, incorporando obxectivos cuantificábeis de redución de vulnerabilidade e de superficie restaurada anualmente, e garantindo a participación efectiva das Comunidades de Montes en man común, das organizacións agrarias, das entidades ambientais, dos centros forestais e da comunidade científica.

2. Reforzar o papel das Comunidades de Montes en man común na gobernanza da prevención, defensa e restauración fronte aos incendios forestais, asegurando a súa presenza nos órganos de planificación forestal e de defensa contra incendios, así como nos mecanismos de seguimento da restauración de montes queimados, e creando estruturas estables de coordinación comarcal cos servizos de extinción e protección civil.

3. Establecer convenios plurianuais coas universidades galegas, cos centros públicos de investigación forestal e co CSIC para o desenvolvemento e a aplicación efectiva de ferramentas de apoio á decisión (modelos de risco, identificación de zonas estratéxicas de xestión, avaliación posincendio, planificación de restauración hidrolóxico forestal) e para a avaliación independente das políticas de prevención, do PLADIGA e dos programas de restauración de montes queimados.

4. Pór en marcha un programa específico, plurianual e dotado economicamente, de apoio técnico e financeiro a proxectos impulsados por Comunidades de Montes orientados á creación de mosaicos agroforestais, á recuperación de superficie agraria útil e ao pastoreo extensivo como ferramenta de xestión de combustibles, con prioridade nas áreas identificadas como de alto risco de grandes incendios.

5. Diseñar e executar un programa específico de restauración hidrolóxico forestal dos montes públicos e de xestión pública afectados polos incendios de 2025, cun horizonte de actuación sobre a totalidade da superficie queimada neste ámbito nun período máximo de cinco anos, empregando como base a identificación de áreas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritarias realizada polos centros de investigación e garantindo a participación das Comunidades de Montes e da veciñanza afectada.

6. Comparecer anualmente na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, para dar conta do informe monográfico sobre grandes incendios forestais e restauración de montes queimados, dos avances na implementación da Estratexia Galega de Prevención e Restauración fronte aos Grandes Incendios Forestais e do grao de integración da comunidade científica e das Comunidades de montes na planificación e avaliación destas políticas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/03/2026 15:35:38

Secundino Fernández Fernández na data 10/03/2026 15:35:46

Luis Bará Torres na data 10/03/2026 15:35:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53119
Data envío: 10/03/2026 15:38:04.129

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 15:38:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53119
Data envío: 10/03/2026 15:38:04.129

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as medidas que debe desenvolver o Goberno galego no que ten haber co investimento en innovación empresarial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe "Ardán Galicia 2025", elaborado pola Cátedra Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo, ofrece unha radiografía esclarecedora e preocupante sobre o estado da innovación empresarial no noso país. Neste documento constátase que, malia os discursos institucionais sobre a transformación dixital e ecolóxica, Galiza segue a arrastrar debilidades estruturais que comprometen a nosa soberanía económica e a capacidade de crear emprego de calidade.

Os datos son contundentes: o esforzo en I+D interna das empresas galegas sitúase no 0,40% da cifra de negocio en 2024, unha cifra inferior á media histórica galega (0,54%) e moi lonxe dos estándares europeos de países líderes, que superan o 3%. Esta falta de investimento propio condénanos a unha dependencia tecnolóxica externa, onde a innovación é maioritariamente imitativa ou incremental (43,1% en procesos), e apenas un 2,3% das innovacións poden considerarse disruptivas ou auténticas.

Ademais, detéctase unha tripla deficiencia estrutural percibida polo conxunto empresarial que frea o potencial do noso tecido produtivo:



- **Barreiras financeiras:** O 16,6% das empresas considera o custo da innovación unha barreira elevada.
- **Fuga e escaseza de talento:** O 19,1% das empresas sinala a dificultade para atraer e reter persoal cualificado como un obstáculo maior.
- **Desconexión ciencia-empresa:** Só o 34,9% das empresas coopera en I+D+i, e a colaboración con universidades é residual (10%), malia o potencial do noso sistema público de investigación.

A isto súmase unha eficiencia decrecente do investimento: o retorno económico baixou a 4,9€ por cada 1€ investido en 2024, fronte aos 7€ de 2023. Igualmente grave é a desigualdade territorial que evidencia que as políticas actuais non están a combater o despoboamento nin a fenda rural-urbana.

Así mesmo, e recoñecendo que aumentou o esforzo, no que ten haber cos recursos que se destinan a innovación e á I+D+i en xeral este investimento está moi lonxe do que marcan tódolos estándares. Os últimos datos, como o informe de converxencia do Consello Económico e Social (CES) do 2024 que indicaba como o investimento en I+D+i foi do 1,06%, moi lonxe do 2,5% ao que se debe tender.

O Goberno galego debería entender que a innovación non pode ser un luxo para unhas poucas empresas nin un elemento concentrado no arco atlántico. A innovación debe ser unha ferramenta de soberanía nacional, que garanta que o coñecemento xerado en Galiza reverta en Galiza, e que contribúa a fixar poboación en todo o territorio. As políticas actuais do Goberno galego, baseadas en incentivos dispersos e sen unha estratexia de país, demostraron ser insuficientes para cambiar esta tendencia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53125
Data envío: 10/03/2026 16:14:31.933

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Elaborar un Plan Estratéxico de Soberanía Tecnolóxica 2027-2032 que eleve o esforzo en I+D+i interna ata o obxectivo mínimo do 2,5% da cifra de negocio e do PIB, dotado de fondos suficientes e recollido nos sucesivos orzamentos, co obxectivo de multiplicar a captación de fondos comunitarios, aumentar o investimento nas empresas e garantir que a propiedade intelectual e as sedes sociais e fiscais das empresas beneficiarias permanezan en Galiza.
2. Comprometer un reforzo orzamentario para os Centros Tecnolóxicos, de interese público, orientando liñas específicas á transferencia de innovación aplicada para PEMES e sectores tradicionais.
3. Establecer criterios obrigatorios de creación e mantemento de emprego, sostibilidade e impacto social en todas as liñas de subvención á innovación, aliñando o modelo cunha transición tecnolóxica socialmente xusta.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/03/2026 16:12:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/03/2026 16:12:57

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2026 16:13:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53125
Data envío: 10/03/2026 16:14:31.933

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 16:14:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53125
Data envío: 10/03/2026 16:14:31.933

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:42:09
Nº Rexistro: 53132
Data envío: 10/03/2026 16:42:09.795

Asinado o día 10/03/26
16:40
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre as achegas feitas pola Xunta de Galiza aos proxectos de desenrolo da enerxía eólica mariña.

Asinado o día 10/03/2026 ás
16:40
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2009, este Parlamento rexistrou un rexeitamento unánime á eólica mariña mediante iniciativa do PPdeG, unindo PP, PSdeG e BNG na defensa da pesca e marisqueo fronte á invasión competencial do Estado. O 26 de maio de 2021, aprobouse con votos de PP e PSdeG (en contra do BNG) unha PNL do Grupo Popular para promover a eólica mariña "sen dano ás actividades pesqueiras nin á preservación do ecosistema mariño".

Os POEM aprobados polo Real Decreto 150/2023 sitúan 4 dos 8 polígonos da Zona Noratlántica fronte ás costas galegas (2.114 km², 43% do total estatal), concentrando case o 47% da superficie apta en España. No segundo ciclo (consulta pública novembro 2025), o MITECO reconece que a "tecnoloxía flotante non está tan madura" e a información pesqueira é "inexistente ou incompleta", pese a iso, impulsou o borrador de orde de poxa (consulta previa 5 febreiro 2026).

Na pregunta oral do BNG no Senado o 3 de marzo de 2026, a senadora Carme da Silva interrogou ao Ministro Planas polos estudos sobre impacto da eólica nos caladoiros e ecosistemas. Planas defendeu a "compatibilidade" vía POEM, estudos conxuntos e diálogo, pero admitiu limitacións nos datos de pegada sobre a actividade pesqueira, por non dispor de datos en embarcacións de menos de 12 metros de eslora, criticou á Xunta

Asinado o día 10/03/2026 ás
16:40
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

por non remitilos e anunciou xeolocalización obrigatoria en 2026-2028, sen responder directamente á ausencia de avaliacións completas. As ZAPER coinciden ao 100% con caladoiros tradicionais, afectando ás migracións de anguía e cetáceos, desoves de pescada; de feito o informe principal do CSIC/IEO sobre zonas de desove da pescada (*Merluccius merluccius*) no Atlántico reconece a coincidencia destas áreas coas ZAPE fronte á costa atlántica.

A Xunta, contradíse; reclama "garantías de coexistencia" pero a conselleira de Economía urxe poxas prioritarias, ignorando a Consellaría de Mar e o sector unánime agrupado na Plataforma en Defensa da Pesca. A Directiva 2014/89/UE e Pacto Verde esixen precaución e estudos previos para a seguridade alimentaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

1. Rexeitar calquera aceleración das poxas de eólica mariña ata que existan estudos científicos concluíntes sobre impactos ambientais, socioeconómicos.
2. Esixir ao Goberno central paralización das subastas e revisión das ZAPER nos POEM de segundo ciclo, excluindo vedas, zonas de desove e caladoiros prioritarios.
3. Apoiar as reivindicacións da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños a este respecto.
4. Voltar ao consenso do ano 2009 namentres non existan garantías técnicas, ambientais e sociais sobre a tecnoloxía eólica mariña.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 10/03/2026 16:40:02

Rosana Pérez Fernández na data 10/03/2026 16:40:07

Luis Bará Torres na data 10/03/2026 16:40:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:42:09
Nº Rexistro: 53132
Data envío: 10/03/2026 16:42:09.795

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 16:42:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:42:09
Nº Rexistro: 53132
Data envío: 10/03/2026 16:42:09.795

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado D. Armando Ojea Bouzo (Democracia Ourensana), ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Comisión 5ª (Sanidade, Política Social e Emprego) a seguinte **Proposición non de lei para a equiparación das infraestruturas hospitalarias da provincia de Ourense e a creación dun novo hospital integral**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) non é só un problema de mantemento técnico, senón un síntoma dunha profunda discriminación territorial que sofren os cidadáns da provincia de Ourense. **Mentres a Xunta de Galicia promove e executa proxectos de gran envergadura noutras provincias** —como o "Novo CHUAC" na Coruña ou o "Novo Montecelo" en Pontevedra—, en **Ourense a estratexia limítase a unha política de parches e remendos** en edificios que xa esgotaron o seu ciclo vital.

Esta dualidade de criterios xera unha Galicia de **dúas velocidades en materia de saúde**. Os ourensáns asisten con indignación a como noutras áreas se proxectan infraestruturas deseñadas dende cero con criterios de modernidade, mentres que no CHUO a seguridade de pacientes e profesionais vese comprometida pola caída de teitos, rotura de tubaxes e unha degradación sistémica que ningunha reforma parcial pode solucionar.

A discriminación faise máis evidente ao analizar a realidade demográfica. Ourense, cunha das taxas de envellecemento máis altas de Europa e unha dispersión xeográfica extrema, precisa de xeito urxente unha infraestrutura que non só estea á altura das provincias atlánticas, senón que responda ás súas necesidades específicas. É inaceptable que se xustifique a carencia de servizos vitais, como a Xeriatría, pola falta de espazo físico, mentres noutras provincias se expanden as áreas asistenciais con investimentos millonarios.

Asinado o día 10/03/2026 ás
17:10
Por Armando Ojea Bouzo



O principio de igualdade no acceso aos servizos públicos, garantido pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, está sendo vulnerado. **Ourense non quere máis "obras de mantemento" en estruturas obsoletas; esixe o mesmo trato que A Coruña ou Pontevedra: un proxecto hospitalario íntegro, de vangarda e que garanta a calidade asistencial nas próximas décadas.**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Rematar coa discriminación territorial en materia de investimentos sanitarios, garantindo para a provincia de Ourense o mesmo nivel de excelencia e renovación de infraestruturas que se está a levar a cabo noutras provincias galegas.

Iniciar de xeito inmediato a planificación e proxección dun novo Hospital Integral en Ourense, deseñado dende cero e dotado dos recursos necesarios para substituír as actuais instalacións obsoletas, superando o modelo actual de reformas parciais ineficientes.

Desenvolver unha segunda área hospitalaria na provincia, que actúe como un nodo de referencia para paliar os efectos da dispersión xeográfica e a presión asistencial derivada do envellecemento poboacional.

Garantir a implantación de servizos especializados pendentes, con especial prioridade na creación dunha área de Xeriatria de referencia, sen que a falta de espazo nas actuais instalacións poida seguir servindo de excusa para o seu atraso.

Consignar nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o próximo exercicio as partidas necesarias para que o proxecto do novo hospital sexa unha realidade administrativa e técnica inmediata.

Santiago de Compostela, 5 de Marzo de 2026.

Fdo. D. Armando Ojea Bouzo

Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto



Asinado dixitalmente por:

Armando Ojea Bouzo na data 10/03/2026 17:10:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 17:10:43
Nº Rexistro: 53137
Data envío: 10/03/2026 17:10:43,367

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 17:10:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 17:10:43
Nº Rexistro: 53137
Data envío: 10/03/2026 17:10:43,367

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Exposición de motivos

A ausencia de residencias públicas na comarca do Morrazo é unha evidencia a pesar de existir unha necesidade cada vez máis urxente.

No mes de maio de 2022 o Grupo Municipal Socialista do PSdeG-PSOE presentaba unha moción ao pleno do Concello de Marín para tratar de buscar solución a esta situación. Esa moción foi aprobada por unanimidade e nela acordábase:

- o “Iniciar os trámites administrativos e urbanísticos necesarios para a consecución dos terreos necesarios para a radicación dunha nova residencia da terceira idade nun dos nosos dous núcleos urbanos.
- o Iniciar as conversas e negociacións coa Xunta de Galicia para planificar nos vindeiros anos a posta a disposición dos terreos obtidos polo Concello de Marín para que efectúen a construción dunha moderna e ampla residencia de maiores no noso concello.”



Argumentábase nese momento que “Sen embargo, en Marín existe a día de hoxe unha única residencia de maiores construída hai xa moitos anos e que conta con 78 prazas para persoas válidas”.

Unha cifra claramente insuficiente para dar servizo aos preto de 1.000 veciños que teñen máis de 85 anos e ás súas familias.

Expoñíase así mesmo que “Todos coñecemos a terrible problemática de atopar prazas en residencias de maiores: os prezos nas residencias privadas son absolutamente inalcanzables para a maioría da poboación, acadando as veces os 3.000€ ao mes por unha praza nunha residencia privada.

Así mesmo a escasísima dotación de prazas públicas fai que as listas de espera sexan de moitos anos e que as veces as residencias que se lle asignan están en residencias noutros territorios.”

Con todo, o certo é que case catro anos despois, a situación é exactamente a mesma. Nada se fixo ao respecto.

Hai oito meses a Xunta de Galicia anunciaba “que o Goberno galego segue avanzando na atención ás persoas maiores e, tal e como anunciou o presidente Rueda no Debate de Política Xeral, hai previsto construír 24 novas residencias públicas, o que permitirá habilitar 1.800 prazas en concellos de menos de 50.000 habitantes”.

Ao tempo, a Xunta de Galicia ben de anunciar un Proxecto de Interese Autonómico co que desenvolver vivenda solo para a construción de vivenda pública na zona de Raposeiras.



Para o dito proxecto desenvolverase un proceso de valoración de parcelas, de expropiación, de aperturas de viarios, de dotación de servizos... Aproveitar ese traballo para dotar o Morrazo dunha parcela pública para unha residencia de maiores é unha oportunidade óptima.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar unha superficie de 5.000 m² que permita a construción futura dunha residencia pública para maiores ao Proxecto de Interese Autonómico que está a desenvolver na zona de Raposeiras (Concello de Marín).

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/03/2026 17:50:42

Elena Espinosa Mangana na data 10/03/2026 17:50:51

Silvia Longueira Castro na data 10/03/2026 17:51:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/03/2026 17:51:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 17:54:57
Nº Rexistro: 53151
Data envío: 10/03/2026 17:54:57,951

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 17:54:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 17:54:57
Nº Rexistro: 53151
Data envío: 10/03/2026 17:54:57,951

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

pola que se insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante as institucións comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún

Exposición de Motivos

O Galicia é a principal comunidade produtora de conservas de atún, segmento que representa o 70% do volume total da produción española de peixes e mariscos. Polo tanto, resulta de especial importancia garantir unha subministración axeitada de materia prima á industria de transformación que asegure a súa resiliencia e desenvolvemento sostible.

Na actualidade está en elaboración a proposta do novo regulamento comunitario que establecerá os continxentes arancelarios da Unión Europea para determinados produtos da pesca no período 2027-2029, entre eles o correspondente aos lombos de atún.

O establecemento dun continxente mal dimensionado poñería en perigo os 12.000 postos de traballo que a industria transformadora xera en Galicia e, en última instancia, dificultaría a oferta e dispoñibilidade no mercado de produtos nutritivos para os consumidores.

Para determinar o establecemento dunha cantidade concreta de lombos de atún, desde o sector tiveron en conta varios factores tales como: as tendencias pasadas e actuais, evolución e perspectivas de mercado e comercio -tanto a nivel da Unión Europea como mundial-, o valor engadido, a sustentabilidade, e as preferencias comerciais.

Así o sector apunta a que unha cifra axeitada estaría nun continxente arancelario de lombos de atún de 55.000 toneladas ao 0% de arancel, para o período de referencia, 2027-2029.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 10/03/2026 ás
18:47
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo iso, consideramos conveniente que o Parlamento de Galicia adopte unha posición en relación con este asunto, co obxectivo de apoiar ao sector conserveiro do atún, asegurar a competitividade empresarial e a xeración de emprego no territorio nacional e comunitario no que, cómpre insistir, destaca Galicia como principal comunidade autónoma produtora.

Como sempre defendemos, sobra insistir no importante que para Galicia é que a Unión Europea á hora de tomar decisións, teñan en conta todos os aspectos económicos e sociais, así como as consecuencias do que establece nos seus regulamentos, nun sector xa de por si sensibles

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante as institucións comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún de 55.000 toneladas ao 0% do arancel para o próximo período 2027-2029.
- 2.- Dirixirse aos deputados do Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego con representación no Parlamento europeo para que apoién esta demanda, no marco do debate do novo regulamento europeo que establecerá os continxentes arancelarios da Unión Europea para determinados produtos da pesca”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/03/2026 18:47:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53170
Data envío: 10/03/2026 18:49:31.536

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 18:49:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53170
Data envío: 10/03/2026 18:49:31.536

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 10/03/26
19:01
Por Sonia Vidal Lamas

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa ás medidas que ten pensado aplicar a Xunta de Galiza para mitigar o impacto da suba de prezos do combustible, fertilizantes e alimentos no sector agrogandeiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os custos de produción na gandería galega son resultado dunha serie de variables nas que pouco poden influír os titulares das explotacións, afectados finais das variacións. Así, o prezo dos alimentos, combustibles, enerxía ou fertilizantes, que son unha boa parte do investimento que se precisa para producir leite, carne, ovos e demais produtos de orixe animal derivados do gando galego, modifican substancialmente o rendemento das explotacións presentes no territorio.

Así, as marxes de beneficios dos gandeiros e gandeiras galegas dependen, na maior parte dos casos, de variacións na climatoloxía, oferta e demanda, conflitos internacionais, etc, en lugares do mundo que se atopan a milleiros de quilómetros de distancia. É o caso actual co conflito que EEUU e Israel comezou con Irán, que ven de afectarnos nestas últimas xornadas directamente no prezo do combustible en xeral e do adicado á maquinaria agrícola en particular. As fortes subas que se produciron ao longo desta semana, propias da especulación que se xera ao redor da inestabilidade global, afectan xa aos petos dos gandeiros e agricultoras galegas, con aumentos de prezo por litro que superan o 20% en apenas 48 horas, pasando de 0,90 euros/litro a 1,40.

Este clima de inestabilidade que lle afecta aos combustibles, ocasiona un aumento tanto dos prezos dos alimentos coma dos fertilizantes, ao igual que aos servizos externalizados que prestan cooperativas, autónomos ou empresas, xusto nun momento no que a época do ano os

Asinado o día 10/03/2026 ás
19:00
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 10/03/2026 ás
18:59
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prexudica especialmente, xa que estes meses vindeiros se concentra grande parte das labores de maquinaria agrícola no país. A tempada de abonar ven de comezar e o ensilado e sementeira está próximo, polo que a demanda de combustible e fertilizantes irá en aumento, e con esa demanda irase notando o efecto do encarecemento por mor da guerra e a especulación no noso rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear unha liña de axudas para mitigar o efecto da suba de combustible no sector agrogandeiro galego, que se estenda durante os 6 próximos meses, evitando que os custos de produción aumenten de xeito exponencial e polo tanto os prezos de mercado de produtos de primeira necesidade derivados da gandería e a agricultura sufran unha forte subida.
2. Facer un estudo de custos de produción no sector agrogandeiro galego, que permita valorar e analizar as distintas variables que afectan ás nosas marxes de produción e as medidas que se poden tomar para evitar que inflúan no noso sector primario.
3. Analizar o efecto da suba do combustible sobre os fertilizantes químicos usados nas nosas producións agrogandeiras, elaborando un estudo que permita coñecer e valorar as necesidades reais das terras que son obxecto dese abonado.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/03/2026 18:59:21

Luis Bará Torres na data 10/03/2026 19:00:33

Sonia Vidal Lamas na data 10/03/2026 19:01:32

Secundino Fernández Fernández na data 10/03/2026 19:02:29

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/03/2026 19:02:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53172
Data envío: 10/03/2026 19:04:25.257

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 19:04:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53172
Data envío: 10/03/2026 19:04:25.257

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 11/03/26
09:10
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á adquisición por parte da Xunta de Galiza do mapa de Fontán actualmente ofertado nunha poxa pública.

Asinado o día 11/03/2026 ás
09:10
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O valor histórico e patrimonial da identidade cultural galega a través da cartografía do mapa de Fontán é incuestionábel.

Apenas fican en Galiza algúns exemplares do mapa orixinal de Galiza, o primeiro que o matemático Fontán realizou con métodos científicos modernos.

A través de diferentes informacións xornalísticas acaba de se facer público o anuncio dunha casa de poxas madrileña da inminente poxa dun dos exemplares deste mapa cun prezo de saída de 2.500 euros.

Á vista do alto valor científico e patrimonial desta cartografía única, así como dos escasos exemplares que hoxe conservamos, desde o BNG entendemos que o goberno da Xunta debe implicarse para que esta reprodución permaneza no noso país.

Asinado o día 11/03/2026 ás
09:10
Por Mercedes Queixas Zas

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a realizar as accións oportunas para mercar o mapa de Fontán actualmente ofertado nunha poxa pública co obxectivo de recuperalo para o patrimonio cultural de todos os galegos e galegas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/03/2026 9:10:43

Daniel Castro García na data 11/03/2026 9:10:49

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2026 9:10:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53177
Data envío: 11/03/2026 09:11:55,640

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 9:12:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53177
Data envío: 11/03/2026 09:11:55,640

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ás medidas para mitigar o impacto da suba dos carburantes no sector do transporte de mercadorías galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do transporte de mercadorías está a sufrir unha nova situación de emerxencia após o incremento do prezo dos carburantes por mor da guerra ilegal e criminal que os EEUU e Israel están a impoñer en Oriente Próximo cos ataques a Irán.

Esta situación de incremento do prezo dos carburantes non só afecta ao sector do transporte de mercadorías, xa que a afectación é xeneralizada en moitos sectores que dependen dos carburantes para levar a cabo a súa actividade.

Sendo isto certo, o sector do transporte de mercadorías é totalmente estratéxico e o eixo central no aumento xeneralizado dos prezos de todos os produtos que mercamos a todos os niveis ou das materias primas que se utilizan para a elaboración de calquera produto elaborado.

É por isto que o incremento do prezo dos carburantes ten unha afectación especialmente brutal desde o punto de vista social e de carestía da vida, após anos de incremento do custe da vida, dunha inflación que afoga ás clases populares e cuns salarios que cada vez valen menos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar dun contexto moi volátil, cunha escalada dos prezos do combustible que xa está a afectar ao conxunto do pobo galego e concretamente ao sector do transporte de mercadorías

É necesario, pois, que as administracións públicas mobilicen recursos para erguer un escudo social para que as consecuencias da cultura da guerra despiadada dos EEUU e Israel, non empeoren a vida das clases populares galegas e das pequenas e medianas empresas do noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta ao Goberno Galego a:

1. Demandar do goberno do Estado a aplicación de medidas sociais e económicas que mitiguen a suba do prezo dos carburantes no sector do transporte de mercadorías, en consonancia coas medidas postas en marcha no pasado recente.
2. Mobilizar recursos propios, en elementos da súa competencia, para axudar na mitigación dos efectos da guerra criminal levada adiante polos EEUU e Israel, como son a suba do prezo dos carburantes concretamente no sector galego de transporte de mercadorías”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 11/03/2026 9:29:22

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2026 9:29:28

Luis Bará Torres na data 11/03/2026 9:30:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:47
Nº Rexistro: 53183
Data envío: 11/03/2026 09:30:47,293

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 9:30:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 09:30:47
Nº Rexistro: 53183
Data envío: 11/03/2026 09:30:47,293

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a transferencia de competencias en materia de seguridade de presas e embalses e relocalización obrigatoria dos centros de control das centrais hidroeléctricas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha extensa rede de embalses e centrais hidroeléctricas que xestionan os principais cursos fluviais do país. Estes activos estratéxicos, alén da súa función enerxética, teñen un papel fundamental na prevención de riscos derivados de crecidas, na regulación hídrica e na resposta a emerxencias climáticas.

A seguridade na explotación destas infraestruturas esixe unha supervisión permanente e unha capacidade de resposta inmediata ante situacións de emerxencia. Non obstante, nos últimos anos asistimos a un proceso de deslocalización dos centros de control que supervisaban as infraestruturas galegas, trasladándose a outros territorios.

Un exemplo paradigmático deste proceso é o peche por parte de Iberdrola do Centro de Operación de Cuenca do Sil, situado na Rúa de Valdeorras (Ourense), en abril de 2025. Este centro controlaba as principais infraestruturas hidroeléctricas da conca do Sil e foi trasladado ao Centro de Operación Hidráulico (COHI) de Salamanca.

Este traslado supuxo perda de emprego cualificado no que se desmantelaron postos de traballo técnicos en Valdeorras.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tamén supón esta deslocalización riscos para a seguridade ao incrementarse a distancia entre os centros de decisión e as infraestruturas físicas, con tempos de resposta superiores en caso de emerxencia.

Outra das consecuencias é a perda de coñecemento do territorio. O persoal foráneo carece da experiencia e coñecemento detallado das bacías galegas que tiña o persoal local.

Pero sobre todo o que significa esta fuxida é unha subordinación económica e política; dado que consolida o control estratéxico das nosas infraestruturas fóra de Galiza, coa convivencia das administracións estatal e autonómica que fomentan a concentración do rendemento dos activos enerxéticos galegos fóra do país.

Este proceso foi denunciado por organizacións sindicais, concellos e deputacións, sen que a Xunta de Galiza nin o Goberno central tomaran medidas para impedi-lo.

A seguridade de presas e embalses no Estado español regúlase polo Real Decreto 264/2021, de 13 de abril, que aproba as Normas Técnicas de Seguridade (NTS) para a explotación, revisións de seguridade e posta fóra de servizo de grandes presas e embalses.

A Norma Técnica de Seguridade nº 2 (NTS-2) establece os requisitos para a explotación de presas, incluíndo:

- Plans de inspección e mantemento.
- Designación dun director de explotación.
- Sistemas de comunicación e equipos de emerxencia.
- Plans de emerxencia e sistemas de aviso.

Non obstante, esta normativa non establece requisitos sobre a localización xeográfica dos centros de control, nin sobre a presenza obrigatoria de persoal técnico no territorio onde se atopan as infraestruturas. Esta lagoa normativa permite que as empresas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

titulares deslocalicen os centros de control sen consecuencias legais, subordinando a seguridade e a xeración de emprego a criterios de optimización empresarial.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, anunciou recentemente que a Xunta de Galiza solicitará ao Goberno central a transferencia de competencias plenas sobre os ríos e encoros de Galiza, actualmente compartidas coas Confederacións Hidrográficas. Esta demanda responde á necesidade de mellorar os sistemas de aviso ante fenómenos meteorolóxicos extremos, tras episodios como o primeiro aviso vermello de MeteoGalicia en xaneiro de 2026.

Esta petición abre unha oportunidade histórica para ir máis alá da simple transferencia administrativa e esixir ao Goberno central:

Primeiro. A transferencia de competencias en materia de seguridade de presas e embalses situados integramente no territorio galego.

Segundo. A modificación da NTS-2 para incluír a obrigatoriedade de que os centros de control estean situados no territorio da comunidade autónoma onde se localizan as infraestruturas.

Terceiro. A recuperación dos centros de control deslocalizados, incluído o Centro de Operación de Cuenca do Sil en Valdeorras.

Esta proposta sustentase en tres piares fundamentais.

1. Seguridade e prevención de riscos

A presenza de centros de control no territorio garante tempos de resposta máis curtos en caso de emerxencia. Ao mesmo tempo empregar a persoal local que dispón de experiencia práctica sobre o comportamento das bacías, riscos específicos de cada infraestrutura e as dinámicas climáticas locais, favorecendo a coordinación eficaz con servizos de emerxencia autonómicos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Autonomía enerxética e soberanía estratéxica

As presas e centrais hidroeléctricas son activos estratéxicos que non poden estar supeditados a decisións empresariais nin controlados desde territorios alleos. A recuperación do control operativo destas infraestruturas reforza a capacidade de planificación enerxética autonómica ao tempo que asegura autonomía ante situacións de crise enerxética ou climática e a vertebración territorial e o control soberano dos recursos naturais propios.

3. Emprego cualificado e fixación de poboación

A relocalización dos centros de control supón a recuperación de emprego técnico cualificado en zonas rurais como Valdeorras, O Ribeiro, etc. O que achegaría fixación de poboación en áreas afectadas pola despoblación.

Ao mesmo tempo esta medida impulsaría a creación de ecosistemas tecnolóxicos locais vinculados á xestión enerxética e hídrica.

Este precedente demostra que as transferencias graduais son posibles mediante Comisións Mixtas de Transferencias cando existe vontade política.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar ao Goberno do Estado a transferencia plena de competencias en materia de xestión dos ríos e encoros situados integramente en Galiza.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Demandar ao Goberno do Estado a transferencia de competencias en materia de seguridade de presas e embalses situados integramente en Galiza, actualmente exercidas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

3. Solicitar ao Goberno do Estado a modificación da Norma Técnica de Seguridade nº 2 (NTS-2), aprobada polo Real Decreto 264/2021, para incluír a obrigatoriedade de que os centros de control operativo de presas e embalses estean situados no territorio da comunidade autónoma onde se localizan as infraestruturas, garantindo a presenza de persoal técnico permanente con coñecemento directo do territorio.

4. Lexislar para que ás empresas titulares de presas e centrais hidroeléctricas en Galiza, localicen os centros de control no territorio galego, en cumprimento dos principios de seguridade, prevención de riscos e coñecemento do territorio.

5. Establecer, no proceso de transferencia de competencias, un rexistro autonómico de presas e embalses que inclúa a localización dos centros de control, a identificación do persoal responsable e os protocolos de coordinación cos servizos de emerxencia.

6. Crear unha mesa técnica de coordinación entre a Xunta de Galiza, as empresas titulares de presas, os concellos afectados e as organizacións sindicais para garantir a implementación efectiva das medidas anteriores, con especial atención á recuperación de emprego cualificado nas zonas rurais afectadas pola deslocalización.

7. Impulsar na Comisión Mixta de Transferencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galiza a negociación dun acordo marco de transferencia de competencias en materia hídrica e de seguridade de presas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 11/03/2026 12:55:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/03/2026 12:55:20

Secundino Fernández Fernández na data 11/03/2026 12:55:29

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2026 12:55:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 12:58:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 12:58:08
Nº Rexistro: 53195
Data envío: 11/03/2026 12:58:08,334

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a demanda da recuperación e do arranxo dos accesos ao castelo de Corbeiroa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As ruínas do castelo de Corbeiroa, situadas entre os concellos de Bergondo e Sada, na actualidade non poden ser visitadas. O seu acceso depende do Albergue Xuvenil de Gandarío, propiedade da Xunta de Galiza, ademais de que non se están a facilitar os catro días mensuais de visita pública, durante cando menos catro horas, que marca a Lei do patrimonio cultural de Galiza. O feito de que só sexa posíbel acceder ás ruínas a través do Albergue fai preciso abrir un acceso libre.

O castelo de Corbeiroa atópase en ruínas, mais trátase dun ben patrimonial protexido por esta Lei e declarado Ben de Interese Cultural xenérico en 1949. Este castelo é unha batería costeira construída no século XVIII como elemento defensivo do golfo ártabro.

A veciñanza da zona está a demandar o acceso a este castelo e o seu acondicionamento, chegando mesmo a dirixirse á Valedora do Pobo a Asociación de Veciños de Obra. A Xunta de Galiza, como consecuencia desta demanda da veciñanza, asumiu os traballos de limpeza dos seus accesos. Tras esta limpeza, o castelo, que estaba oculto por vexetación que o cubriu durante décadas, quedou á vista, e tamén se procedeu a instalar paneis informativos. Porén, a información que trasladou o goberno galego en relación con estas obras facía referencia a estes traballos como “actuación” ou



“intervención arqueolóxica”, a pesar de que consistiu na limpeza da maleza (mesmo que se fixera “baixo control arqueolóxico”) e é preciso levar a cabo traballos moito máis profundos de recuperación. Existe un risco de derrubamento de parte dos muros, polo que estes traballos resultan urxentes. Unha limpeza previa que tivo lugar en 2016 incluíu un informe arqueolóxico que recomendaba un plan por fases, que nunca chegou a levarse a cabo.

O Concello de Sada anunciou que alegará para que o Camiño do Litoral transcorra pola estrada, precisamente vinculando a área do Currunchos, neste concello, coas ruínas do castelo de Cobreiroa polo litoral, o que supón un argumento máis a favor de que o goberno galego habilite tanto o acceso como para que inicie traballos de restauración.

No mes de xaneiro tivo lugar a primeira visita guiada deste BIC, mais demandamos que se regularicen as visitas e que se acondicionen os restos do castelo. O castelo de Corbeiroa é patrimonio da comarca, que debe ser recuperado e poñerse a disposición da cidadanía, ademais de ser divulgado, e ademais está situado nunha zona de gran valor paisaxístico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo traballos de conservación dos restos do Castelo de Corbeiroa.
2. Facilitar as visitas públicas ao castelo de Corbeiroa, en cumprimento da Lei de patrimonio Cultural de Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/03/2026 13:20:47

Mercedes Queixas Zas na data 11/03/2026 13:20:57

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2026 13:21:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:56
Nº Rexistro: 53205
Data envío: 11/03/2026 13:21:56.451

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 13:21:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 13:21:56
Nº Rexistro: 53205
Data envío: 11/03/2026 13:21:56.451

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Exposición de motivos

Este inverno 2026 producíronse actuacións de limpeza e suposta conservación do leito do río Ventoso ao seu paso pola parroquia de Pardesoa, no concello de Forcarei, promovidas por Augas de Galicia e executadas por unha empresa contratada para tal fin.

Estas actuacións realizáronse mediante o uso de maquinaria pesada e tractores ao longo de máis dun quilómetro dun espazo natural de gran valor ambiental, provocando danos significativos nun camiño tradicional que discorre en paralelo ao río e que se atopaba en bo estado grazas ao coidado e mantemento realizado historicamente pola veciñanza.

Especial preocupación causa o impacto producido na contorna dunha ponte de pedra tradicional, elemento patrimonial de interese que forma parte da paisaxe cultural da zona e que debería ser preservado con especial cautela.

Este camiño forma parte, ademais, do itinerario cultural coñecido como “Roteiro do crime de Pardesoa”, inspirado na obra literaria *O crime de Pardesoa*, que

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



contribúe á divulgación da historia local e ao desenvolvemento de iniciativas de turismo cultural no rural.

De feito, diversas iniciativas cidadás e culturais promoven a posta en valor deste percorrido, que combina patrimonio natural, memoria histórica e literatura, converténdose nun recurso de interese para o concello de Forcarei e para a comarca.

Non obstante, as actuacións realizadas recentemente provocaron un deterioro evidente da vereas tradicionais e da súa contorna, xerando indignación entre a veciñanza e preocupación polo impacto que estas intervencións poden ter tanto no patrimonio como no potencial turístico e cultural da zona.

Por todo o anterior, resulta necesario aclarar as condicións nas que se realizaron estas actuacións, avaliar os danos ocasionados e impulsar medidas de restauración e protección do camiño e da súa contorna, xa que as feitas ata o de agora son insuficientes.

Por iso, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reparar os danos ocasionados polas actuacións de limpeza executadas no río Ventoso ao seu paso pola parroquia de Pardesoa, no concello de Forcarei, e proceder á restauración ambiental, paisaxística e patrimonial da vereas tradicionais e da contorna do ponte de pedra afectado, recuperando o seu estado anterior e os elementos etnográficos deteriorados.
2. Garantir que futuras actuacións no dominio público hidráulico realizadas por Augas de Galicia se desenvolvan con criterios de conservación do patrimonio

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](#)



natural, cultural e paisaxístico, adoptando protocolos que eviten a deterioración de camiños tradicionais, elementos etnográficos e espazos naturais de especial valor.

3. Colaborar co Concello de Forcarei, coas comunidades de montes e coa veciñanza para a posta en valor, sinalización e recoñecemento do itinerario cultural “Roteiro do crime de Pardesoa”, vinculado á obra *O crime de Pardesoa*, como recurso de promoción do patrimonio, da memoria local e do turismo cultural no medio rural. E nomeadamente, garantir a conservación, protección e posta en valor da ponte de pedra tradicional existente na zona, adoptando as medidas necesarias para evitar a súa deterioración.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/03/2026 16:38:57

Aitor Bouza Manso na data 11/03/2026 16:39:12

Carlos López Font na data 11/03/2026 16:39:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/03/2026 16:39:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 16:42:46
Nº Rexistro: 53241
Data envío: 11/03/2026 16:42:46.433

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 16:42:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 16:42:46
Nº Rexistro: 53241
Data envío: 11/03/2026 16:42:46.433

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Directiva (UE) 2020/285 do Consello, do 18 de febreiro de 2020, modifica o sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no relativo ao réxime especial das pequenas empresas, coa finalidade de simplificar as obrigas fiscais dos pequenos empresarios e das persoas traballadoras autónomas.

Esta normativa europea permite que os Estados membros establezan un réxime de franquía do IVE para aqueles operadores económicos cun volume reducido de facturación anual, posibilitando que queden exentos de repercutir, liquidar e declarar o imposto, reducindo cargas administrativas e facilitando o desenvolvemento da actividade económica.

A Directiva establecía como data límite de transposición o 31 de decembro de 2024, coa súa aplicación prevista a partir do 1 de xaneiro de 2025. Porén, España continúa sen completar dita transposición, situándose nunha posición excepcional dentro da Unión Europea e xerando unha clara desvantaxe competitiva para autónomos e pequenas empresas fronte aos seus homólogos europeos. Esta situación resulta especialmente relevante en Galicia, unha comunidade cun elevado peso do traballo autónomo e das microempresas en sectores como o comercio de proximidade, os servizos persoais, a construción, o turismo rural ou os oficios tradicionais.

Asinado o día 11/03/2026 ás
18:00
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 18:01:06
Nº Rexistro: 53269
Data envío: 11/03/2026 18:01:06.410

A problemática adquire unha especial intensidade no espazo transfronteirizo galego-portugués.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Tal e como puxo de manifesto a Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) nun recente encontro institucional celebrado en Tui xunto a organizacións empresariais portuguesas, a inexistencia do IVE franquiciado en España provoca unha desigualdade directa na competencia económica diaria entre profesionais situados a ambos lados da fronteira.

Mentres Portugal xa aplica este sistema, permitindo que micronegocios con menor facturación queden exentos da liquidación periódica do imposto, os autónomos galegos continúan obrigados a repercutir e declarar o IVE desde o primeiro euro facturado, asumindo maiores custos administrativos e de xestión.

Segundo os datos analizados neste encontro empresarial, o tecido autónomo portugués conta con arredor de 720.000 profesionais por conta propia, dos cales entre 330.000 e 350.000 operan como empresarios individuais, moitos deles con ingresos axustados e sen persoal contratado. Unha parte significativa destes sitúase preto do limiar do réxime franquiciado portugués, establecido arredor dos 15.000 euros anuais, evidenciando que esta medida está dirixida ao segmento máis vulnerable do tecido produtivo e non ás grandes empresas.

Nun territorio como Galicia, onde a actividade económica cruza diariamente a fronteira en ámbitos como o comercio, os servizos técnicos ou os oficios tradicionais, esta diferenza normativa tradúcese nunha perda real de competitividade para autónomos de localidades como Verín, Tui, A Guarda ou O Rosal fronte aos profesionais establecidos en Chaves, Valença ou Caminha.

A implantación do réxime de franquía do IVE permitiría reducir trámites burocráticos, diminuír custos de xestión, mellorar a liquidez dos pequenos negocios e favorecer que os profesionais dediquen máis tempo á actividade produtiva e menos ás obrigas formais tributarias.

En consecuencia, e ante a relevancia económica e social do traballo autónomo en Galicia e no conxunto do Estado, resulta imprescindible instar ao Goberno de España a proceder á transposición íntegra e urxente da Directiva (UE) 2020/285, garantindo condicións de competencia equivalentes no mercado interior europeo.





En base ao anteriormente exposto, e seguindo o modelo recollido no borrador presentado , o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Transpoñer a Directiva (UE) 2020/285, cumprindo coas obrigas derivadas do Dereito da Unión Europea relativas ao réxime especial de franquía do IVE para pequenas empresas e persoas traballadoras autónomas.
- 2.- Aprobar un réxime estatal, voluntario, claro e sinxelo de franquía do IVE para pequenos negocios e autónomos, que permita reducir cargas administrativas, mellorar a liquidez e favorecer o emprendemento e a continuidade das actividades económicas de menor dimensión.
- 3.- Garantir a plena operatividade do réxime transfronteirizo previsto pola normativa europea, evitando situacións de desvantaxe competitiva para autónomos e pequenas empresas españolas, especialmente nos territorios fronteirizos con Portugal, asegurando condicións de competencia equilibradas no mercado interior europeo”.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/03/2026 18:00:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 18:01:06
Nº Rexistro: 53269
Data envío: 11/03/2026 18:01:06.410

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/03/2026 18:01:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2026 18:01:06
Nº Rexistro: 53269
Data envío: 11/03/2026 18:01:06.410

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González**, abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno galego en relación co reforzo do cadro de persoal da oficina do Instituto Nacional da Seguridade Social en Betanzos e garantir a atención presencial e de proximidade

Exposición de Motivos

Betanzos é cabeceira de partido xudicial e referencia administrativa que abrangue 16 concellos, o que lle confire un papel clave na prestación de servizos públicos á cidadanía da súa contorna.

Porén, a oficina do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) situada en Betanzos vén sufrindo desde hai tempo unha insuficiente dotación de persoal, o que provoca graves deficiencias na atención presencial. Esta situación tradúcese na imposibilidade de realizar trámites básicos sen cita previa, longas esperas, dificultades para a presentación presencial de documentación e unha atención claramente insuficiente para dar resposta á demanda existente.

Como consecuencia directa desta carencia de medios humanos, a veciñanza da área de influencia de Betanzos vese obrigada a realizar desprazamentos longos e custosos para poder acceder a un servizo público esencial, tendo que acudir a outras oficinas situadas a distancias moi considerables, entre elas:

- Melide, a aproximadamente 52 quilómetros.
- Ortigueira, a uns 87 quilómetros.
- Corcubión, a arredor de 116 quilómetros.
- A Pobra do Caramiñal, a preto de 95 quilómetros.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Estes desprazamentos supoñen un custo económico e de tempo dificilmente asumible, especialmente para as persoas maiores, aquelas con mobilidade reducida ou con menos recursos económicos, que dependen en maior medida da atención presencial.

Resulta especialmente chamativo que, en contraste con esta situación, outras oficinas do INSS situadas en municipios de menor tamaño e menor peso administrativo contan cunha maior dotación de persoal, o que xera un evidente agravio comparativo e unha quebra do principio de equidade territorial no acceso aos servizos públicos.

A Seguridade Social é un dos piares fundamentais do Estado do benestar, e a súa correcta prestación esixe garantir unha atención presencial suficiente, próxima e accesible, con independencia do lugar de residencia da cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1. Reforzar de maneira inmediata o cadro de persoal da oficina do Instituto Nacional da Seguridade Social en Betanzos, dotándoa dos efectivos necesarios para garantir unha atención presencial adecuada, continuada e de calidade.
2. Equiparar a dotación de recursos humanos da oficina do INSS de Betanzos á existente noutros centros de menor tamaño, evitando agravios comparativos e garantindo un trato equitativo á cidadanía da súa área de influencia.
3. Garantir a atención presencial sen barreiras innecesarias, facilitando a realización de trámites básicos sen depender exclusivamente do sistema de cita previa, con especial atención ás persoas maiores e aos colectivos máis vulnerables.
4. Adoptar as medidas necesarias para asegurar unha prestación do servizo baseada en criterios de proximidade, eficacia e cohesión territorial, evitando desprazamentos innecesarios que supoñen un custo económico e social para a cidadanía.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/03/2026 10:56:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:57:37
Nº Rexistro: 53303
Data envío: 12/03/2026 10:57:37,379

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 10:57:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 10:57:37
Nº Rexistro: 53303
Data envío: 12/03/2026 10:57:37,379

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á calidade do subministro eléctrico no concello de Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa sobre calidade do subministro eléctrico establece obrigas concretas para as empresas distribuidoras, co obxectivo de garantir a continuidade, fiabilidade e seguridade da electricidade que chega ás persoas usuarias, tanto no ámbito urbano como no rural. A súa inobservancia ten impactos graves na vida cotiá da poboación, na actividade económica e na seguridade das persoas, especialmente daquelas que dependen de equipamento sanitario eléctrico.

O subministro eléctrico está regulado pola Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, que fixa mecanismos de control e índices obxectivos de calidade do servizo, obrigando ás empresas distribuidoras a garantir que as interrupcións teñen límites máximos de duración e frecuencia, tanto a nivel individual como por zonas de distribución. Estes parámetros concrétanse en normativa estatal e europea, como a Norma UNE-EN 50160, e complétanse co deber de manter, mellorar e reparar as redes, así como informar de forma transparente ás administracións públicas sobre os niveis reais de calidade.

No concello de Ordes, lonxe de se garantir unha calidade acorde coa lexislación vixente e coas necesidades dun concello que é nó estratéxico de comunicacións e actividade económica, a veciñanza e o tecido produtivo levan anos padecendo cortes





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

reiterados de subministro eléctrico, tanto de curta como de longa duración. Resulta especialmente paradoxal que isto aconteza nun concello atravesado por diversas liñas de alta tensión e situado nas proximidades de subestacións como Meirama, Mesón do Vento, Sigüeiro ou Santiago, que deberían garantir unha situación privilexiada en termos de seguridade de subministro

A pesar de que no ano 2008 entrou en funcionamento a subestación de Sigüeiro, anunciada naquel momento como solución aos continuos apagóns que sufrían a veciñanza e as empresas de Ordes, a realidade é que a problemática se mantivo no tempo. Así o acreditan, entre outros feitos, a moción presentada polo BNG en 2016 esixindo solucións a UFD, a recollida de sinaturas impulsada por AECOR en marzo de 2021 tras múltiples apagóns en horario comercial, as denuncias públicas en 2023 sobre cortes repetidos durante varios días seguidos e as iniciativas formuladas no pleno municipal en novembro de 2024 ante novos episodios de falta de subministro.

No ano 2025 volveuse rexistrar a incidencia de cortes de subministro na vila, e o inicio de 2026 confirma que a situación non é un episodio illado senón un problema estrutural de calidade: entre o 9 e o 13 de xaneiro producíronse reiterados cortes en Beán; o 22 de xaneiro houbo interrupcións pola noite practicamente en todo o concello; o 26 de xaneiro, coincidindo cun temporal, produciuse un apagón prolongado; e o 27 de xaneiro a zona sur da vila (Parada, Leira, Mesón do Vento, entre outras) quedou sen subministro durante máis de dúas horas.

Os efectos destes cortes van máis alá das incomodidades puntuais: provocan perdas económicas en empresas e comercios, dificultan o funcionamento de servizos públicos e privados, comprometen a conservación de alimentos e o uso de equipamento doméstico básico, e incrementan a sensación de inseguridade na poboación. No caso de persoas que dependen de aparellos sanitarios alimentados electricamente, os apagóns poden implicar riscos directos para a saúde.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

As explicacións ofrecidas pola empresa distribuidora, centradas en aludir a situacións “puntuais”, ao “mal tempo” ou ao suposto cumprimento formal da normativa vixente, contrastan coa experiencia acumulada da veciñanza e co feito de que, ante episodios meteorolóxicos adversos recentes, concellos próximos como Sigüeiro ou Carral non sufriron nin un minuto de corte mentres Ordes permaneceu durante horas ás escuras. Todo isto apunta a deficiencias no mantemento e na configuración da rede de distribución que abastece o concello.

Neste sentido, son especialmente preocupantes as condicións dalgunhas infraestruturas de distribución no termo municipal, documentadas graficamente na contorna do polígono industrial e no centro de transformación de Folgoso (Pereira), que dificultan tanto a continuidade do servizo como a rápida intervención en caso de avaría. A falta de rozas adecuadas, a presenza de masa arbórea próxima ás liñas ou accesos deficientes poden agravar os riscos e prolongar as interrupcións, en contradición coas obrigas de mantemento que corresponden á distribuidora.

Diante deste panorama, resulta imprescindible que a administración competente en materia de industria e enerxía exerza de maneira efectiva as súas competencias de inspección, control e sanción, garantindo que as empresas distribuidoras cumpren cos estándares de calidade fixados polo ordenamento xurídico e acometen as inversións necesarias para corrixir as deficiencias estruturais da rede en Ordes. Ao mesmo tempo, cómpre velar por que as persoas e empresas afectadas poidan acceder de forma áxil ás compensacións previstas pola normativa, e por que se corrixan as desigualdades entre territorios en materia de calidade de subministro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

1. Demandar das empresas distribuidoras de electricidade, e en particular de UFD, o estrito cumprimento dos estándares de calidade do subministro eléctrico no concello de Ordes, levando a cabo inspeccións, recollendo datos das empresas subministradoras e demandando que se realicen auditorías en campo que permitan determinar os índices reais de duración e frecuencia das interrupcións no termo municipal, tanto a nivel global como por zonas de distribución

2. Esixir das empresas distribuidoras a elaboración e execución dun plan específico de mellora da calidade do subministro eléctrico en Ordes, con detalle das actuacións de reforzo e mantemento da rede (incluídas rozas, mellora de accesos a centros de transformación e renovación de elementos vulnerables) e dun cronograma de execución, garantindo a participación do concello e das asociacións veciñais e empresariais no seu seguimento.

3. Facer público, mediante remisión ao Concello de Ordes e información neste Parlamento, os datos de calidade do servizo eléctrico no concello correspondentes aos últimos cinco anos, incluíndo os principais indicadores regulados de continuidade do subministro, así como, de ser o caso, os expedientes informativos ou sancionadores incoados fronte ás empresas distribuidoras polo incumprimento dos devanditos estándares.

4. Garantir que as persoas consumidoras e as empresas de Ordes reciben de forma efectiva e áxil as indemnizacións e compensacións previstas pola lexislación en caso de falta de calidade do servizo eléctrico, impulsando campañas de información específicas no concello sobre os seus dereitos e os procedementos para reclamar.

5. Impulsar as actuacións necesarias para asegurar unha equiparación real entre os concellos de interior como Ordes e outras zonas urbanas e periurbanas en materia de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

calidade do subministro eléctrico, de maneira que a transición enerxética e a electrificación de usos non profunden nas actuais desigualdades territoriais senón que contribúan a corrixilas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 12/03/2026 11:00:44

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/03/2026 11:00:50

Saleta Chao Rivas na data 12/03/2026 11:00:57

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 11:01:06

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2026 11:01:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 11:05:02
Nº Rexistro: 53304
Data envío: 12/03/2026 11:05:02.074



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 11:05:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 11:05:02
Nº Rexistro: 53304
Data envío: 12/03/2026 11:05:02.074

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:11:12
Nº Rexistro: 53311
Data envío: 12/03/2026 12:11:12.225

Asinado o día 12/03/26
12:09
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación dos espazos xoves dependentes da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os denominados ‘Espazos Xoves’, tamén coñecidos como casas da xuventude, son espazos dependentes da Xunta de Galiza que, en teoría, serven para ofrecer servizos para a mocidade galega ou para a organización de eventos de diferente índole. En total son 12 os espazos xoves recollidos na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, espallados por diferentes partes do país.

Chega con visitar practicamente calquera destes espazos para presenciar algo que salta á vista; e é que son espazos cun grande potencial de seren ben xestionados mais que na actualidade non chegan á mocidade galega e que, na maioría de casos, están sempre baleiros ou sen actividade aparente. Nalgúns casos, estes espazos xoves sitúanse en edificios grandes que requiren un mantemento importante e que nestes momentos e coa actual Xunta de Galiza están totalmente infrautilizados. Para alén disto, as decisións do Executivo galego tomadas nos últimos tempos veñen a afondar nesta infrautilización dos espazos xoves. Hai un tempo, a Xunta decidiu eliminar as e os animadores socioculturais dos espazos xoves de Galiza, unha escolla do goberno galego que, como é evidente, xerou grandes queixas por parte das profesionais do sector.

Asinado o día 12/03/2026 ás
12:09
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 12/03/2026 ás
12:09
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Os espazos xoves poden ser puntos de referencia para a formación, dinamización e participación xuvenil, mais a deficiente xestión da actual Dirección Xeral de Xuventude provoca que estes lugares con grande potencial, hoxe sexan unha sorte de espazos pantasma que non chegan á mocidade do noso país. Para o Grupo Parlamentar do BNG, o goberno galego debe traballar activamente en facer a mocidade partícipe do deseño das políticas xuvenís, algo que non está a acontecer.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un estudo sobre a situación actual dos espazos xoves dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e remitilo aos grupos parlamentares antes da fin do actual período de sesións.
2. Remitir, antes da fin do actual período de sesións, aos grupos parlamentares un informe coas actividades realizadas nestes espazos ao longo da anualidade de 2025 e o que vai de 2026.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 12/03/2026 12:09:31

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 12:09:38

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2026 12:09:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:11:12
Nº Rexistro: 53311
Data envío: 12/03/2026 12:11:12.225

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:11:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:11:12
Nº Rexistro: 53311
Data envío: 12/03/2026 12:11:12.225

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días a Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) fixo públicos testemuños de pacientes á espera de realización da proba de Diagnóstico Xenético Preimplantacional (DXP) na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS que denuncian demoras moi prolongadas para acceder a esta proba diagnóstica esencial dentro dos tratamentos de reprodución asistida.

Segundo a información trasladada pola asociación, existen pacientes que levan agardando entre 17 meses e ata catro anos desde a súa inclusión na lista de espera para a realización desta proba, con casos que se remontan ao ano 2022. As persoas afectadas denuncian ademais que a lista de espera estaría

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



actualmente paralizada sen horizonte temporal coñecido e sen información clara sobre a súa posición ou sobre os prazos previstos para iniciar o tratamento.

Esta situación resulta especialmente preocupante tendo en conta que o CHUS é centro de referencia para a realización desta proba e que, segundo os testemuños das pacientes, existiría unha insuficiente dotación de profesionais especializados, circunstancia que estaría provocando o bloqueo da actividade.

Cómpre lembrar que o diagnóstico xenético preimplantacional forma parte da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde e que estes tratamentos están sometidos a límites de idade, polo que as demoras prolongadas poden comprometer as posibilidades reais das pacientes de acceder a estes tratamentos dentro do sistema público. Ademais, a paralización deste servizo pode provocar que moitas persoas se vexan obrigadas a recorrer á sanidade privada, onde o custo destes procedementos pode superar os 19.000 euros.

Segundo a información trasladada polas persoas afectadas na rolda de prensa celebrada o 10 de marzo de 2026, o servizo estaría paralizado desde novembro de 2024 e varias parellas presentaron unha queixa colectiva ante a Valedora do Pobo denunciando a inactividade do Servizo Galego de Saúde e a falta de transparencia sobre a súa situación nas listas de espera. Así mesmo, sinalan que a paralización podería estar relacionada coa falta de profesionais especializados para realizar esta técnica, despois de que un proceso de selección aberto en 2025 quedase sen cubrir.

Ante a gravidade desta situación, resulta necesario que a Xunta de Galicia informe con claridade sobre o funcionamento da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a situación real das listas de espera para a realización desta proba e as medidas previstas para garantir o

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



acceso efectivo a este tratamento dentro do sistema sanitario público na área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe que emane da avaliación urxente da situación da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e en particular da realización da proba de diagnóstico xenético preimplantacional, que se presente no prazo dun mes perante o Parlamento galego.
2. Adoptar as medidas organizativas, de planificación e de reforzo de recursos humanos e materiais necesarias para garantir a realización dos procedementos de diagnóstico xenético preimplantacional no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago dentro de prazos compatibles cos criterios clínicos e cos dereitos das pacientes.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 12:05:29

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2026 12:05:36

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 12:05:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 12:05:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:20:18
Nº Rexistro: 53318
Data envío: 12/03/2026 12:20:18.838

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:20:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:20:18
Nº Rexistro: 53318
Data envío: 12/03/2026 12:20:18.838

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días a Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) fixo públicos testemuños de pacientes á espera de realización da proba de Diagnóstico Xenético Preimplantacional (DXP) na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS que denuncian demoras moi prolongadas para acceder a esta proba diagnóstica esencial dentro dos tratamentos de reprodución asistida.

Segundo a información trasladada pola asociación, existen pacientes que levan agardando entre 17 meses e ata catro anos desde a súa inclusión na lista de espera para a realización desta proba, con casos que se remontan ao ano 2022. As persoas afectadas denuncian ademais que a lista de espera estaría

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



actualmente paralizada sen horizonte temporal coñecido e sen información clara sobre a súa posición ou sobre os prazos previstos para iniciar o tratamento.

Esta situación resulta especialmente preocupante tendo en conta que o CHUS é centro de referencia para a realización desta proba e que, segundo os testemuños das pacientes, existiría unha insuficiente dotación de profesionais especializados, circunstancia que estaría provocando o bloqueo da actividade.

Cómpre lembrar que o diagnóstico xenético preimplantacional forma parte da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde e que estes tratamentos están sometidos a límites de idade, polo que as demoras prolongadas poden comprometer as posibilidades reais das pacientes de acceder a estes tratamentos dentro do sistema público. Ademais, a paralización deste servizo pode provocar que moitas persoas se vexan obrigadas a recorrer á sanidade privada, onde o custo destes procedementos pode superar os 19.000 euros.

Segundo a información trasladada polas persoas afectadas na rolda de prensa celebrada o 10 de marzo de 2026, o servizo estaría paralizado desde novembro de 2024 e varias parellas presentaron unha queixa colectiva ante a Valedora do Pobo denunciando a inactividade do Servizo Galego de Saúde e a falta de transparencia sobre a súa situación nas listas de espera. Así mesmo, sinalan que a paralización podería estar relacionada coa falta de profesionais especializados para realizar esta técnica, despois de que un proceso de selección aberto en 2025 quedase sen cubrir.

Ante a gravidade desta situación, resulta necesario que a Xunta de Galicia informe con claridade sobre o funcionamento da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a situación real das listas de espera para a realización desta proba e as medidas previstas para garantir o

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



acceso efectivo a este tratamento dentro do sistema sanitario público na área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar os recursos humanos e técnicos da unidade de reprodución asistida do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, garantindo a dispoñibilidade de profesionais especializados suficientes para evitar bloqueos asistenciais como os denunciados.
2. Garantir ás pacientes da área sanitaria de Santiago e Barbanza que se atopan en lista de espera para tratamentos de reprodución asistida ou para a realización do diagnóstico xenético preimplantacional información clara, accesible e actualizada sobre a súa situación nos rexistros de demanda asistencial e sobre os prazos estimados de realización dos procedementos clínicos.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 12:06:00

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2026 12:06:07

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 12:06:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 12:06:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:21:03
Nº Rexistro: 53320
Data envío: 12/03/2026 12:21:03,964

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 12:21:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 12:21:03
Nº Rexistro: 53320
Data envío: 12/03/2026 12:21:03,964

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A escalada do conflito no Oriente Medio e a crecente inestabilidade na rexión están a xerar unha forte incerteza económica internacional, con efectos potenciais sobre o comercio exterior, os custos enerxéticos, as cadeas de subministración e determinados sectores produtivos especialmente expostos aos mercados internacionais.

Galicia é unha economía fortemente aberta ao exterior. Centos de empresas galegas manteñen relacións comerciais con mercados internacionais que poden verse afectados pola evolución do conflito, polos eventuais peches de rutas comerciais, polos incrementos nos custos de transporte e enerxía ou polas posibles restricións comerciais que poidan derivarse da situación xeopolítica.

Nos últimos días, o Goberno galego realizou diversos anuncios públicos sobre o suposto seguimento da situación e sobre a afectación que podería ter para empresas galegas exportadoras.

Con todo, máis alá das declaracións e das mensaxes públicas, non se coñecen medidas concretas nin instrumentos específicos activados pola administración autonómica no marco das súas competencias.



Resulta especialmente preocupante que, fronte a un escenario internacional complexo e cambiante, o Goberno galego estea optando fundamentalmente por unha estratexia de comunicación baseada en trasladar toda a responsabilidade da resposta institucional ao Goberno de España, eludindo o exercicio das súas propias competencias exclusivas en materia de política industrial, apoio á internacionalización empresarial, promoción económica, comercio exterior ou seguimento sectorial.

O Goberno galego dispón de instrumentos propios —a través do Igape, das políticas de internacionalización, da planificación industrial ou dos mecanismos de diálogo cos sectores produtivos— que lle permitirían desenvolver unha estratexia activa de seguimento, avaliación de riscos e apoio ás empresas galegas potencialmente afectadas.

Nun contexto de incerteza internacional, as empresas e os sectores produtivos precisan información, coordinación institucional e medidas concretas de acompañamento. A propaganda e os anuncios sen contido real non substitúen a acción de goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e achegar ao Parlamento un informe específico de avaliación do impacto potencial do conflito no Oriente Medio sobre a economía galega, identificando os sectores e cadeas de valor máis expostos.
2. Mobilizar os instrumentos propios da Xunta de Galicia en materia de apoio á internacionalización, financiamento empresarial e promoción económica, co obxectivo de anticipar e mitigar os posibles efectos negativos da situación internacional.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



3. Activar un sistema de seguimento permanente da evolución da situación internacional e das súas consecuencias para as empresas galegas con actividade exportadora.
4. Establecer canles de diálogo e coordinación cos sectores produtivos e co tecido empresarial galego, especialmente cos máis dependentes do comercio exterior.
5. Colaborar co Goberno de España na adopción de medidas de resposta económica, sen eludir nin trasladar responsabilidades que corresponden ás competencias propias da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2026 13:17:38

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 13:17:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 13:17:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 13:19:56
Nº Rexistro: 53340
Data envío: 12/03/2026 13:19:56.876

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 13:19:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 13:19:56
Nº Rexistro: 53340
Data envío: 12/03/2026 13:19:56.876

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde das Pontes presta servizo a unha poboación significativa de nenos e nenas que requiren atención pediátrica continuada, preventiva e especializada. A planificación sanitaria debe garantir unha cobertura suficiente e estable deste servizo esencial, evitando situacións de interinidade ou carencias estruturais que comprometan a continuidade asistencial.

Na actualidade, a dotación de pediatría neste centro sanitario non responde ás necesidades reais da poboación, ao existir unha praza sen cubrir de maneira completa e non garantirse que a segunda praza dispoña de presenza diaria e permanente. Esta situación provoca dificultades no acceso á atención pediátrica,

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



sobrecarga asistencial e incerteza para as familias, ademais de vulnerar o principio de equidade territorial no acceso aos servizos sanitarios públicos.

A ausencia dunha planificación eficaz dos recursos humanos sanitarios por parte do Goberno galego está a xerar problemas reiterados en diferentes áreas sanitarias, especialmente no ámbito da atención primaria, onde a estabilidade dos equipos é clave para garantir unha atención de calidade e próxima á cidadanía. Resulta imprescindible adoptar medidas urxentes que aseguren a cobertura estrutural das dúas prazas de pediatría que corresponden ao Centro de Saúde das Pontes, garantindo a súa estabilidade e continuidade no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a cobertura inmediata, estable e permanente das dúas prazas estruturais de pediatría que corresponden ao Centro de Saúde das Pontes, asegurando que ambas contén con presenza diaria e continuada.
2. Adoptar as medidas organizativas e de planificación necesarias para evitar situacións de vacantes ou cobertura parcial no servizo de pediatría deste centro sanitario.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:05:40

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 17:05:46

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 17:05:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 17:06:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:07:33
Nº Rexistro: 53358
Data envío: 12/03/2026 17:07:33.124

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:07:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:07:33
Nº Rexistro: 53358
Data envío: 12/03/2026 17:07:33.124

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Na comarca do Salnés existe unha infraestrutura estratéxica para a mobilidade e para o desenvolvemento económico do territorio que depende directamente da Xunta de Galicia e que leva máis dunha década paralizada.

Trátase da autovía alternativa á PO-531, coñecida como VG-47. Este proxecto foi aprobado no ano 2008 e iniciou a súa execución no ano 2011. Porén, no ano 2012 o Goberno da Xunta presidido por Alberto Núñez Feijóo decidiu paralizar as obras, deixando a actuación sen continuidade.

Desde aquela, os proxectos redactados caducaron e non foron actualizados nin retomada a súa tramitación administrativa, polo que a infraestrutura segue sen avances e sen previsión de execución.

Cómpre lembrar que a VG-47 permitiría mellorar de maneira significativa a conectividade viaria da comarca e, en particular, facilitar unha conexión máis eficiente entre o Porto de Vilagarcía e a AP-9, sen necesidade de duplicar vías innecesarias. Ademais, a actuación permitiría recuperar o corredor Curro-Baión e garantir un acceso directo ao porto a través do concello de Meis.

A execución desta infraestrutura suporía importantes beneficios para o territorio, entre os que destacan a mellora da mobilidade, o reforzo da competitividade do

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Porto de Vilagarcía e unha menor afección sobre o territorio en comparación con outras alternativas.

Por todo isto, resulta necesario que a Xunta de Galicia recupere este proxecto estratéxico, actualice a súa documentación técnica e retome a súa tramitación co obxectivo de facelo realidade, así, queremos propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recuperar o proxecto da autovía VG-47, alternativa á estrada PO-531 e proceder á actualización dos proxectos técnicos e da documentación administrativa necesaria para a súa execución, co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o Porto de Vilagarcía e a AP-9 a través do corredor Curro-Baión e cun acceso directo ao porto polo concello de Meis.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/03/2026 17:01:23

Carlos López Font na data 12/03/2026 17:05:16

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:05:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/03/2026 17:05:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:09:18
Nº Rexistro: 53364
Data envío: 12/03/2026 17:09:18.860

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:09:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:09:18
Nº Rexistro: 53364
Data envío: 12/03/2026 17:09:18.860

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o Plan Estratéxico da Horta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A horta constitúe historicamente un dos piares da produción agraria de Galiza e un elemento esencial do noso sistema alimentario, da economía de moitas comarcas rurais e da conservación da biodiversidade agraria. A produción hortícola galega non só abastece mercados locais e comarcais, senón que representa tamén unha oportunidade estratéxica para avanzar cara a un modelo de soberanía alimentaria, xeración de emprego e fixación de poboación no medio rural.

Porén, a realidade do sector hortícola galego continúa marcada por importantes dificultades estruturais que levan décadas sen recibir unha resposta política á altura por parte da Xunta. O minifundismo, a dispersión da terra, a falta de planificación agraria, a escasa dimensión das explotacións, a dificultade para acceder á terra ou a posición de debilidade das produtoras e produtores fronte á gran distribución seguen condicionando gravemente o desenvolvemento do sector.

Neste contexto, a Xunta de Galiza presentou o denominado Plan Estratéxico da Horta de Galiza 2023-2030 como a folla de ruta para reforzar o sector. Con todo, unha análise detallada do documento evidencia que se trata máis dun exercicio de diagnóstico e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

declaración de intencións que dun verdadeiro instrumento transformador para o agro galego.

O plan identifica correctamente moitos dos problemas históricos do sector, mais evita abordar as causas estruturais que os provocan e, sobre todo, non incorpora medidas ambiciosas nin compromisos claros de investimento público que permitan mudar a realidade produtiva da horta galega.

Resulta especialmente preocupante que, malia falar de reforzar o sector, o documento non contemple instrumentos efectivos para garantir prezos xustos ás produtoras e produtores nin para reequilibrar a cadea alimentaria fronte ao enorme poder da gran distribución. Sen medidas que permitan que o valor engadido da produción quede no territorio, o futuro da horta continuará condicionado por marxes insuficientes e pola perda progresiva de explotacións.

Do mesmo xeito, o plan fai referencia á mobilización de terras agrarias, mais non establece mecanismos eficaces para facer fronte ao abandono de terras nin á crecente forestación produtiva que continúa expulsando actividade agraria en amplas zonas do país. Mentres a Xunta mantén un modelo territorial baseado na expansión do eucalipto e nunha política agraria subordinada ás directrices da PAC, resulta difícil falar dunha verdadeira estratexia para fortalecer a produción alimentaria propia.

Tampouco se observa unha aposta decidida pola soberanía alimentaria nin polo reforzo dos circuítos curtos de comercialización, nin se establecen políticas claras de compra pública de produto galego para comedores escolares, hospitais ou centros públicos, medidas que poderían supoñer un impulso inmediato para o sector.

En definitiva, o denominado Plan Estratéxico da Horta de Galiza nace cunha evidente falta de ambición política e corre o risco de converterse nun documento máis que





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

diagnostica problemas coñecidos pero que non ofrece solucións reais nin recursos suficientes para transformar o sector.

Galiza ten condicións excepcionais para desenvolver unha horta potente, diversificada e capaz de abastecer boa parte do consumo interno do país. O que falta non é potencial nin coñecemento agronómico, senón vontade política para poñer a produción alimentaria no centro das políticas públicas e para defender con decisión o futuro do noso campo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galiza debe instar á Xunta a adoptar medidas urxentes que permitan dotar de contido real unha política pública para a horta galega, garantindo a viabilidade económica das explotacións e apostando por un modelo agrario que priorice a produción de alimentos, o aproveitamento da terra e o desenvolvemento do medio rural.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar, con carácter urxente, un plan operativo de desenvolvemento do Plan Estratéxico da Horta que inclúa calendario de execución, dotación orzamentaria específica e obxectivos cuantificables.

2. Impulsar medidas efectivas para garantir prezos xustos ás produtoras e produtores de horta, reforzando os mecanismos de control da cadea alimentaria e combatendo prácticas abusivas da gran distribución.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Desenvolver unha política activa de mobilización de terras agrarias que priorice o uso produtivo da terra fronte á forestación especulativa, facilitando o acceso á terra a novas explotacións hortícolas.

4. Promover programas de incorporación de xente nova á produción hortícola, con apoio técnico, acceso á terra e instrumentos de financiamento adaptados ás características do sector.

5. Establecer programas de compra pública de produtos hortícolas galegos para abastecer comedores escolares, hospitais e outros centros dependentes da administración pública.

6. Impulsar a transformación e comercialización de produtos hortícolas no propio territorio, reforzando o papel das cooperativas e das estruturas colectivas de comercialización.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 12/03/2026 17:33:33

Ariadna Fernández González na data 12/03/2026 17:33:40

Secundino Fernández Fernández na data 12/03/2026 17:33:51

Luis Bará Torres na data 12/03/2026 17:34:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:35:45
Nº Rexistro: 53384
Data envío: 12/03/2026 17:35:45.836

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:35:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:35:45
Nº Rexistro: 53384
Data envío: 12/03/2026 17:35:45.836

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para prestar unha atención de calidade ás persoas doentes da Enfermidade de Huntington.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enfermidade de Huntington é unha enfermidade que está determinada xeneticamente. A mutación que produce a enfermidade depende do tamaño da expansión dunha zona do xene e, se a expansión é moi grande, a enfermidade aparece antes e é máis grave; se está nun rango máis baixo, a enfermidade aparece máis tarde. A idade de inicio medio é de 40, 45 anos, sendo ese o pico de maior incidencia. Hai unha distribución que pode ir desde idade infantil ata persoas anciás.

A enfermidade afecta ao cerebro e produce síntomas motores con corea (movementos), distonía, posicións anormais, perda de coordinación, lentitude, rixidez, parkinsonismo, inestabilidade postural así como problemas cognitivos e psiquiátricos.

Non hai ningún fármaco a día de hoxe que modifique o prognóstico, só hai tratamentos sintomáticos. Aproximadamente a metade das persoas afectadas están con tratamentos antidopaminérxicos e, xa sexa para tratar a corea ou para tratar síntomas de conduta ou ámbalas dúas cousas, tamén están con fármacos antipsicóticos.

O grao de supervivencia pode ser variable, máis ou menos uns 20 anos. Polo xeral, a morte acostuma producirse por accidente, como unha caída ou unha pneumonía por aspiración. Os datos de prevalencia no Estado español, segundo o rexistro de enfermidades raras, son de 1.594 casos. Hai estudos de prevalencia por comunidades



pero probablemente os datos estean nesgados, porque ou ben non se contabilizan como tal as persoas doentes de Huntington ou a enfermidade non figura como tal no diagnóstico.

A Enfermidade de Huntington é unha enfermidade moi complexa, porque a cantidade de síntomas que aglutina é realmente extensa e, ademais, afecta áreas moi comprometedoras da calidade de vida das persoas afectadas: ten un impacto condutual, un impacto cognitivo e un impacto psíquico, polo que ven moi diminuídas as súas capacidades funcionais.

Esta é unha enfermidade hereditaria xenética e, ademais, neurodexenerativa. Isto supón que é moi raro que, nunha familia con Huntington, se atope só unha persoa afectada. É unha enfermidade de xeracións, de persoas que coidan pero tamén que xa coidaron a xeracións anteriores, ou están coidando ao seu home/muller, e quizais ao mesmo tempo a un fillo ou filla, sabendo que ao mellor hai netos ou netas coa posibilidade de herdar esta mesma enfermidade. Isto unido a unha esperanza de vida de entre 15/20 anos, fai que o panorama que teñen estas familias por diante é devastador, xa que convivir con todos estes síntomas é realmente un reto.

Neste momento non existe ningún tratamento que cure a enfermidade, pero tamén é certo que a calidade de vida das persoas con Huntington vese directamente influenciada polos coidados, atencións e servizos aos que poden optar. É unha enfermidade que, incluso se a día de hoxe estás san, condiciona a túa vida, porque vivir sabendo que tes un 50% de probabilidades de herdar esta patoloxía e estar vendo sufrir e deteriorarse á persoa ou unha das persoas que máis queres, condiciona profundamente a túa saúde emocional, mental e os teus plans de vida. Ese manexo da incerteza, someterse ou non a un test predictivo para saber se nun futuro vas desenvolver a enfermidade, sen saber cando nin de que maneira, planificar se vas ter descendentes ou non.... é extremadamente difícil.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe, existen probas xenéticas dispoñíbeis e fiábeis a nivel de diagnóstico e a nivel predictivo nas comunidades autónomas, incluída Galiza; tamén hai programas de asesoramento xenético para a Enfermidade de Huntington. Existe a posibilidade de acceder a técnicas de reprodución asistida con diagnóstico xenético pre-implantación en todo o Estado; coa incorporación da eutanasia ao sistema de saúde xa houbo pacientes con esta enfermidade que puideron exercer ese dereito.

Pero seguen quedando moitos cuestións sen atender, por exemplo, a nivel asistencial, esta enfermidade é unha das neurodexenerativas para a que un menor número de comunidades autónomas teñen implantados e operativos programas integrais de atención. Atopámonos tamén cos altos tempos de espera para a valoración dos graos de discapacidade e dependencia. Non hai plans individualizados de atención as persoas doentes, nin programas de rehabilitación específicos que axuden a minorar os problemas de desenvolvemento na súa vida cotián.

Ao igual que coa ELA se ten demostrado un forte compromiso e unha capacidade de acción que cambiou a abordaxe desta enfermidade, que tamén é minoritaria, as persoas e familias afectadas pola Enfermidade de Huntington fan un chamamento para que poidan recibir ese mesmo trato xusto, necesario e que supón un dereito asistencial.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a poñer en marcha todas as accións precisas para prestar unha atención integral, multidisciplinar e de calidade as persoas con Enfermidade de Huntington:

1. Creación dunha Rede de Atención Integral e Multidisciplinar:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Establecer centros de referencia especializados en EH con equipos formados por neurólogos, psiquiatras, psicólogos, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais e traballadores sociais.

b) Garantir o acceso a tratamentos farmacolóxicos e rehabilitación motora, cognitiva e da fala en todas as fases da enfermidade.

2.- Formación Especializada para Profesionais Sanitarios e Sociais.

3.- Reforzo do Apoio Psicológico e Grupos de Axuda Mutua.

a) Incorporar psicólogos especializados en enfermidades neurodexenerativas no sistema público de saúde.

b) Financiar programas de apoio psicológico para doentes e familiares, así como grupos de axuda mutua.

4.- Promoción da autonomía e axudas técnicas, cadeiras de rodas, dispositivos de comunicación, adaptacións do fogar e terapias de rehabilitación.

5.- Coordinación Sociosanitaria e Atención a Fases Avanzadas.

6.- Creación dun Rexistro Galego da Enfermidade de Huntington, que permita coñecer a prevalencia real, planificar recursos e facilitar a investigación epidemiolóxica.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2026 18:06:25

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 18:06:34

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2026 18:06:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:10:03
Nº Rexistro: 53408
Data envío: 12/03/2026 18:10:03,189

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:10:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:10:03
Nº Rexistro: 53408
Data envío: 12/03/2026 18:10:03,189

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53488
Data envío: 16/03/2026 14:07:08,036

Asinado o día 16/03/26
14:00
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do presidente da Xunta de Galiza** sobre as medidas que vai impulsar o Goberno Galego ante as consecuencias económicas para as maiorías sociais e os sectores produtivos estratéxicos de Galiza por mor do impacto da guerra imperialista dos Estados Unidos no Irán.

Asinado o día 16/03/2026 ás
13:59
Por Daniel Castro García

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2026

Asinado o día 16/03/2026 ás
13:59
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2026 13:59:39
Daniel Castro García na data 16/03/2026 13:59:50
Luis Bará Torres na data 16/03/2026 14:00:10
Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2026 14:00:23
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/03/2026 14:00:30
Paulo Ríos Santomé na data 16/03/2026 14:00:49
Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2026 14:02:41
Ariadna Fernández González na data 16/03/2026 14:02:51
Iria Carreira Pazos na data 16/03/2026 14:02:57
José Manuel Golpe Acuña na data 16/03/2026 14:03:06
Secundino Fernández Fernández na data 16/03/2026 14:03:13
Carmela González Iglesias na data 16/03/2026 14:03:24
Sonia Vidal Lamas na data 16/03/2026 14:03:33
Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/03/2026 14:03:39
Saleta Chao Rivas na data 16/03/2026 14:03:45
Óscar Insua Lema na data 16/03/2026 14:03:53
María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2026 14:04:02
Ramón Fernández Alfonso na data 16/03/2026 14:04:11
Alexandra Fernández Gómez na data 16/03/2026 14:04:22
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/03/2026 14:04:33
Mercedes Queixas Zas na data 16/03/2026 14:04:43
Cristina Fernández Davila na data 16/03/2026 14:04:49,16/03/2026 14:04:58
Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2026 14:05:04
Iago Suárez Fernández na data 16/03/2026 14:05:10
Iria Taibo Corsanego na data 16/03/2026 14:05:17



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 14:07:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53488
Data envío: 16/03/2026 14:07:08.036

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Solicitud de comparencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para informar sobre **"a modernización do modelo de Formación Profesional de Galicia"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
16/03/2026 15:21:47

195147



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 15:22:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53490
Data envío: 16/03/2026 15:22:01.728

CSV: BOPGDSPG-PMVJ33N1k-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

